


MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S. L.



PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR Nº 10 DE SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL

SITUACIÓN: OROSO. A CORUÑA

PROMOTOR: CONCELLO DE OROSO

ARQUITECTO: D. ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ.

DATA: MAIO DE 2008

MEMORIA

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

- 1.1.- OBXECTO DO PROXECTO. PROMOTOR E EQUIPO REDACTOR
- 1.2.- ANTECEDENTES. REFERENCIAS LEGAIS
- 1.3.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE NA FORMULACIÓN DO PLAN

2.- MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO

- 2.1.- LOCALIZACIÓN
- 2.2.- XEOMORFOLOXÍA. TOPOGRAFÍA E RELEVO
- 2.3.- CLIMA
- 2.4.- HIDROLOXÍA
- 2.5.- VEXETACIÓN E USOS DO SOLO
- 2.6.- ESTRUTURA DA PROPIEDAD DO SOLO
- 2.7.- EDIFICACIÓNS E DOTACIÓNS EXISTENTES
- 2.8.- REDE VIARIA EXISTENTE
- 2.9.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES
- 2.10.- ASENTAMENTOS DO ENTORNO DA ACTUACIÓN
- 2.11.- PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL
- 2.12.- A PAISAXE

3.- MEMORIA XUSTIFICATIVA E DESCRITIVA

- 3.1.- DETERMINACIÓNS DO PLAN XERAL DE OROSO
- 3.2.- CONSIDERACIÓNS DA LEXISLACIÓN SECTORIAL
- 3.3.- DELIMITACIÓN ADAPTADA DO SECTOR E DA ÁREA DE REPARTO
- 3.4.- CONDICIONANTES DE DESEÑO. DETERMINACIÓNS PARA A INTEGRACIÓN COS ELEMENTOS VALIOSOS DA PAISAXE E DA VEXETACIÓN
- 3.5.- CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL. CESIÓNS DE SOLO E APROVEITAMENTO
- 3.6.- REDE VIARIA PROPOSTA. CONEXIÓNS COA ESTRADA NACIONAL
- 3.7.- ZONIFICACIÓN, USOS E NIVEIS DE INTENSIDADE
- 3.8.- REDES DE URBANIZACIÓN PROPOSTAS. INFRAESTRUTURAS EXTERIORES DE CONEXIÓN.
- 3.9.- SISTEMA DE ACTUACIÓN
- 3.10.- APROVEITAMENTO TIPO E COEFICIENTES DE PONDERACIÓN DE USOS E TIPOLOXÍAS
- 3.11.- RELACIÓN DE PARCELAS E SUPERFICIES AFECTADAS
- 3.12.- CADRO RESUMO DE CARACTERÍSTICAS

4.- PLAN DE ETAPAS E PRAZOS DE EXECUCIÓN

5.- AVALIACIÓN ECONÓMICA DA ACTUACIÓN

6.- NORMATIVA URBANÍSTICA

6.1.- NORMAS XERAIS

- ART. 1.- NATUREZA, ÁMBITO E VIXENCIAS
- ART. 2.- RELACIÓN CO P.X.O.M. DE OROSO
- ART. 3.- ALCANCE NORMATIVO DOS DOCUMENTOS
- ART. 4.- MODIFICACIÓNS
- ART. 5.- DESENVOLVEMENTO OBRIGATORIO
- ART. 6.- ESTUDOS DE DETALLE
- ART. 7.- EXECUCIÓN
- ART. 8.- SISTEMA DE ACTUACIÓN
- ART. 9.- DEFINICIÓNS

6.2.- NORMAS COMÚNS DE EDIFICACIÓN

- ART. 10.- PARÁMETROS E DETERMINACIÓNS REGULADORAS
- ART. 11.- CONDICIÓNS XERAIS DE USO
- ART. 12.- LIÑAS DE EDIFICACIÓN
- ART. 13.- SUPERFICIE EDIFICABLE
- ART. 14.- SOTO
- ART. 15.- CUBERTAS
- ART. 16.- CONDICIÓNS DOS PECHES

6.3.- NORMAS PARTICULARES APLICABLES ÁS ZONAS

- ART. 17.- ORDENANZA 1. ACTIVIDADES INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE ALMACENAXE
- ART. 18.- ORDENANZA 2. ESTACIÓN DE SERVIZO
- ART. 19.- ORDENANZA 3. COMERCIAL EXCLUSIVO
- ART. 20.- ORDENANZA 4. EQUIPAMENTO SOCIAL
- ART. 21.- ORDENANZA 5. EQUIPAMENTO DEPORTIVO
- ART. 22.- ORDENANZA 6. ESPAZOS LIBRES
- ART. 23.- ORDENANZA 7. SISTEMA VIARIO
- ART. 24.- ORDENANZA 8. SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS
- ART. 25.- ORDENANZA 9. SOLO DE RESERVA DE INFRAESTRUTURAS

6.4.- NORMAS DE URBANIZACIÓN

- ART. 26.- OBRIGATORIEDADE
- ART. 27.- OBXECTO E ALCANCE DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN
- ART. 28.- CONTIDO DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN
- ART. 29.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN
- ART. 30.- CONDICIÓNS E TRATAMENTO DA REDE VIARIA
- ART. 31.- CONDICIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA
- ART. 32.- CONDICIÓNS DO SANEAMENTO
- ART. 33.- CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO DA ENERXÍA ELÉCTRICA
- ART. 34.- CONDICIÓNS DA INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO
- ART. 35.- CONDICIÓNS DA REDE DE TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓNS
- ART. 36.- CONDICIÓNS DA REDE DE GAS
- ART. 37.- CONDICIÓNS E TRATAMENTO DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES
- ART. 38.- RECOLLIDA DE LIXO
- ART. 39.- MOBILIARIO URBANO
- ART. 40.- CONSERVACIÓN DA URBANIZACIÓN

6.5.- CONDICIÓN TÉCNICAS DAS OBRAS EN RELACIÓN COAS VÍAS E SERVIZOS

ART. 41.- DANOS ÁS VÍAS OU SERVIZOS MUNICIPAIS

ART. 42.- OBRAS QUE AFECTAN A SERVIZOS PÚBLICOS

ART. 43.- ACOPIO DE ESCOMBROS E MATERIAIS

ART. 44.- ESTADAS E MATERIAL AUXILIAR

ART. 45.- VALADO DE OBRAS

6.6.- CONDICIÓN AMBIENTAIS, HIXIÉNICAS E ESTÉTICAS

ART. 46.- CAUTELAS E CONDICIONANTES PARA A PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE NA FASE DE URBANIZACIÓN E OBRAS EXTERIORES

ART. 47.- CONDICIÓN ESIXIBLES ÁS AUGAS RESIDUAIS E AOS SISTEMAS DE DEPURACIÓN

ART. 48.- CONDICIÓN ESIXIBLES EN RELACIÓN ÁS EMISIÓN DE GASES OU OUTROS CONTAMINANTES Á ATMOSFERA.

ART. 49.- CONDICIONANTES ESIXIBLES EN RELACIÓN ÁS EMISIÓN DE RÚIDO E VIBRACIÓN

ART. 50.- XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS

ART. 51.- CONDICIÓN ESTÉTICAS, DE SALUBRIDADE E ORNATO ESIXIBLES A PARCELAS, EDIFICIOS E INSTALACIÓN.

ART. 52.- AFORRO ENERXÉTICO E DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE ENERXÍA.

6.7.- NORMAS DE PARCELACIÓN E ORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

ART. 53.- XENERALIDADES

ART. 54.- AGRUPACIÓN DE PARCELAS

ART. 55.- SEGREGACIÓN DE PARCELAS. PARCELA MÍNIMA

ART. 56.- PROPIEDAD HORIZONTAL

7.- ÍNDICE DE PLANOS

ANEXO 1: XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 8/1997 DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E O REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (D. 25/2000, DO 28 DE XANEIRO).

ANEXO 2: ESTUDO DE ANTEPROXECTO DE VÍA EXTERIORES. LISTADO DE ALIÑACIÓN.

ANEXO 3: TRABALLO DE PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA.

ANEXO 4: PLAN DE SEGUIMENTO AMBIENTAL.

1.- **INTRODUCCIÓN**

1.1.- OBJETO DO PROXECTO. PROMOTOR E EQUIPO REDACTOR

O presente proxecto constitúe o Plan Parcial de ordenación do sector nº 10 de solo urbanizable industrial no Concello de Oroso.

O órgano promotor do Plan é o Concello de Oroso, conforme ás previsións que sobre este sector veñen detalladas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O traballo ven dado tralo fallo do concurso público onde se adxudica a empresa MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L. O documento é asinado polo técnico:

ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

ARQUITECTO SUPERIOR

N.I.F.: 32.426.463-M

Colexiado no C.O.A.G. delegación A Coruña, co nº 779

Domicilio. Rúa Padre Feijoo 9-1º. 15004 A Coruña

Teléfono: 981 12 25 89

Fax: 981 12 23 25

e-mail: montearq@mundo-r.com

1.2.- ANTECEDENTES. REFERENCIAS LEGAIS

O Plan parcial fórmulase segundo as indicacións que sobre contido e determinacións esixen os artigos 65 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 57 e seguintes do Regulamento de Planeamento.

A referencia legal máis inmediata atópase no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso, aprobado definitivamente por orden do 16 de febreiro de 2005, tendo sido publicado o texto normativo no B.O.P. nº 63 de 18 de marzo de 2007.

O Plan Xeral de Oroso foi tramitado e aprobado ao abeiro da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O réxime aplicable ao solo urbanizable ven recollido no artigo 9.2.1. e seguintes do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso, en consonancia co artigo 21 da Lei 9/2002.

1.3.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE NA FORMULACIÓN DO PLAN

A creación de solo industrial en Oroso iniciouse coas anteriores Normas Subsidiarias de Planeamento e a delimitación dun SAU que hoxe en día está xa en servizo tras rematarse as obras de urbanización.

O Plan Xeral estableceu novas áreas de desenvolvemento para as actividades empresariais, delimitando tres sectores de uso industrial e un de uso terciario e comercial. Os sectores números 8, 9 e 10 estruturáronse no primeiro cuatrienio de vixencia do Plan. O sector nº 11 quedou reservado para o segundo cuatrienio e condicionado o seu desenvolvemento á previa execución dos primeiros.

O Concello de Oroso iniciou a tramitación do sector nº 8 con carácter prioritario trala aprobación definitiva do Plan Xeral, estando actualmente aprobado o documento de equidistribución do mesmo (Resolución de alcaldía de 16-05-2007).

Así as cousas e seguindo a Estratexia de Actuación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, tócalle a vez ao sector nº 10, do cal despréndese a seguinte programación:

Estratexia e condicionantes dos Sectores nº 9 e nº 10 de Solo Urbanizable

O Concello de Oroso asume o impulso e desenvolvemento de ambos Sectores mediante o sistema de cooperación conforme ao seguinte programa:

- O Concello formulará o planeamento de desenvolvemento de ambos sectores para proceder á súa tramitación antes de finalizar o segundo ano de vixencia do Plan Xeral.*
- Unha vez aprobado o planeamento de desenvolvemento, o Concello tramitará os proxectos de cooperación e urbanización durante os seis (6) meses seguintes.*
- As obras de urbanización interiores aos sectores así como as redes e infraestruturas exteriores de conexión serán executadas antes de finalizar o primeiro cuatrienio de vixencia do Plan Xeral.*
- Os soares serán edificadas no prazo máximo de dous (2) anos dende a recepción das obras de urbanización por parte do Concello.*

Ambos sectores teñen condicionado o seu desenvolvemento á execución do abastecemento de auga (SXIS-2).

O sector nº 9 ademais, vese condicionado pola realización da rede integral de saneamento entre Sigüeiro e Trasmonte (SXIS-4). Previa ou simultaneamente debe garantirse a mellora das infraestruturas viarias de reforzo e conexión (SXV-5 e SXV-8).

O sector nº 10 debe resolver previa ou simultaneamente a depuración de augas residuais (SXIS-6) así como a mellora da infraestructura viaria (SXV-9 e SXV-6).

Se o sector nº 10 se desenvolve antes que o sector nº 9, debe resolve-la conexión (SXV-5) previa ou simultaneamente ás obras de urbanización.

2.- MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO

2.1.- LOCALIZACIÓN

Os terreos que conforman o sector nº 10 de solo urbanizable sitúanse na parroquia de Oroso, a unha distancia de 1.500 m ao norte do núcleo urbano de Sigüeiro.

O sector atópase entre a estrada nacional N-550 e os regos da Pena e Vilacide.

Linda ao norte, ao sur e ao oeste con camiños de concentración parcelaria. Polo leste linda coa estrada N-550.

2.2.- XEOMORFOLOXÍA. TOPOGRAFÍA E RELEVO

O ámbito localízase nun contexto xeomorfolóxico caracterizado polas superficies de erosión do macizo de Ordes. Trátase dunha unidade morfolóxica sobre xistos metamórficos precámbricos que sufriu unha forte erosión resultando unhas superficies aplanadas ou de suaves abas.



Os terreos do sector atópanse a unha altitude de 250 m sobre o nivel do mar. Forman parte dunha pequena dorsal encaixada entre dous cursos de auga de escasa entidade, o Rego da Pena e o Rego de Vilacide. O terreo preséntase en suave aba cunha pendente media do 5%. A súa forma é convexa con abas orientadas aos cuadrantes noroeste e suroeste. Carece de elementos xeomorfolóxicos destacables, sendo a homoxeneidade a súa característica principal.

2.3.- CLIMA

O ámbito de estudo localízase en zona de clima oceánico hiperhúmido, cunha temperatura media anual que oscila entre os 12-13°C, unha amplitude térmica media de 11°C e extrema entre 18° e 20°C.

O valor máximo de temperatura media mensual rexístrase no mes de xullo, con 18,3°C e o valor mínimo, con 7,1°C, rexístrase no mes de xaneiro.

A precipitación anual acumulada aproxímase aos 2.000 mm, por riba do valor medio de Galicia (1.400 mm), sendo un dos máis elevados da provincia da Coruña.

Os meses de xuño, xullo e agosto son os máis secos, 10,6% da precipitación anual, mentres que o período de outubro a maio rexistra o 85% da precipitación anual.

Os terreos do sector, debido a súa altitude e orientación, soportan un microclima ou variante respecto aos datos comarcais arriba indicados, tendendo á suavidade térmica.

2.4.- HIDROLOXÍA

O termo municipal de Oroso atópase na conca hidrográfica do Río Tambre.

Os terreos do sector pertencen á conca do Río Lengüelle, o cal se atopa co Tambre na súa marxe dereita entre os límites municipais de Trazo, Oroso e Santiago.

Conforme ao Plano de Información Hidrolóxico do Plan Xeral de Ordenación Municipal, o ámbito do sector pertence, á súa vez, á subconca do Rego da Pena, o cal ten un canle tributario, o Rego de Vilacide, os cales rodean e pechan ao sector.



Un 25% da superficie do sector pertence á subconca do Rego de Vilacide, a superficie restante verte ao Rego da Pena.

O extremo surlleste do sector é cruzado pola cabeceira do Rego de Vilacide.

En xeral, os terreos pertencentes ao sector, pola súa condición morfolóxica convexa, atópanse saneados e libres de encanamentos.

2.5.- VEXETACIÓN E USOS DO SOLO

A área de actuación encádrase, segundo o esquema corolóxico de Ribas-Martínez (1987) en:

- Rexión Eurosiberiana
 - Provincia Cántabro-atlántica
 - sector Galaico-portugués
 - Subsector compostelán

A esta zona de estudo corresponde unha vexetación climática de carballeira acidófila colina galaico-portuguesa de Rusco aculeati - Quercetum roboris.

Estas carballeiras están presentadas por menos de 60 especies, 25 delas características: Quercus robur, Castanea sativa, Frangula alnus, Laurus nobilis, Hedera helix, Pteridiun aquilinun.

Pero o proceso ancestral de poboamento e o uso que o home deu ao solo, produciu unha transformación profunda da cobertura vexetal orixinal.

Conforme se expresa no Plano de Información de Usos do Solo, inventariáronse os seguintes usos de solo e cobertura vexetal na área de actuación:

- Matoqueira:

A presenza do mato débese xeralmente ás accións antrópicas como talas, rozas, pastoreo, etc., pola extensión artificial realizada polos campesiños dedicados de forma tradicional para a produción de toxo para a súa transformación en estrume ou cama para o gando, ou simplemente polo abandono dos predios por parte dos seus propietarios, entando nun proceso de degradación. Son, polo tanto, unidades ambientais antropizadas. As especies características son:

Ulex europaeus L.

Erica ciliaris

Erica tetralis

Daboecia cantábrica

Calluna vulgaris

Lithodora prostrata

Halimium alessoides

Agrostis curtisii



No interior do sector, o mato representa un 18% da superficie total.

- Bosque caducifolio:

A presenza de carballeiras na área de estudo débese ao proceso de abandono dos labores agrícolas e, polo tanto, ao proceso de naturalización e a recuperación das especies potenciais.



No interior do sector, a presenza de bosque caducifolio é anecdótica, localizándose nunhas poucas parcelas.

Destaca-la presenza dun exemplar de carballo (*quercus robur*) cuxo porte e antigüidade merece que sexa protexido e integrado na ordenación do sector.

- Terreos con árbores de crecemento rápido:

Os bosques artificiais son abundantes na zona de estudo. Na parroquia de Oroso as especies de repoboación máis empregadas son os piñeiros (*Pinus negra*, *Pinus pinastre*). No interior do sector existen unhas cinco fincas dedicadas a estes cultivos, representando un 27% da superficie total do sector.



- Terras de labor:

A área de estudo sitúase nas proximidades dos asentamentos de orixe tradicional de Oroso-A Pena e Vilacide. Aínda que os labores agrícolas están hoxe en día en proceso de recesión, recoñécense algunhas leiras destinadas a cultivos para a forraxe do gando (millo, herba). As terras de cultivo representan un 34% da superficie total do sector.

- Vexetación de ribeira, prados naturais e braña:

Recoñécense estas unidades de vexetación na beira do Rego da Pena. Son terreos húmidos, regados polo canle e, debido á pouca pendente do chan, presentan un nivel freático alto.

A vexetación típica e autóctona é a do bosque de ribeira ou ripsilva, o cal se dispón en forma de orla seguindo a traza do canle e formando unha galería nos casos en que o home aproveita o solo para prados.



Nestas formacións distínguese polo tanto un estrato arbóreo representado polas alisedas (*alnus glutinosa*, *fraxinus excelsior*, *betula alba*, *salix atrocinerea*, etc ...) e un estrato herbáceo onde dominan os xeófitos, felgos. Tamén destacan as especies de matos de herbáceas graminiformes como os xuncais típicos das áreas brañentas ou asolagables.

Estas unidades atópanse na área de solo rústico adscrita ao sector e destinada a sistema xeral de espazo libre público.

2.6.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD DO SOLO

A estrutura da propiedade actual é resultado do proceso de concentración parcelaria levada a cabo a principios da década dos anos 80.



Existe unha estrutura de parcelas de forma regular apoiada nunha armazón viaria de carácter ortogonal que adopta unha directriz nordeste –suroeste. Unicamente as parcelas situadas no bordo do Rego da Pena presentan formas irregulares debido a súa adaptación á morfoloxía do canle.

O tamaño medio de parcela é de 7.500 m².

2.7.- EDIFICACIÓNS E DOTACIÓNS EXISTENTES

No interior do sector existen dous enclaves edificadas. No extremo nordeste (parcelas 1.179 e 1.180) localízanse un conxunto de edificacións industriais, hoxe en desuso e en estado de ruína. Na parte surleste do sector (parcelas 1.190 e 1.191) existen dous enclaves industriais activos, compostos por unha central de produción de formigóns e unha industria de carpintaría.



En terreos situados fóra do ámbito pero lindando con este, localízanse dúas dotacións públicas: o cemiterio e o campo de fútbol da parroquia de Oroso. A zona do campo de fútbol ten un ámbito de espazo libre ou zona verde utilizado como campo da festa. Estes enclaves localízanse ao nordeste do sector.



2.8.- REDE VIARIA EXISTENTE

A rede viaria existente na área de estudo componse dun conxunto de infraestruturas de importancia subrexional, estrada nacional N-550 e autoestrada AP-9, que vertebran o eixe atlántico norte-sur e unha rede viaria municipal xurdida do proceso de concentración parcelaria.

Existe, polo tanto, un forte contraste cualitativo entre as infraestruturas supramunicipais e a rede local municipal.



O sector linda, no seu bordo leste, coa estrada N-550, se ben, os futuros accesos se realizarán dende os encontros previstos no P.X.O.M. utilizando as vías municipais existentes cualificadas polo Plan Xeral de sistema xeral viario.

Estas vías municipais, herdanza como dicimos, das pistas da concentración parcelaria, presentan unhas características técnicas limitadas, tanto de sección transversal (4-5 m) como de capacidade portante (aglomerado asfáltico).

Como se verá máis adiante, é determinación do Plan Xeral a mellora e reforzo destes viarios así como os encontros coa estrada N-550.

2.9.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS EXISTENTES

Para poder determina-lo conxunto de redes de infraestruturas que van subministrar e dar servizo ao polígono industrial, é preciso realizar previamente un inventario das existentes na área de estudo.

- Rede de electricidade:

No entorno do sector existen dúas liñas aéreas de alta tensión, unha de 66 Kv que une Mesón do Vento con Santiago e outra de 15 Kv encargada de dar subministro en media tensión ás parroquias de Oroso, Trasmonte e Deixebre. Ámbalas dúas atravesan os terreos do sector en dirección norte – sur.

Recentemente construíuse unha subestación na liña de 66 Kv, situada no lugar de Alto de Vilanova, a escasa distancia do sector.

A compañía que opera na zona é Unión-Fenosa.

- Rede de abastecemento de auga:

A rede pública de abastecemento existente e que dará subministro ao sector descorre seguindo o trazado da estrada N-550.

A rede está formada por dous tubos de PVC Ø 125 a cada lado da estrada. Na rede hai unha presión de 6 kg e un caudal continuo de 21 litros/seg.

O Plan Xeral contempla dar subministro dende a rede existente mediante novas conducións que descorren polos viarios de acceso ao sector.

- Rede de saneamento de augas residuais:

Está proxectada unha liña de saneamento de augas fecais ao longo da estrada N-550 que recolle as augas dos asentamentos situados no bordo da calzada e as leva á EDAR de Sigüeiro. Estará formada por un tubo de Ø310 en PVC e tres bombeos que impulsan as augas nos tramos ascendentes.

Esta infraestrutura represéntase no plano de información de infraestruturas existentes. A execución da obra atópase en fase de licitación por parte do Concello de Oroso

- Rede de telefonía e telecomunicacións:

Na zona do entorno da actuación operan as compañías “R” e “Telefónica”.

A compañía “R” ten tendido o seu cableado pola mediana da autoestrada a A Coruña – Santiago.

A compañía “Telefónica” ten a infraestrutura na beira da estrada N-550.

- Rede de recollida de residuos sólidos urbanos:

O servizo municipal de recollida de lixo faise en virtude do contrato de concesión coa empresa SERVIZOS, OBRAS E LIMPEZAS, S.A.

Este servizo inclúe a recollida selectiva de orgánicos e inertes, así como a recollida dos contenedores específicos de vidro e papel.

A empresa ten autorización para a recollida de RSU, vidro, voluminosos, equipos eléctricos e electrónicos sen CFC, papel-cartón e metais.

- Transporte público:

O Concello de Oroso non ten servizo de transporte público municipal, no entanto pertence á área metropolitana de Santiago e benefíciase da rede de transporte intercomarcal o que supón a existencia dunha liña entre Sigüeiro e Santiago.

Operan dúas empresas concesionarias, Autos Garabanxa e Mombús, con 12 traxectos ao día.

Outras liñas a ter en conta son os traxectos entre A Coruña e Santiago utilizando a estrada N-550. Existen paradas en Sigüeiro, Alto de Vilanova e San Martiño de Oroso. A frecuencia de viaxe é de cada hora.

2.10.- ASENTAMENTOS DO ENTORNO DA ACTUACIÓN

O sector de solo urbanizable sitúase entre os asentamentos de Oroso-A Pena e Vilacide. Outro asentamento próximo é O Alto de Vilanova, situado na estrada N-550, ao sur do sector.

Os núcleos de Oroso-A Pena e Vilacide son de orixe tradicional, se ben o núcleo de Oroso, en especial, presenta maior grao de alteración debido á influencia da estrada, que provocou o posterior crecemento nas súas marxes.

Ámbolos dous núcleos están clasificados de núcleo rural polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O asentamento do Alto de Vilanova é de recente formación e desenvólvese, na súa totalidade as beiras da estrada N-550.

Conforme aos datos do derradeiro censo dispoñible, a poboación destes asentamentos é a seguinte:

- A Pena-Oroso (A Igrexa)257 hab.
- Vilacide-Estación de Oroso 163 hab.
- Vilanova161 hab.

2.11.- PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

Na área de estudo localízase un conxunto de elementos catalogados e inventariados como bens de interese histórico e cultural.

No apartado de arqueoloxía existen tres castros inventariados e coas correspondentes áreas de protección establecidas (área de protección integral e zona de respecto)

GA 15060017 "Castro de Meixede"

GA 15060018 "Castro de Oroso Pequeno"

GA 15060019 "Castro de Vilacide"

Todos eles fóra do ámbito do sector e a unha distancia que fai supor que a actuación pretendida non vai causar alteración ao contexto inmediato dos mesmos.

Como Anexo a esta Memoria figura un traballo de prospección intensiva dos terreos do sector e a súa zona de influencia que inclúe unhas conclusións en relación ás medidas a adoptar no proceso de desenvolvemento do polígono industrial.

No apartado de arquitectura e elementos etnográficos, o catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso ten inventariados catro elementos, todos eles no núcleo rural de Oroso (A Igrexa):

Código 1.4. Igrexa parroquial de San Martiño de Oroso

Código 2.4. Cruceiro do adro de San Martiño de Oroso

Código 5.8. Casa reitoral de San Martiño de Oroso

Código 6.2. Conxunto de arquitectura popular formado por casa e alpendres na Igrexa

Durante a fase de traballo de campo e inspección aos terreos do sector non se atopou ningún elemento ou indicio susceptible de protección.

No traballo de prospección arqueolóxica inventariáranse dous muíños na marxe dereita do Rego da Pena e unha canteira de xisto nas proximidades do cemiterio. Todos eles fóra do ámbito de actuación.

2.12.- A PAISAXE

A paisaxe da área de estudo encaixa no contexto da paisaxe das agras coruñesas co matiz dun contexto xeomorfolóxico caracterizado pola suavidade orográfica e a ausencia de elementos topográficos sobresaíntes. O resultado é unha paisaxe tranquila e moi chá, que se percibe en plans de visión próximos.

O Plan Xeral de Oroso incorpora unha análise da paisaxe na cal é obxecto de valoración, entre outras, a área de intervisibilidade de Vilacide, na conca do Río Lengüelle. Das conclusións do estudo despréndese a non existencia de valores especiais da área, tanto pola pobre configuración xeométrica da conca como pola ausencia de elementos destacables do fenosistema.

O caso é que a zona onde se localiza o sector sitúase nunha área de intervisibilidade onde a reciprocidade de punto visibles é moi escasa motivado por unha topografía suave e abas convexas de pouca pendente.

As zonas con máis puntos de intervisibilidade sitúanse fóra do sector e coinciden coas cotas baixas das concas dos regos da Pena e Vilacide. En moitos casos, a existencia ou non de arboradura determina a intervisibilidade.



Entre os elementos que integran o fenosistema, destacan os seguintes:

- Físicos:

Xeomorfoloxía suave, sen accidentes, nin elementos destacados da xea.

- Bióticos:

A vexetación é protagonista, nas súas diferentes manifestacións, na meirande parte, froito da acción humana (cultivos e plantacións). Destaca a vexetación de ribeira, fóra do sector polas súas calidades cromáticas (estacionalidade) e textura.

- Antrópicos:

Os elementos de orixe antrópica son determinantes na percepción da paisaxe. O orde cartesiano establecido pola concentración parcelaria ten unha grande presenza como instrumento que organiza as propiedades e, polo tanto, a imaxe dos cultivos. Outros elementos destacados son a infraestrutura viaria da estrada nacional e, en especial, as liñas aéreas de alta tensión que cruzan o ámbito. Por último, os asentamentos de Vilacide e Oroso, próximos ao sector. No interior do ámbito localízanse algúns enclaves de uso industrial.

3.- MEMORIA XUSTIFICATIVA E DESCRIPTIVA

3.1.- DETERMINACIÓN DO PLAN XERAL DE OROSO

Tal e como se avanzou no apartado de Introducción, o desenvolvemento urbanístico do sector nº 10 constitúe unha determinación do Plan Xeral.

As determinacións para este sector exprésanse de forma sintética na correspondente ficha de área de reparto AR-Sector nº 10:

- *DENOMINACIÓN: Polígono Empresarial San Martiño, 2.*
- *CLASE DE SOLO: Urbanizable.*
- *USO GLOBAL: Industrial.*
- *FIGURA DE PLANEAMENTO: Plan Parcial.*
- *SISTEMA DE ACTUACIÓN: Cooperación.*
- *OBJECTIVOS DA ORDENACIÓN: Implantación dun polígono destinado a industria e almacenaxe de gran superficie.*
- *DATOS SOBRE SUPERFICIES (a efectos da edificabilidade)*
 - . *Superficie bruta do sector: 439.580 m²*
 - . *Superficie de solo rústico interior: 18.490 m²*
 - . *Superficie de viario existente e a manter: 3.640 m²*
 - . *Superficie neta do sector: 417.450 m²*
 - . *Coeficiente de edificabilidade: 0,60 m²/m²*
 - . *Edificabilidade máxima: 250.470 m²c*
- *DATOS SOBRE SUPERFICIES (a efectos do aproveitamento tipo)*
 - . *Superficie bruta do sector: 439.580 m²*
 - . *Superficie de viario existente e a manter: 3.640 m²*
 - . *Superficie de solo rústico exterior e adscrito: 108.765 m²*
 - . *Superficie da área de reparto: 544.705 m²*
 - . *Aproveitamento tipo: 0,459826878 m²/m² etc*
- *CESIÓN DE TERREOS PARA DOTACIÓNS:*
 - . *Sistema xeral de espazo libre adscrito: 108.765 m² destinado a parque fluvial.*
 - . *Sistemas locais de espazos libres, equipamentos, viario e prazas de aparcamento: as regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan parcial. Condiciónase a ubicación de parte do sistema local de espazo libre á totalidade da área afectada pola zona de policía do canle do Rego da Pena, no extremo noroeste do sector.*
- *TIPOLOXÍA E VOLUMETRÍA DAS EDIFICACIÓNS:*

Establécese a tipoloxía de industria illada en parcela, con separación a lindeiros. Para usos de almacén ou distribución, permítese a nave acaroada entre lindes laterais, cunha dimensión máxima de fronte acaroado de 100 metros lineais e separación mínima entre conxuntos acaroados de 24 metros.

A Altura máxima será de 12 metros para edificios. O Plan parcial poderá propor maior altura para instalacións fabrís ou de produción, en función das características da instalación.

- *PRAZOS PARA O CUMPRIMENTO DOS DEBERES. ESTRATEXIA E CONDICIONANTES:*

O Concello de Oroso asume o impulso e desenvolvemento do sector mediante o sistema de cooperación conforme ao seguinte programa de actuación:

- *O Concello formulará o planeamento de desenvolvemento do sector para proceder á súa tramitación antes de finalizar o segundo ano de vixencia do Plan Xeral.*
- *Unha vez aprobado o planeamento de desenvolvemento, o Concello tramitará os proxectos de cooperación e urbanización durante os seis (6) meses seguintes.*
- *As obras de urbanización interiores ao sector así como as redes e infraestruturas exteriores de conexión serán executadas antes de finaliza-lo primeiro cuatrienio de vixencia do Plan Xeral.*
- *Unha vez rematadas as obras de urbanización do sector, e recibidas polo Concello, os soares resultantes serán edificados nun prazo máximo de dous (2) anos.*

- *DETERMINACIÓNS COMPLEMENTARIAS:*

O acceso ao polígono realizarase a través da vía prevista (SXV-9) mediante a intersección coa N-550 (SXV-5) e, de forma alternativa mediante a intersección en Os mariñaos (SXV-6).

Impútase ao sector o 50% do custo de execución do sistema xeral de espazo libre adscrito (SXEL-10).

O abastecemento de auga servirase dende a rede principal proxectada que descorre pola N-550.

O saneamento de augas residuais resolverase de forma autónoma mediante a rede principal proposta e unha estación depuradora compartida co sector nº 11 (SXIS-6).

3.2.- CONSIDERACIÓNS DA LEXISLACIÓN SECTORIAL

Este apartado pretende pór en coñecemento a lexislación sectorial que afecta ao sector en virtude dos elementos e infraestruturas existentes na zona do ámbito e cuxo regulamento específico implica limitacións ao uso da propiedade do solo.

Partindo da información dispoñible no Plan Xeral de Oroso acerca deste asunto, é posible determina-las afeccións ao sector.

- **Lexislación de estradas:**

A estrada nacional que une A Coruña con Tui, por ser de titularidade estatal, está regulamentada pola Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas, así como polo regulamento que a desenvolve (R.D. 1812/1994, modificado polo R.D. 597/1999).

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso delimitou o sector nº 10 lindando coa estrada N-550, se ben deixou unha franxa de solo entre ámbolos dous elementos clasificado de solo rústico de protección de infraestruturas. Esta protección inclúe a propia infraestructura e acada ata a liña límite de edificación definida no artigo 25 da Lei 25/1988.

O presente Plan parcial representa nos planos de ordenación, co nivel de detalle que permite o levantamento topográfico, as respectivas liñas de afección e servidume definidas nos artigos 22 e 23 da Lei.

Tamén se representa a liña de expropiación da estrada conforme á documentación gráfica aportada pola *Demarcación de Carreteras* en Galicia, Servizo de Conservación e Explotación da Coruña.

A necesidade de actuar na estrada N-550 para resolve-lo enlace da estrada de acceso ao polígono implica considera-la normativa técnica para o deseño de estradas expresada na Instrución de Estradas de decembro de 1999.

- **Lexislación das liñas aéreas de alta tensión:**

A liña aérea de 66 Kv que atravesa o sector está regulamentada polo Regulamento de Liñas Aéreas de Alta Tensión, de 28 de novembro de 1968.

O Plan Xeneral de Ordenación Municipal de Oroso estableceu unha franxa de solo rústico de protección de infraestruturas conforme á distancia obrigatoria á que deben situarse as edificacións e construcións:

$$3,3 + V/100, \text{ cun mínimo de 5 metros.}$$

onde "V" é a tensión en Kv.

Dedúcese unha separación de 5 metros a cada lado do tendido.

O presente Plan parcial axustará esta medida conforme á precisión do levantamento topográfico realizado.

- **Infraestructura de gasoduto:**

Do proxecto realizado pola empresa concesionaria ENAGAS, despréndense unhas zonas de servidume que limitan o uso da propiedade. Distínguense dúas zonas dentro da servidume permanente.

- Zona A:

Constituída por unha franxa de 4 m. de ancho paralela e simétrica respecto ao eixe da condución.

A esta zona, ENAGAS poderá acceder en caso necesario en todo momento, abonando e repoñendo os danos que ocasione na súa actividade. Non se permitirá realizar traballos de arada ou calquera outro de profundidade superior a 50 cm., plantar árbores ou arbustos de tallo alto ou calquera tipo de construción, xa sexa provisional ou permanente sen permiso do organismo competente da Administración.

- Zona B:

Constituída por dúas franxas, unha a cada lado da zona A, dunha anchura de 8 m., nas que non se permitirá levantar edificacións ou construcións de calquera tipo, aínda que teñan carácter temporal ou provisional sen o permiso do Organismo competente da Administración.

O Plan Xeral de Oroso clasificou de solo rústico de protección de infraestruturas os terreos adxacentes á condución incluíndo as dúas zonas sinaladas.

- **Lexislación sobre cemiterios:**

A existencia dun cemiterio parroquial en situación lindante co sector obriga a considera-la Zona de Protección definida no Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre Policía Sanitaria Mortuoria. No artigo 47 defínese esta zona:

“En torno ao solo destinado á construción dun novo cemiterio establecerase como zona de protección, unha franxa de 50 metro de anchura totalmente libre de todo tipo de construción, medida a partir do cerre exterior do cemiterio”.

O Plan Xeral de Oroso estableceu unha reserva dotacional de solo en colindancia co cemiterio existente ao obxecto de posibilita-la súa ampliación.

É por isto que o presente Plan parcial considera a zona de protección medida dende os límites do solo de equipamento previsto, o que garantirá no futuro realiza-la ampliación do cemiterio.

- **Lexislación sobre augas:**

A proximidade do sector ao canle do Rego da Pena e a existencia dunha zona de escorrentía no interior do sector, advertida no traballo de campo e reflectida no novo levantamento topográfico, fai necesario considera-la lei de augas ao obxecto de determina-lo dominio público hidráulico e as súas zonas de policía e servidume de tránsito.

Respecto ao Rego da Pena, débese ter en conta que o extremo noroeste do sector ocupa terreos afectados pola zona de policía definida no artigo 5 da Lei 29/1985 de augas. Se ben, o Plan Xeral de Oroso estableceu entre as súas determinacións a necesidade de cualificar de sistema local de espazos libres ou zonas verdes os terreos do sector afectados pola zona de policía.

Respecto ao outro canle advertido no traballo de campo, convén aclarar que, debido a súa escasa entidade, non figura reflectido na cartografía oficial nin tampouco no Plan Xeral de Oroso. No entanto, trala análise topográfica, se desprende que se trata do inicio do canle do Rego de Vilacide e que, como calquera curso de auga continua ou descontinua, está regulamentada pola lexislación de augas.

Outro aspecto relevante regulamentado pola lexislación de augas afecta aos vertidos de augas residuais do polígono. Estas deberán ser depuradas conforme ás determinacións que estableza o presente Plan parcial en cumprimento dos estándares de calidade que estableza a administración competente en materia de augas e medio ambiente.

- **Lexislación aeronáutica:**

A existencia en Sigüeiro dunha radiobaliza de axuda á navegación aérea obriga a determina-la afección desta infraestrutura sobre os terreos do sector.

A referencia legal atópase no Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas no cal se definen unha zona de seguridade e unha zona de limitación de alturas.

A radiobaliza de Sigüeiro está definida como “Radiobaliza exterior do sistema de aterraxe instrumental á pista 17 con radiofaro de localización (LOM/ILS 17)”. A súa posición é:

Lonxitude norte, 42º 58’ 12”

Lonxitude oeste, 8º 26’ 17”

Altitude: 243 metros

Conforme á documentación gráfica reflectida nos planos de información do Plan Xeral de Oroso provenientes do informe emitido no seu día polo Ministerio de Fomento e trasladada aos planos de información deste Plan parcial, despréndese o seguinte:

- Unha parte dos terreos pertencentes ao sector, en concreto serían os situados no extremo surleste do mesmo, están a unha distancia menor ou igual a 2.000 respecto do punto de referencia da instalación, é dicir, dentro da zona de limitación de alturas.
- O segmento que define a superficie de limitación de alturas ten unha pendente do 10% respecto ao plano de referencia (táboa IV do artigo 16 do Decreto 58/1972).

Para unha distancia de 2.000 metros respecto ao punto de referencia, a superficie de limitación de alturas sitúase a unha altura de 443 metros.

- Dado que os terreos do sector se sitúan a unha cota máxima de 255 metros, conclúese que non existe a posibilidade de supera-la altura de seguridade co tipo de edificación que se pretende implantar no sector, toda vez que a diferenza entre 443 m e 255 m resulta de 188 m, moi superior á altura de unha instalación ou edificación industrial convencional.

3.3.- DELIMITACIÓN ADAPTADA DO SECTOR E DA ÁREA DE REPARTO

Para a realización deste documento de Plan parcial elaborouse un plano cartográfico que ten máis precisión que calquera dos existentes ata agora. Isto permite traballar a escalas menores cun nivel de detalle axeitado ás necesidades do traballo de ordenación e sabendo que a realidade física e parcelaria foi mellor representada.

Xorde así unha primeira cuestión ao compara-la cartografía e, en particular, as determinacións gráficas contidas na planimetría do P.X.O.M. de Oroso co novo levantamento de maior precisión, resultando que se debe realizar un reaxuste nas superficies do sector e da área de reparto e consecuentemente, no aproveitamento urbanístico.

O proceso de adaptación é o resultado dunha medición precisa que reflexa con maior acerto conceptos fundamentais como o solo rústico interior ao ámbito, superficies de viarios públicos existentes e que a ordenación mantén, deslindes precisos co dominio público hidráulico e de estradas do estado, etc.

A translación do ámbito do sector á nova base cartográfica supuxo un reaxuste nas superficies. De seguido móstrase unha táboa comparativa cos novos resultados, calculados mantendo o mesmo criterio expresado na ficha do sector nº 10 do P.X.O.M. e que cumpre o artigo 46.6.b da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

	P.X.O.M.	PLAN PARCIAL
SUP. BRUTA DO SECTOR	439.580 m ²	445.004 m ²
SUP. DE SOLO RÚSTICO INTERIOR	-18.490 m ²	-13.868 m ²
SUP. DE VIARIO PÚBLICO EXISTENTE E MANTIDO	-3.640 m ²	-31.512 m ²
SUP. NETA DO SECTOR	417.450 m ²	399.624 m ²
COEFICIENTE DE EDIFICABILIDADE	0,60 m ² /m ²	0,60 m ² /m ²
APROVEITAMENTO LUCRATIVO MÁXIMO	250.470 m ² c	239.774 m ² c

Para a definición precisa da área de reparto procedeuse da mesma maneira, en primeiro lugar recoñecendo co nivel de detalle que permite a nova planimetría, os elementos que deslindan o dominio público do privado das zonas de solo rústico adscrito para, en segundo lugar face-lo recálculo do aproveitamento tipo en base á nova medida de superficie.

Detectáronse dúas disfuncións respecto aos datos expresados na ficha do sector e na planimetría do P.X.O.M. que é preciso aclarar:

- O novo levantamento expresa con maior fidelidade o canle do Rego da Pena, o que supón unha alteración cualitativa e morfolóxica da liña que delimita a Área de Reparto na zona de contacto co canle.

Esta disfunción faise máis evidente no extremo nordeste da Área onde se observa falta de coincidencia entre a cartografía do P.X.O.M. e a nova, afectando á parcela 1109 de concentración parcelaria.

Na mesma zona obsérvase a existencia de encanamentos secundarios motivados pola topografía chá, o que dá lugar á presenza de auga e, polo tanto, á necesidade de descontar da superficie da Área de Reparto as superficies de dominio público hidráulico non contabilizadas no P.X.O.M. ao non dispor do suficiente grao de precisión.

- Outra disfunción detectouse na zona de contacto do sector coa estrada nacional N-550 debido á correcta representación da zona de dominio público e do solo rústico de protección de infraestruturas respecto ao representado na planimetría do Plan Xeral. Dado que o Plan Xeral establece como determinación a necesidade de deseñar no Plan parcial unha vía de servizo paralela á estrada, estímase axeitado incorporar á área de reparto a totalidade das parcelas privadas que lindan co dominio público estatal polas cales se executará dita vía.

En calquera caso, a banda de solo rústico permanece inalterable e respecta a distancia mínima que determinou o P.X.O.M.

De seguido preséntase unha táboa comparativa das superficies que integran a área e as que é preciso descontar para obte-la superficie da área de reparto.

	P.X.O.M.	PLAN PARCIAL
SUP. BRUTA DO SECTOR	439.580 m ²	445.004 m ²
SUP. DE VIARIO PÚBLICO EXISTENTE	-3.640 m ²	-31.512 m ²
SUP. DE SOLO RÚSTICO ADSCRITO (SXEL / SXIS / SXV)	108.765 m ²	97.456 m ²
SUP. DE SOLO RÚSTICO ADSCRITO (ESTRADA N-550)	- - - -	6.263 m ²
SUP. DA ÁREA DE REPARTO	544.705 m ²	517.211 m ²

Tódolos reaxustes realizados tanto ao ámbito do sector como ao ámbito da área de reparto están amparadas no artigo 62.2 da Lei 9/2002:

- Responden a unha adaptación á realidade física en base ao apoio cartográfico de maior precisión, mantendo os criterios de delimitación do Plan Xeral.
- Garanten a correcta xestión do solo ao terse recoñecido con precisión os límites dominicais da propiedade privada, do dominio público hidráulico, dos camiños municipais que se manterán dentro de ordenación e do dominio público de estradas do Estado.

- En ningún caso o sector é obxecto de ampliación sobre terreos rústicos de especial protección, nin se produce unha mingua intencionada das dotacións públicas previstas. As alteracións que teñen lugar nos ámbitos de sistema xeral de espazo libre adscrito, deben asumirse dentro do proceso inherente de adaptación á realidade física convenientemente representada.

3.4.- CONDICIONANTES DE DESEÑO. DETERMINACIÓN PARA A INTEGRACIÓN COS ELEMENTOS VALIOSOS DA PAISAXE E DA VEXETACIÓN

3.4.1.- Criterios xerais de ordenación:

A ordenación proposta no Plan parcial xorde condicionada polo seguintes elementos estruturais:

- Unha estrutura viaria preexistente herdada da concentración parcelaria a cal foi xerarquizada polo P.X.O.M. de Oroso coa finalidade de armar unha estrutura fundamental de apoio aos sectores nº 10 e nº 11 de uso industrial.

Esta estrutura compartida ten unha directriz norte-sur e preséntase relacionada coa estrada nacional N-550 mediante un conxunto de elementos de conexión.

- A presenza próxima dun núcleo de poboación e a existencia dun conxunto de dotacións públicas en contacto co sector constitúen un argumento que condiciona a zonificación e a proposta de implantación dos diferentes usos.
- Condicionantes derivados da existencia das infraestruturas de gasoduto e liña aérea de alta tensión, así como a estrada nacional, as cales condicionan e limitan o uso da propiedade.
- A presenza de canles de auga, en torno aos cales se desenvolve un ecosistema característico, constitúe outro motivo que contribúe a formaliza-la ordenación. A necesidade de preserva-lo espazo afectado polo canle do Rego da Pena foi unha determinación imposta dende o P.X.O.M. de Oroso que agora se confirma oportuna.

Máis alá da consideración duns condicionantes de natureza territorial xorden outros motivos de conveniencia que terminan por da-la forma definitiva á ordenación e que son inherentes ao tipo de actividade que se vai desenvolver no sector:

- O feito de que o sector, no seu bordo Leste, se apoie na estrada N-550, supón un elemento diferenciador en relación ao tipo de actividade a desenvolver. A creación dunha vía de servizo paralela á estrada que se establece como elemento de relación, outorgan a esta zona do sector unha vocación comercial.
- O éxito que poda te-lo sector entendemos que dependerá da oferta de solo cun certo grao de especialización e diversificación.

Así, considérase oportuno adecuarse ao tamaño reducido dalgúns cuarteiróns para ofertar solo onde localizar naves de pequeno tamaño e aproveitamento intensivo para cubri-la demanda local da pequena e mediana empresa.

Por outra parte é posible ofertar solo destinado á instalación de grandes enclaves que precisan parcelas de moita superficie ao se configurar un cuarteirón de algo máis de 13 Has.

3.4.2.- Integración dos elementos valiosos do medio ambiente:

O elemento de máis valor ambiental no entorno de actuación é o canle do Rego da Pena e as súas zonas de influencia hídrica onde se pode desenvolver un ecosistema característico da ripsilva. Tense exposto en apartados anteriores que a protección deste espazo vén imposta dende o P.X.O.M. de Oroso mediante a clasificación de solo rústico e o seu destino público así como mediante a determinación de reserva-la zona de policía para espazo libre público de sistema local no caso de que esta zona entrase dentro dos límites do sector.



Trala fase de análise territorial do ámbito, que incluíu o correspondente traballo de campo e un levantamento cartográfico de maior detalle, púxose de manifesto a existencia dunha zona de escorrentía no extremo surlleste do sector, ausente na cartografía do P.X.O.M.

Como é habitual en Galicia, estas áreas de escorrentía, cuxo nivel freático e presenza de auga en superficie depende de factores como a estacionalidade pluviométrica, topografía e características do substrato, adoitan presentar unha vexetación característica de especies que se adaptan e desenvolven en ambientes húmidos como os ameneiros e salgueiros. No estrato de superficie detectáronse especies herbáceas características destas áreas asolagadas de forma estacional.

O Plan parcial incorpora esta zona como sistema de espazo libre co cal procúrase a menor afectación ao sistema hídrico e garántese a pervivencia e integración dunha vexetación que aporta un valor engadido á ordenación.



En relación ao exemplar de Quercus Robur existente no interior do sector, que polo seu porte e idade merece ser conservado, o Plan parcial intégrao na ordenación como elemento puntual de referencia ou fito, dotándoo de espazo público para facilita-la súa lectura.

3.5.- CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL. CESIÓN DE SOLO E APROVEITAMENTO

3.5.1.- Sistemas xerais:

A reserva de solo con destino a sistemas xerais constitúe unha determinación que provén do P.X.O.M. de Oroso:

- Sistema xeral de espazo libre adscrito.

Constitúe o ámbito de solo rústico de especial protección contiguo ao canle do Rego da Pena e que o Plan Xeral considerou a necesidade de incorporalo á área de reparto ao obxecto de destinalo á rede de parques públicos de titularidade municipal.

Conforme á medición apoiada na nova base cartográfica, a reserva de solo ten unha superficie de 93.962 m².

- Sistema xeral viario.

Constitúen os viarios de sistema xeral que afectan ao sector por discorre-lo seu trazado polo interior do mesmo ou polas súas zonas de bordo e que o Plan parcial debe definir con precisión as súas condicións de deseño e urbanización.

O Plan Xeral ademais vinculou ao sector a necesidade de reforza-la capacidade técnica dos viarios de acceso e os elementos de conexión coa estrada nacional.

- Sistema xeral de infraestrutura de servizos.

Constitúe a reserva de solo destinada á construción da estación depuradora de augas residuais do sector.

Ten unha superficie de 4.228 m².

Constitúen ademais os terreos rústicos afectados polas infraestruturas de electricidade e gasoduto. O Plan parcial propón a cesión destes terreos ao Concello.

3.5.2.- Sistemas locais:

Independentemente das reservas de solo para sistema xeral, o Plan parcial deberá establecer as reservas de solo para dotacións e equipamentos ao servizo do sector.

Ditas reservas establécense en cumprimento do artigo 47 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do artigo 11 do Regulamento de Planeamento.

Para o cálculo das reservas mínimas, considérase:

Superficie total ordenada do sector: 445.004 m²

Aproveitamento lucrativo máximo: 239.774 m²

- Sistema local de espazo libre de titularidade pública.

A reserva mínima será do 10% da superficie total ordenada, o que supón 44.500 m².

O Plan parcial establece dous ámbitos destinados a parques e xardíns conforme aos criterios de ordenación expostos no apartado anterior.

SLEL 1 = 29.703 m²

SLEL 2 = 15.039 m²

TOTAL = 44.742 m²

Resérvase ademais unha parcela de 629 m² no contorno do exemplar de carballo.

- Sistema de equipamentos públicos e servizos de interese público e social.

O artigo 47.2, letra b) da Lei 9/2002, establece, para ámbitos de uso terciario ou industrial unha reserva mínima de solo equivalente ao 2% da superficie do ámbito destinada a sistema de equipamentos públicos (sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros necesarios). Isto supón unha superficie mínima de 8.900 m² de cesión pública.

O artigo 11 do Regulamento de Planeamento establece unha reserva mínima de solo do 4% da superficie total ordenada destinada a servizos de interese público e social.

Esta reserva descomponse nos seguintes usos:

Parque deportivo _____ 2% → 8.900 m²

Equipamento comercial _____ 1% → 4.450 m²

Equipamento social _____ 1% → 4.450 m²

O Plan parcial, conforme aos criterios de ordenación expostos no apartado anterior e cumprindo de forma simultánea ámbolos dous preceptos, establece as seguintes reservas de solo:

- Sistema local de equipamento de titularidades pública de uso deportivo, dunha superficie de 8.954 m².
 - Sistema local de equipamento de titularidades pública de uso social, dunha superficie de 4.495 m².
 - Reserva de solo de titularidade privada e uso público para a implantación de un ou varios edificios de uso comercial, dunha superficie de 4.453 m².
- Sistema local viario.

O Plan parcial establece a reserva de solo para sistema local viario conforme ao deseño das rúas de carácter secundario e que rematan a malla urbana do sector.

Serán de titularidade municipal.

- Prazas de aparcamento.

A reserva bruta de prazas de aparcamento, conforme ao artigo 47.2, letra c) da Lei 9/2002 e o artigo 11 do Regulamento de Planeamento, para ámbitos de uso industrial, será de 1 praza por cada 100 m² edificables. Despréndese unha reserva mínima de 2.397 prazas.

Ao menos $\frac{1}{4}$ de dita reserva serán prazas de titularidade pública. Como máximo poderán vincularse á rede viaria pública, ao aire libre, o 50% das mesmas (art. 7 do Regulamento de Planeamento).

$\frac{1}{4}$ de 2.397 prazas → 600 prazas

$\frac{1}{2}$ de 2.397 prazas → 1.199 prazas

O presente Plan parcial establece unha reserva de 2.397 prazas, das cales:

967 serán públicas e vinculadas á rede viaria. Reservaranse un mínimo de 19 prazas adaptadas a minusválidos.

1.430 prazas serán privadas a localizar en solo de uso lucrativo. O 2% das prazas privadas serán adaptadas a minusválidos. Esta esixencia será aplicable a cada parcela.

3.5.3.- Outras dotacións públicas:

O Plan parcial determina, á marxe da calquera obriga legal ou regulamentaria, a reserva dunha parcela de 10.598 m² destinada a infraestrutura de seguridade.

Consonte a petición formal realizada ao Concello de Oroso dende a Consellería de Presidencia, onde se solicitaba a cesión dunha parcela onde poder construí-las instalacións e edificios da Axencia Galega de Emerxencias, determínase a obriga de ceder ao Concello dita parcela a cargo dos propietarios que integran a área de reparto.

Unha vez realizada a cesión no correspondente proxecto de reparcelación, o Concello de Oroso realizará, á súa vez, a cesión á Xunta de Galicia.

3.5.4.- Reserva e cesión de solo para localiza-lo aproveitamento municipal:

Conforme aos deberes que corresponden aos propietarios de solo urbanizable, compre face-la reserva de solo destinado a localiza-lo 10% do aproveitamento tipo da área de reparto.

No proxecto de Reparcelación reservaranse unha ou varias parcelas de cesión ao Concello nas cales poida materializarse dito aproveitamento.

Establécese a determinación de destina-la parte que corresponda do aproveitamento municipal á actividade relacionada coa xestión dos residuos do sector, consonte á previsión que reflicte a ordenación e zonificación do Plan parcial.

3.6.- REDE VIARIA PROPOSTA. CONEXIÓNS COA ESTRADA NACIONAL

3.6.1.- Criterios de deseño das vías exteriores e de conexión ao sector:

O presente Plan parcial asume as determinacións impostas dende o P.X.O.M. en relación ao sistema viario do sector e as súas infraestruturas de conexión coa estrada nacional.



O P.X.O.M. de Oroso estableceu dous puntos de conexión na N-550, un nas proximidades do Alto de Vilanova (SXV-5) e outro nos Mariños (SXV-6). Conforme ao estado actual dos mesmos e tras realizar consultas na Demarcación de Estradas sobre o tipo de conexión a realizar en cada caso, o Plan parcial determina a necesidade de realizar dous tipos de actuacións:

- . No alto de Vilanova planearase un enlace a distinto nivel de características técnicas axeitadas, o cal se constituirá como acceso principal ao sector.
- . Nos Mariños procederase a mellora-las condicións de seguridade da intersección actual mediante sinalización horizontal e iluminación. A utilización desta intersección, tanto de entrada como de saída á zona industrial estará prohibida aos vehículos pesados (camións) polo que se tomarán as oportunas medidas de sinalización vertical.

Por outra parte, o P.X.O.M. determinou a necesidade de afronta-la reposición da estrada de acceso ao sector dende as interseccións actuais dos Mariños e Alto de Vilanova.

3.6.1.1.- Características do trazado:

TRONCO DE ESTRADAS EN REPOSICIÓN (SXV-9):

PLANTA

O viario denominado SXV-9 foi previsto no P.X.O.M. coa intención de articular un novo eixo en paralelo a estrada N-550 que cumprirá un triplo función:

- Resolve-lo encontro nas interseccións dos Mariños (SXV-6) e de Alto de Vilanova (SXV-5).
- Facer, xunto ao viario SXV-10, a función do eixo estruturante dos sectores nº 10 e nº 11 de solo urbanizable.
- Colector do tráfico do propio sector nº 10 mediante as conexións cos viarios ou rúas deste sector.

O trazado previsto apóiase nun viario de concentración parcelaria que, aínda que está asfaltado, non responde nin técnica nin funcionalmente aos novos requirimentos que esixe o tráfico que se vai xerar por mor da actividade industrial:

- Aumento da intensidade de tráfico e nova calidade do mesmo, de tipo industrial, o que obriga a adoptar un novo firme e unha maior sección transversal.
- Adaptabilidade as características inherentes á clase de solo por onde descorre (urbano, rústico ou núcleo rural), o que obriga a adoptar as medidas de temperado da velocidade, xeometría, sección transversal, etc. Neste senso o Proxecto de urbanización que desenvolva este viario porá especial atención ao tramo comprendido no núcleo rural da Pena, establecendo as medidas oportunas para diminuí-la velocidade, permiti-los pasos ou cruces de peóns e incorporar beirarrúas ou itinerarios peonís a ámbolos dous lados da vís.

O trazado en planta encaixouse cumprindo os criterios de deseño definidos na Norma 3.1-I.C de decembro de 1999 nas zonas abertas, adoptando nas zonas próximas a enlaces os criterios de deseño definidos nas Recomendacións para o Deseño de Enlaces.

Adoptouse como Velocidades de Proxecto (V_p) = 60 km/h para a vía de servizo en $V_p=40$ Km/h para os enlaces.

A configuración das estradas en espazos abertos cumprirá as lonxitudes mínimas e máximas na recta para unha V_p de 60 km/h segundo a táboa 4.1. da Norma 3.1-I.C. Así mesmo co raio mínimo (Táboa 4.3. da citada Norma), así como a restrición de desenvolvemento mínimo de curvas circulares.

Os peraltes asinados a cada curva circular rexeranse de acordo co apartado 4.3.2. da citada Norma 3.1.-I.C.

As transicións do 0% ao 2% realizáronse como máximo en 40 m.

A relación entre raios en planta consecutivos cumprirá a táboa 4.7. da Norma 3.1-I.C.

As curvas de transición en planta (clotoides) utilizadas no deseño estarán comprendidas entre o valor mínimo e o máximo que fixa a norma.

Os listados de trazado empregados para o presente Plan parcial do trazado en planta xúntanse como Anexo do presente Documento.

ALZADO

O trazado en alzado en zonas abertas, cumprirá cos máximos e mínimos que recomenda a Norma para unha velocidade de proxecto de 60 km/h, deseñándose coas seguintes características:

Kv mínimo convexo (m)	_____	1.065
Kv mínimo cóncavo (m)	_____	1.374
Pendente máxima (%)	_____	6 (excepcional 8%)
Pendente mínima (%)	_____	0,50

Tódalas curvas de acordo vertical cumprirán ademais as consideracións de visibilidade de parada.

COORDINACIÓN PLANTA-TRAZADO

Para conseguir que non se produzan os efectos aos que o incumprimento das condicións requiridas para a coordinación planta – alzado dá lugar, tratarase de empregar elementos de trazado de parámetros amplos segundo sinala a Norma 3.1-I.C., entendéndose por parámetros amplos as curvas circulares en planta con raios maiores ou iguais que 1.000 m ou os acordos verticais con parámetros maiores ou iguais que 15.000 m. No entanto, a elevada accidentalidade do terreo obrigou ao emprego de raios menores, como se ten comentado no apartado de planta.

Ademais, tratarase de facer coincidi-los acordos verticais con aliñacións curvas en plantas de maneira que os puntos de tanxencia dos acordos verticais se sitúen nas clotoides o máis afastados posible dos puntos de curvatura cero. Desta forma se consegue:

- 1) Aumenta-la visibilidade nos acordos convexos.
- 2) Evita-los efectos tan desagradables para a conducción que produce a falta de coordinación entre o trazado en planta e o trazado en alzado (véxase apartado nº 6 da Norma 3.1-I.c.).

3) Ao facer coincidi-los acordos verticais con aliñacións curvas en planta, conséguese que os vértices dos acordos verticais (zonas con pendente lonxitudinal nula) sempre se sitúen nas zonas de máximo peralte, de forma que puntos con pendente lonxitudinal 0% e pendente transversal maior de 2% asegura que a inclinación da liña de máxima pendente sexa maior que o 0,5% que asegura o axeitado drenaxe desa zona.

Do mesmo xeito, os puntos de inflexión en planta (zonas de transición de peralte con paso polo 0%) sempre se situarán en zonas de pendente lonxitudinal maior que 0,5% (mínima pendente das aliñacións en alzado) e afastados dos vértices dos acordos en alzado.

ENLACE (SXV-5):

O trazado dos ramais de enlace, deseñáronse seguindo as “Recomendaciones para el proyecto de enlaces” da *Dirección General de Carreteras*, utilizando para o dimensionamento das vías de cambio de velocidade e as cuñas de transición correspondentes, o establecido na Norma 3.1-I.C.

No tramo obxecto deste proxecto deseñouse un enlace. O deseño do enlace proxectado responde a unha tipoloxía “de pesa”, con dúas glorietas nos laterais da vía principal que facilita os movementos.

ENLACE

No gráfico adxunto pódese observa-la disposición dos ramais do enlace.



Tódolos ramais son unidireccionais.

Para o deseño das glorietas seguíronse as directrices marcadas polas “Recomendaciones sobre Glorietas” da *Dirección General de Carreteras* de maio de 1989. Segundo dita publicación se trata dunha glorieta denominada “normal” de 3 tramos con illeta central de 14,0 m de diámetro e entradas abucinadas.

De seguido descríbese cada un dos seus elementos:

a) Plataforma anular:

A glorieta presenta unha planta circular das seguintes dimensións:

Raio da illeta central = bordo interior da plataforma anular = 14,00 m

Beiravía interior = 1,00 m

Calzada anular composta por 2 carrís de 4,00 m de anchura

Beiravía exterior = 1,50 m

Raio interior da calzada anular = 25,00 m

Raio exterior da calzada anular = 25,00

Raio do bordo exterior da plataforma anular = 26,50 m

b) Entrada:

Deseñouse unha entrada á glorieta abucinada para facilita-la manobra de vehículos longo.

Raio do bordo da calzada nunha entrada = 25,00 m

Anchura dos carrís de entrada = 4,00 m

c) Saída:

Anchura dos carrís de saída = 5,00 m

Raio de seu bordo interior = 40,00 m

d) Pendente lonxitudinal:

A pendente lonxitudinal máxima é de 2,00%.

e) Pendente transversal:

Peralte do 2% para drena-la auga superficial.

Peralte en entradas e saídas para axudar aos condutores a toma-las curvas.

Na calzada anular dispónse unha limatesa redondeada unindo os extremos das illas deflectoras dende unha entrada á saída seguinte.

VÍAS DE SERVIZO:

Previuse a execución dunha vía de servizo paralela á estrada N-550, para dar acceso á área de servizo que se situará á marxe do tronco, así como a conexión directa ao enlace.

As características do deseño deste eixes rexeranse pola Instrución 3.1-I.C.

Dispoñen de carrís de cambio de velocidade e cuñas de transición que cumpren as disposicións da Norma 3.12-I.c ao respecto.

3.6.1.2.- Seccións tipo e pasos de mediana:

As seccións tipo proxectadas para o tronco, ramais, estradas e camiños son:

ESTRADAS:

A Norma de Trazado 3.1-I.C establece, no seu apartado 7.4.5.1 sobre “distancias de seguridade entre entradas e saídas consecutivas de ramais de enlace”, que a distancia entre o final dun carril de aceleración e o principio do de deceleración consecutivo para unha estrada de tipo C-40 será como mínimo de 250 m e, se isto non fora posible, uniranse ámbolos dous carrís debendo te-lo resultante unha lonxitude mínima de 250 m entre as seccións características de 1,0 m de ámbolos dous ramais.

No caso de vías de servizo, esta distancia redúcese a 125 m entre seccións características.

RAMAIS UNIDIRECCIONAIS:

Calzada = 4,0 m (máis sobreancho se procede)

Beiravía esquerda = 1,0 m

Beiravía dereita = 1,5 m

VÍA DE CONEXIÓN (RAMAIS BIDIRECCIONAIS):

Calzada = 7,0 m (2 carrís de 3,5 m máis sobreancho se procede)

Beiravías = 2 x 1,5 m

GLORIETAS:

Calzada = 2 x 4,0 m

Beiravía esquerda = 1,0 m

Beiravía dereita = 1,5 m

GÁLIBOS:

Os gálibos verticais en pasos inferiores serán como mínimo:

En estradas provinciais = 5,30 m

SOBREANCHOS:

Segundo a Norma 3.1-I.C, en aliñacións circulares de raio inferior a 250 m, o ancho total en metros de cada carril será:

$$S = 3,5 + (L^2/(2 \cdot R))$$

Sendo:

L = lonxitude do vehículo (m), que se considerará L = 9 m

R = raio do eixe na curva horizontal (m)

Este sobreancho aplicarase nas zonas de estradas non centradas en zonas de enlace.

CARRÍS DE CAMBIO DE VELOCIDADE:

Con respecto aos carrís de cambio de velocidade, estes conséguense mediante un sobreancho na calzada realizado linealmente nunha lonxitude de cuña acorde co indicado na táboa 7.4 da Norma 3.1-I.C Trazado:

VELOCIDADE (Km/h)	DECELERACIÓN	ACELERACIÓN
≤ 80	70	133
100	83	167

No caso no que o acceso se produza en zona de baixa velocidade, por existencia de vivendas próximas, ou na vía de servizo, a lonxitude do carril de aceleración pode reducirse a 100 m.

Nos enlaces, dada a limitación de superficie existente e a escasa velocidade á que se realiza o acceso, adóptanse as dimensións de cuñas de incorporación ás estradas recollidas na figura 7.3 da Instrución 3.1-I.c.

3.6.2.- Criterios de deseño das rúas interiores ao sector:

- Rúas de sistema xeral.

Son as previstas, no seu momento, polo P.X.O.M. A súa vez o presente Plan parcial recoñece dous tipos:

- . Tramo urbano da vía SXV-9:

Adopta unha función estruturante en relación ao resto do viario do sector. Consta de dous tramos separados por interseccións en glorieta as cales temperan a velocidade á entrada do sector e distribúen o tráfico polas rúas perimetrais e interiores.

A sección viaria é de dobre sentido separado por unha mediana. Cada sentido consta de dobre calzada. Dótanse de cadansúa banda de aparcamento en liña e beirarrúas. Adopta o nome de Rúa "A".

- . Viais de bordo do sector:

A súa función é de colector de bordo e de conexión co sector nº 11 polo extremo oeste.

Deséñase unha vía de sección asimétrica, pois un dos seus bordos contacta co solo rústico e o outro ten aliñación en solo urbano.

Incorpora dobre sentido de circulación e unha banda de aparcamento en liña e beirarrúa no lado que ten aliñación.

- Rúas de sistema local.

Son as rúas secundarias ou subordinadas das de sistema xeral e confiren a dimensión definitiva dos cuarteiróns.

Propónse unha sección viaria con calzada de dobre sentido e cadansúa banda de aparcamento en liña e beirarrúa.

3.6.3.- Criterios de deseño dos itinerarios peonís e de bicicleta:

Conforme ás reflexións realizadas durante o proceso de avaliación ambiental do Plan parcial, óptase finalmente por armar unha estrutura viaria alternativa ao sistema xeral e local convencional na cal terían cabida itinerarios peonís e para bicicletas.

O deseño de dita estrutura tería en conta un planeamento a nivel municipal, pendente de confirmación por parte do Concello mediante o correspondente Plan especial de mobilidade ou outros plans de tipo sectorial, no cal se determinan os posibles itinerarios entre o casco urbano de Sigüeiro e outras zonas ou localizacións de interese, entre estas, os espazos de actividade económica (lugares de traballo).

O presente Plan parcial presupón, polo tanto, un esquema viario exterior ao sector a partir do cal se deseñarán os recorridos internos.

No plano de información I-05 “Estrutura viaria” represéntase a título indicativo o que podería ser un esquema razoable de itinerarios que parten de Sigüeiro cara ao norte:

- Ruta da estación de Oroso.-

Utilizaría o trazado da estrada da Estación sobre o cal o Concello de Oroso ten prevista a construción dun carril bici entre Sigüeiro e a Estación. Tería continuidade cara ao norte ao obxecto de atoparse co tramo de vía do ferrocarril inactivo trala recente construción do novo trazado do AVE.

O Concello de Oroso ten a intención de solicitar ao Ministerio de Fomento a reutilización como Vía Verde do tramo abandonado.

Dende este ramal existiría a posibilidade de acceso ao polígono industrial dende o extremo suroeste.

- Ruta de Vilanova.-

Dende a estrada da Estación podería planearse un itinerario pasando polos asentamentos do Barreiro e Vilanova en dirección ao norte e entrando no polígono pola zona central do mesmo.

- Ruta do Camiño Inglés.-

Trátase dun itinerario xa existente en parte e, polo tanto, con maiores posibilidades de execución.

Utiliza a traza do Camiño Inglés a Santiago, actualmente existente dende a zona da Casa do Concello ata o Polígono Industrial de Sigüeiro pasando polo parque fluvial do Río Carboeiro.

Axiña será executado o tramo sobre o que dá fronte o Polígono Industrial de Sigüeiro xestionado pola entidade Xestur.

Atravesando o núcleo rural de Oroso Pequeno e o sector nº 9 previsto polo P.X.O.M. accederíase ao Sector polo extremo surleste utilizando o paso inferior da estrada nacional.

Considerando entón que no futuro pode existir forma de desprazamento en bicicleta ou a pé dende Sigüeiro ata as novas áreas de traballo, deseñouse unha estrutura interna dentro do sector que será obxecto de execución no proceso de urbanización do mesmo. Para isto tivéronse en conta os seguintes criterios e consideracións:

- O Plan parcial debe procurar unha estrutura alternativa ou mixta, en determinados casos, ao sistema convencional de rúas que permita atravesalo sector en dirección norte-sur co fin de garanti-lo acceso ao futuro sector nº 11 situado ao norte do presente sector.

- Preténdese que esta estrutura alternativa sirva para facilita-lo acceso a determinadas localizacións estratéxicas a partir das cales se accede aos lugares de traballo utilizando o sistema viario convencional (beirarrúas).

Neste senso, o Plan non pretende a mobilidade en bicicleta para tódalas e cada unha das rúas do sector dado que existen motivos que fan pensar nun risco e nun entorpecemento da actividade cotiá (carga-descarga, movemento de camións, etc.).

É por isto que o uso da bicicleta deberá combinarse coa mobilidade a pé para acada-lo destino final.

É interesante, polo tanto, contemplar zonas para aparcamento de bicicletas.

- Utilizaranse preferentemente as zonas verdes así como os corredores de infraestruturas da liña de alta tensión e gasoduto como soporte de trazado en condicións de seguridade e de contacto coa natureza sen que isto supoña unha perda de eficiencia dos recorridos.
- Cando o permitan as características da actividade industrial, como é o caso do cuarteirón M1 onde se contempla un uso extensivo e polo tanto presuponse menor intensidade en entradas e saídas a parcelas, o espazo destinado aos itinerarios peonís e de bicicleta quedará compartimentado para a súa utilización exclusiva.

3.7.- ZONIFICACIÓN, USOS E NIVEIS DE INTENSIDADE

O Plan parcial constitúe o documento que establece a zonificación do solo en ámbitos diferenciados, definindo as condicións tipolóxicas e de implantación da edificación na parcela, asignando usos e o especial réxime de compatibilidade entre estes, así como atribuíndo a cadansúa zona unha intensidade de uso ou de aproveitamento.

Conforme aos condicionantes e criterios básicos de ordenación expostos en apartados anteriores, o Plan parcial propón o seguinte sistema de ordenación:

- Establécese unha estrutura básica formada polos elementos e condicionantes de tipo territorial:
 - . Retícula viaria. Vía de servizo e estrada nacional.
 - . Liñas de gasoduto e tendido de alta tensión e as súas zonas de protección.
 - . Sistema de espazos libres vinculados aos canles existentes.

Apoiada nesta estrutura xorde o solo destinado á actividade propiamente industrial ou, no seu caso, aos usos dotacionais e de infraestrutura ao servizo desta.

- O uso principal é o industrial, entendendo por este a actividade produtiva, de almacenaxe, de venda ao por maior, de distribución e loxística da distribución e o transporte.

Outros usos admisibles e benvidos no sector son os terciarios dentro dos cales se inclúe o uso comercial. Xa se ten comentado que a zona Leste do sector pode ter unha vocación terciaria motivada pola proximidade da estrada nacional.

De carácter terciario son os usos dotacionais públicos, os cales se localizan na rúa principal (Rúa "A") en proximidade ás dotacións municipais existentes fóra do sector e que prestan servizo á parroquia de Oroso.

En resposta ás esixencias do Regulamento de Planeamento destínase unha zona reservada a uso comercial entendendo que este uso é obrigatorio.

O Plan parcial establece un réxime de compatibilidade entre usos baseado na definición de usos do P.X.O.M. de Oroso. Outórgase un réxime de compatibilidade especial para os usos terciarios nos cuarteiróns situados na zona Leste do sector.

- En virtude da estrutura básica e o tamaño de cuarteirón que resulta, o Plan parcial formula tres variantes tipolóxicas no sistema de implantación industrial:
 - . Industria intensiva ou en nave acaroadada.
Composta por parcelas de pouca superficie que se edifican de forma intensiva mediante naves acaroadas formando pequenos continuos e onde terían cabida a pequena e mediana empresa. Proponse esta variante nas dúas rúas transversais da zona central do polígono.
 - . Industria semi-intensiva.
Formada por edificacións de mediano tamaño que poden ou non acaroarse en virtude de acordos entre colindantes.
 - . Industria extensiva.
Constitúe unha oferta tipolóxica destinada a cubri-la probable demanda de parcelas de gran superficie ou a situar grandes factorías ou instalacións de loxística. A posibilidade de xerar un cuarteirón que reúna as condicións de superficie suficiente para albergar este tipo de enclaves dáse na zona Oeste do sector.
- O aproveitamento lucrativo máximo do sector é de 239.774 m² edificables, a repartir entre as diferentes zonas con niveis de intensidade proporcionados ao sistema de ordenación proposto.

As zonas con índices de aproveitamento maior correspóndense coa variante tipolóxica de industria intensiva, as cales admiten unha ocupación da parcela próxima ao 80% e a posibilidade de edificar na parte frontal da edificación dúas plantas altas con destino a oficinas o calquera uso complementario ao principal.

Por outra banda proponse unha zona de aproveitamento extensivo onde se contempla a instalación de enclaves que consumen grandes extensións de solo ocupando non máis do 60% da parcela.

3.8.- REDES DE URBANIZACIÓN PROPOSTAS. INFRAESTRUTURAS EXTERIORES DE CONEXIÓN.

3.8.1.- Rede de abastecemento de auga:

O abastecemento de auga ao sector realizarase dende a rede municipal existente composta por unha arteria principal de Ø140 mm en PVC proveniente dos depósitos de Valverde. Dita arteria, ao chegar á estrada nacional, convértese en dous ramais de Ø125 mm que descorre a cada lado da vía.

Segundo as determinacións do P.X.O.M. de Oroso, vincúlase a este Plan parcial a necesidade de executar unha nova rede, que dende o cruce na N-550 en Alto de Vilanova, descorre seguindo o trazado do viario de acceso ao sector, codificado como SXV-9, prolongándose cara ao norte para dar servizo tamén ao sector nº 11 de solo urbanizable. Polo tanto, o punto de acometida da rede proxectada será no enlace de acceso ao sector en Alto de Vilanova.

No entanto o anterior e, en beneficio dunha rede máis efectiva que, a priori, terá un esquema en malla, propónse outras acometidas á rede principal en tódolos encontros entre as rúas do sector e a vía de servizo paralela á nacional.

Para determina-la demanda de auga do sector pátense dun valor de referencia de 0,5 litros/segundo por cada Ha bruta. Isto supón un caudal medio duns 22 litros/segundo, o que equivale a 1.900 m³ diarios.

En base á demanda estimada e ao tipo de urbanización establécense os seguintes criterios de deseño da rede:

- Deseñárase unha rede mallada apoiada nas dúas arterias principais, a que descorre pola estrada N-550 e a que descorre polo viario de sistema xeral SXV-9.

Dadas as condicións xeométricas da rede viaria do sector e a dimensión dos cuarteiróns, propónse un deseño da rede fiel á malla viaria.

- O diámetro das tubaxes estarán comprendido entre 100 e 125 mm.
- Preveranse chaves de desaugue nos puntos baixos da rede.
- Proxectarase unha rede de hidrantes.. A separación entre hidrantes non será superior a 100 m.
- A velocidade da auga na rede estará comprendida entre 0,50 m/seg e 1,5 m/seg.
- Contémplanse redes de rega para zonas verdes alimentadas por depósitos que almacenan auga de chuvia.

3.8.2.- Rede de saneamento de augas pluviais:

Contémplase unha rede independente para evacua-las augas de chuvia. Terase en conta a topografía natural do terreo e a posibilidade de evacua-las augas sobre as dúas concas de recollida existentes no sector, polo sistema de gravidade.

Sempre que sexa posible, evacuaranse as augas sobre as zonas verdes existentes no sector, utilizando foxos filtrantes. En calquera caso se procurarán os recorridos de menor lonxitude ata a súa emisión nos canles receptivos.

Disporanse depósitos soterrados para a almacenaxe de auga de chuvia e a súa reutilización.

O diámetro mínimo de tubaxe non será inferior a 300 mm.

Para o cálculo da rede tomarase un período de retorno de 10 anos.

3.8.3.- Rede de saneamento de augas fecais:

A rede de saneamento de residuais deseñarse con parámetros característicos das augas de tipo urbano. Toda industria que sobrepase os límites establecidos en canto ás características da auga deberá proceder a realiza-las operacións de predepuración necesarias ata acadar os valores de referencia que se detallan na Normativa do presente Plan parcial.

Para o deseño da rede tomarase como volume de auga residual o mesmo valor obtido para o abastecemento de auga. A rede será deseñada para velocidades non inferiores a 0,5 m/seg. O diámetro mínimo de tubaxes non será inferior a 300 mm. Disporanse pozos de rexistro cada 50 m ou cada cambio de dirección ou rasante. Deberase asegurarse a estanquidade da rede.

Toda a rede prevista evacuará as augas á estación depuradora que a tal efecto se contempla como determinación de Plan Xeral.

Admitirase unha depuradora modular sempre e cando se dimensione suficientemente para o caudal previsto. Como mínimo a estación constará dunha primeira fase de pretratamento, unha segunda fase de depuración biolóxica e unha terceira fase de decantación. A calidade da auga depurada cumprirá uns parámetros mínimos, os cales quedarán definidos na Normativa do presente Plan parcial.

3.8.4.- Redes de enerxía eléctrica e alumado público:

- Rectificación do trazado da liña de 15 kV existente.

O Plan parcial propón modifica-lo trazado da liña aérea de 15 kV que actualmente descorre atravesando a parte oeste do sector en dirección norte-sur.

Conforme a liña entra no ámbito do sector, disporanse dous postes de formigón nos viarios perimetrais a partir dos cales se creará un novo trazado subterráneo baixo as beirarrúas.

- Subministro de electricidade ao sector.

O subministro de electricidade realizarase a unha tensión de 15 kV dende a subestación situada en Vilanova pertencente á compañía UNIÓN-FENOSA.

Deseñarse unha rede en media tensión con posibilidade de dar subministro a tódalas parcelas do polígono nesta tensión.

Deseñarse unha rede en baixa tensión (380/220 V) para o subministro ás parcelas así como para o alumado público.

Os centros de transformación situaranse preferentemente sobre rasante e protexidos mediante casetas regulamentarias.

A rede deseñarse de forma que se garante unha potencia de 125 W/m² construído, cun mínimo por local de 10.350 a unha tensión de 230 V e coeficiente de simultaneidade 1 nas parcelas de uso industrial.

- Alumeado público.

Contemplantase dotar de alumeado público todo o sistema viario previsto no Plan parcial, incluíndo os viais exteriores e enlaces coa estrada nacional. Contémplase tamén dotar de alumeado público as parcelas destinadas a zonas verdes de sistema local.

Para o deseño da rede de alumeado teranse en conta os criterios de seguridade e eficiencia en virtude dos diferentes tipos de viarios previstos. Estarase ao disposto nas instrucións de estradas.

Tomaranse os seguintes niveis de iluminación de referencia:

ENLACES OU INTERSECCIÓNS EN N-550	_____	30 lux
VÍA DE ACCESO AO SECTOR (SXV-9)	_____	15 lux
RÚAS INTERIORES	_____	15 lux
ESPAZOS LIBRES/ZONAS VERDES	_____	10 lux

Prestarase especial observancia a evita-la contaminación lumínica, en especial nos espazos libres, mediante o emprego de luminarias axeitadas.

3.8.5.- Rede de telecomunicacións:

Contémplase unha rede pública para a instalación das infraestruturas de telecomunicacións conforme á obriga de dotar á urbanización dunha rede de telefonía básica así como da previsión de dotar de infraestrutura de transmisión de datos en virtude das posibilidades de subministro dos operadores.

A infraestrutura pública constará de oito (8) tubos para os seguintes servizos:

- 4 tubos para telefonía básica.
- 1 tubo para RDSI
- 2 tubos para televisión por cable ou liñas de fibra óptica
- 1 tubo de reserva

Conforme á información dispoñible, as posibilidades de conexión danse mediante as compañías TELEFÓNICA e R.

A conexión da instalación de telefonía básica realizarase na rede existente de TELEFÓNICA que descorre pola estrada nacional.

3.8.6.- Rede de gas cidade:

Contémplase a instalación dunha rede de gas cidade coa finalidade de que nun futuro sexa posible o subministro as parcelas, unha vez resolta a traída dende Sigüeiro ou outras zonas que determine a compañía subministradora.

Planéase unha rede ramificada ou arborescente dende o previsible punto de entronque, que reparta a todo o ámbito do sector seguindo a traza da malla viaria.

A rede estará composta de tubaxes de polietileno para o subministro en baixa presión. Deixaranse previstas as correspondentes claves de corte no inicio de cada ramal.

3.8.7.- Recollida de residuos sólidos:

Os residuos sólidos urbanos serán recollidos seguindo o sistema establecido no Concello de Oroso en virtude do contrato coa empresa concesionaria. A recollida será selectiva, para o cal o sector será dotado dos oportunos recipientes ou contenedores de depósito.

Os residuos de tipo industrial serán tratados por cada produtor ata a parcela de recepción e almacenaxe temporal que a tal efecto resérvase no sector, antes do seu envío aos centros autorizados de revalorización.

3.9.- SISTEMA DE ACTUACIÓN

Conforme ás determinación do P.X.O.M. de Oroso, o sistema de actuación para a xestión do solo pertencente á área de reparto é o de COOPERACIÓN.

Poderán formalizarse convenios ou acordos entre os propietarios de solo e o Concello de Oroso coa finalidade de que estes colaboren nas distintas fases de desenvolvemento da actuación.

Os terreos afectados pola infraestrutura viaria exterior necesaria para dar cumprimento ás determinacións do P.X.O.M. sobre mellora de accesos ao sector e conexión coa estrada nacional N-550, obteranse por expropiación con custo a cargo dos propietarios da área de reparto.

A aprobación do presente Plan parcial implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos terreos exteriores á área de reparto e necesarios para a execución de ditas infraestruturas.

3.10.- APROVEITAMENTO TIPO E COEFICIENTES DE PONDERACIÓN DE USOS E TIPOLOXÍAS

O P.X.O.M. de Oroso estableceu o aproveitamento tipo da área de reparto do sector nº 10 considerando a uniformidade de uso e tipoloxía e, en consecuencia, sen aplicación de coeficientes de ponderación.

No desenvolvemento do presente Plan parcial e, conforme ao sistema de ordenación proposto, ponse en evidencia a existencia de zonas con marcadas diferenzas de uso e de tipoloxía edificatoria, o que fai presupor que o valor económico do aproveitamento urbanístico sexa distinto en cada zona. Sobre esta cuestión, o P.X.O.M. de Oroso establece a posibilidade de que os Plans parciais corrixan os desequilibrios que resulten do sistema de ordenación mediante a aplicación duns coeficientes de ponderación. Así o artigo 9.2.3, no seu parágrafo cuarto, establece:

“Na medida en que os Plans parciais establezan usos e tipoloxías pormenorizadas, poderán xustificadamente establecer novos coeficientes co obxecto de compensar posibles igualdades.”

Para o establecemento dos coeficientes de ponderación aplícase o criterio adoptado no P.X.O.M. baseado na táboa de coeficientes do valor da construción expresada no Real Decreto 1020, de 25 de xuño, de 1993.

Os coeficientes pormenorizados utilizados para as tres variantes tipolóxicas da Ordenanza 1 de uso industrial obtense do valor de mercado consonte a taxación doutro polígono industrial de similares características¹.

¹ Taxacións e valoracións de Galicia, S.A. Polígono Industrial de Alvedro.

ORDENANZA 1A	1,50
ORDENANZA 1A (compatible uso terciario)	2,00
ORDENANZA 1B	1,25
ORDENANZA 1B (compatible uso terciario)	1,70
ORDENANZA 1C	1,00
ORDENANZA 2 (estación de servizo)	1,60
ORDENANZA 3 (comercial exclusivo)	1,60
ORDENANZA 8C (xestión de residuos)	0,90

O aproveitamento lucrativo máximo proposto para cada uso e tipoloxía sería o seguinte:

ORDENANZA 1A	25.484 m ² c
ORDENANZA 1A (compatible uso terciario)	5.216 m ² c
ORDENANZA 1B	63.997 m ² c
ORDENANZA 1B (compatible uso terciario)	56.864 m ² c
ORDENANZA 1C	80.660 m ² c
ORDENANZA 2 (estación de servizo)	900 m ² c
ORDENANZA 3 (comercial exclusivo)	4.453 m ² c
ORDENANZA 8C (xestión de residuos)	2.200 m ² c
TOTAL	239.774 m²c

O aproveitamento lucrativo homoxeneizado referido á tipoloxía característica, representada pola Ordenanza 1C, sería o resultado de multiplica-lo valor de aproveitamento polo seu coeficiente correspondente:

$$A.L.H. = (25.484 \times 1,50) + (5.216 \times 2) + (63.997 \times 1,25) + (56.864 \times 1,70) + (80.660 \times 1,00) + (900 \times 1,60) + (4.453 \times 1,60) + (2.200 \times 0,90) = 316.527,85 \text{ m}^2 \text{ u.t.c.}$$

O novo valor do aproveitamento tipo resulta de dividi-lo aproveitamento lucrativo homoxeneizado entre a superficie da área de reparto:

$$A.T. = \frac{316.527,85 \text{ m}^2}{517.211 \text{ m}^2} = 0,61198978753 \text{ m}^2/\text{m}^2 \text{ u.t.c.}$$

3.11.- RELACIÓN DE PARCELAS E SUPERFICIES AFECTADAS

-Relación de propiedades que integran a área de reparto:

PARCELA	SUPERFICIE REAL
1074	3.110 m ²
1075	27.089 m ²
1076	26.070 m ²
1077	4.151 m ²
1078	26.646 m ²
1079	4.029 m ²
1079b	3.000 m ²
1080	5.918 m ²
1081	43.790 m ²
1082	19.931 m ²
1083	12.355 m ²
1084	626 m ²
1085	896 m ²
1086	1.404 m ²
1087	16.723 m ²
1089	2.479 m ²
1090	2.076 m ²
1091	4.618 m ²
1092	4.049 m ²
1093	3.207 m ²
1097	1.007 m ²
1109 parte	851 m ²
1110 parte	1.841 m ²
1111	765 m ²
1112	765 m ²
1113	1.320 m ²
1114	1.545 m ²
1115	380 m ²
1116	582 m ²
1117	8.310 m ²
1118	11.428 m ²
1123	1.202 m ²
1124	1.951 m ²
1126	1.413 m ²
1129	6.390 m ²
1130	1.713 m ²
1131	5.890 m ²
1132	16.951 m ²
1180+1179	5.429 m ²
1181+1183	8.247 m ²
1182	11.567 m ²
1184	21.596 m ²
1185	8.699 m ²
1186	9.812 m ²
1187	2.517 m ²
1188	11.435 m ²
1189	9.912 m ²
1190	10.084 m ²
1191	12.309 m ²
1192	10.785 m ²
1193	7.673 m ²
1194	7.892 m ²
1195	3.529 m ²
1196	2.200 m ²
1197a	14.601 m ²
1197b	7.623 m ²
1197C	5.345 m ²
1198	4.379 m ²
1199	4.465 m ²
1200	4.343 m ²
1204	8.453 m ²
1205	1.476 m ²
1206	6.089 m ²
1207	12.887 m ²
1208	6.700 m ²
1209	8.917 m ²
1210	2.970 m ²
1211	8.806 m ²
	517.211 m²

- Relación de propiedades afectadas polas infraestruturas viarias exteriores:

PARCELAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

- **SXV-9**

777, 789, 790

801, 794, 793

1.118, 1.140, 1.137, 1.136, 1.135, 1.134, 1.133

809, 1.141, 1.143, 1.144, 1.145, 1.162, 1.163, 1.164

- **ACCESO NORTE (VÍA DE SERVICIO)**

1.164, 1.165, 1.166, 1.167, 1.168

PARCELAS EN SOLO RÚSTICO

- **SXV-9**

772, 773, 774, 775, 776

709, 808, 809

1.212, 1.227, 1.235

1.349

1.241, 1.240, 1.239, 1.236, 1.237

1.256

- **SXV-5 E VÍA DE SERVICIO N-550**

1.161, 1.170, 1.172, 1.171, 1.178

1.242, 1.243, 1.244, 1.245, 1.246, 1.247, 1.248, 1.249, 1.250, 1.251, 1.252, 1.253, 1.254, 1.255, 1.169

1.257, 1.256, 1.258, 1.260, 1.261

2.448, 2.446, 2.445, 2.443, 2.441-1, 2.442-2, 2.440

2.439

2.438, 2.437, 2.436, 2.435, 2.434, 2.433, 2.431

Nota.- As referencias numéricas a parcelas, refírense aos títulos de Concentración Parcelaria.

3.12.- CADRO RESUMO DE CARACTERÍSTICAS

TÁBOA RESUMO DE SUPERFICIES E APROVEITAMENTO	
SUPERFICIE BRUTA DO SECTOR	445.004 m ²
SUPERFICIE DE SOLO RÚSTICO INTERIOR	-13.868 m ²
SUPERFICIE DE VIARIO PÚBLICO EXISTENTE E MANTIDO	-31.512 m ²
SUPERFICIE NETA DO SECTOR	399.624 m ²
COEFICIENTE DE EDIFICABILIDADE	0,60 m ² /m ²
APROVEITAMENTO LUCRATIVO MÁXIMO	239.774 m ² c
APROVEITAMENTO LUCRATIVO HOMOXENEIZADO	316.527,85 m ² u.t.c.
SUPERFICIE DA ÁREA DE REPARTO	517.211 m ²
APROVEITAMENTO TIPO	0,61198978753 m ² /m ²

TÁBOA RESUMO DE SOLO DE CESIÓN DE ÁREA DE REPARTO	
SISTEMA XERAL VIARIO	41.578 m ²
SISTEMA XERAL DE ESPAZO LIBRE (ADSCRITO)	93.962 m ²
SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZO (ADSCRITO)	4.228 m ²
RESERVA INFRAESTRUTURA DA LIÑA AÉREA DE ALTA TENSIÓN	6.061 m ²
RESERVA DE INFRAESTRUTURA DE GASODUTO	7.161 m ²
RESERVA VIARIA NA ESTRADA N-550 (ADSCRITO)	6.263 m ²
SISTEMA LOCAL DE ESPAZO LIBRE	44.742 m ²
SISTEMA LOCAL DE EQUIPAMENTO DE USO DEPORTIVO	8.954 m ²
SISTEMA LOCAL DE EQUIPAMENTO DE USO SOCIAL-CULTURAL	4.495 m ²
SISTEMA LOCAL VIARIO	40.113 m ²
SISTEMA LOCAL DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZO	921 m ²
INFRAESTRUTURA DE SEGURIDADE	10.598 m ²

CADRO RESUMO DA ZONIFICACIÓN DO SECTOR				
CUARTEIRÓN	ORDENANZA	SUPERFICIE	APROVEITAMENTO	
			LUCRATIVO	NON LUCRATIVO
M1a	1C	29.671 m ²	20.165 m ² c	
	4 (SLE _{sc})	4.495 m ²		2.247 m ² c
	5 (SLE _{dp})	8.954 m ²		4.477 m ² c
M1b	1C	89.498 m ²	60.495 m ² c	
	6C (SLE _{ei})	629 m ²		
M2a	8C	8.520 m ²	2.200 m ² c	
	1B	18.254 m ²	18.254 m ² c	
	1A	3.747 m ²	4.496 m ² c	
	8B (SLIS)	100 m ²		
M2b	3	4.453 m ²	4.453 m ² c	
	1B	9.659 m ²	9.659 m ² c	
	1B	20.206 m ²	20.206 m ² c	
	1A	3.238 m ²	3.886 m ² c	
	8B (SLIS)	100 m ²		
M3a	8B (SLIS)	100 m ²		
	1A	3.751 m ²	4.501 m ² c	
	1B	12.654 m ²	12.654 m ² c	
	1A	3.754 m ²	4.505 m ² c	
	8B (SLIS)	100 m ²		
M3b	8B (SLIS)	100 m ²		
	1A	3.277 m ²	3.932 m ² c	
	1B	10.299 m ²	10.299 m ² c	
	1A	3.470 m ²	4.164 m ² c	
	8B (SLIS)	100 m ²		
M4	1A	2.040 m ²	2.448 m ² c	
	1A	2.307 m ²	2.768 m ² c	
	1B	26.999 m ²	26.999 m ² c	
	8B (SLIS)	64 m ²		
	8B (SLIS)	68 m ²		
	8D	10.598 m ²		10.598 m ² c
M5a	1B	22.790 m ²	22.790 m ² c	
M5b	6B (SLEL)	15.039 m ²		
	8B (SLIS)	189 m ²		
	2	2.764 m ²	900 m ² c	
		321.987 m²	239.774 m²c	

4.- PLAN DE ETAPAS

Establécese un único polígono de actuación aos efectos da xestión e a urbanización do solo.

O proceso de urbanización desenvolverase nunha etapa, coa particularidade de que se dará prioridade ás obras exteriores de conexión viaria e enlace coa estrada N-550 de forma que o tráfico xerado pola obras de urbanización do sector utilice os novos accesos.

Conforme ás determinacións do P.X.O.M. de Oroso, as obras de urbanización deberán estar executadas antes de finaliza-lo primeiro cuatrienio de vixencia do Plan Xeral, o que significa que as obras deberán rematarse no mes de marzo de 2009.

Os soares serán edificadas nun prazo máximo de dous (2) anos dende a recepción das obras de urbanización.

Porén o anterior o Concello de Oroso comprobará coa antelación suficiente o grao de desenvolvemento da edificación no polígono industrial de Sigüeiro de forma que antes do outorgamento de licenzas de edificación no Sector nº 10 deberá estar edificada ao menos unha terceira parte do aproveitamento do parque empresarial de Sigüeiro.

5.- AVALIACIÓN ECONÓMICA DA ACTUACIÓN

OBRAS EXTERIORES DE CONEXIÓN VIARIA

Enlace viario en estrada N-550 (SXV-5)	1.060.000 €
Mellora da intersección dos Mariñaos (SXV-6)	60.000 €
Vía de servizo paralela á N-550 e conexións co Sector	400.000 €
Vía de acceso ao sector (SXV-9)	127.000 €
TOTAL	1.647.000 €

OBRAS DE URBANIZACIÓN EXTERIORES AO SECTOR

Liña exterior de media tensión e conexión en subestación	641.200 €
Conexión do saneamento na rede municipal	7.000 €
Estación depuradora de augas residuais	860.000 €
Liña exterior de abastecemento de auga e acometidas á rede municipal	65.000 €
Acondicionamento de sendas peonís en espazo libre adscrito	20.000 €
TOTAL	1.593.200 €

OBRAS DE URBANIZACIÓN DO SECTOR

Acondicionamento do terreo	880.000 €
Pavimentación	2.520.000 €
Sinalización	120.000 €
Rede de saneamento de fecais	400.000 €
Rede de evacuación de augas pluviais	436.000 €
Abastecemento de auga corrente sanitaria	360.000 €
Rede de hidrantes contra incendio	80.000 €
Rede de rega	150.000 €
Rede de electricidade	968.000 €
Rede de alumeadado público	1.320.000 €
Rede de telecomunicacións	792.000 €
Rede de gas cidade	160.000 €
Xardinería	242.000 €
Control de calidade e seguimento ambiental	120.000 €
TOTAL	8.548.000 €

CUSTO TOTAL ESTIMADO DE EXECUCIÓN MATERIAL DAS OBRAS

11.788.200 €

VALORACIÓN CUSTO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS AFECTADOS POR INFRAESTRUCTURA VIARIA EXTERIOR:

Valor estimativo do solo de núcleo rural	_____	30 €/m ²
Valor estimativo en solo rústico	_____	9 €/m ²
Superficie en solo de núcleo rural	_____	9.325 m ²
Superficie en solo rústico	_____	29.130 m ²
Custo estimado de expropiación	_____	541.920 €

INFRAESTRUTURAS COMPARTIDAS. REPARTO DE CUSTOS:

ENLACE VIARIO EN ESTRADA N-550 (SXV-5)			
	APROVEITAMENTO	%	CUSTO
AR-SECTOR Nº 10	239.774 m ² c	83%	879.800 €
AR-SECTOR Nº 9	49.359 m ² c	17%	180.200 €
	289.133 m²c	100%	1.060.000,00 €

MELLORA INTERSECCIÓN DOS MARIÑEOS (SXV-6)			
	APROVEITAMENTO	%	CUSTO
AR-SECTOR Nº 10	239.774 m ² c	83%	49.800 €
AR-SECTOR Nº 9	49.359 m ² c	17%	10.200 €
	289.133 m²c	100%	60.000,00 €

ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (SXIS-6)			
	APROVEITAMENTO	%	CUSTO
AR-SECTOR Nº 10	239.774 m ² c	34%	292.400 €
AR-SECTOR Nº 11	461.949 m ² c	66%	567.600 €
	289.133 m²c	100%	860.000,00 €

Nota.- Conforme ás determinacións do P.X.O.M., os integrantes da área de reparto do sector nº 10 están na obriga de executa-las obras de urbanización das infraestruturas exteriores de conexión, sen prexuízo do dereito a reintegro dos custos compartidos con outras áreas de reparto no momento en que se proceda á equidistribución das mesmas.

HONORARIOS FACULTATIVOS:

HONORARIOS DE PROXECTO DE REPARCELACIÓN	_____	118.228 €
HONORARIOS DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN (incluído dirección de obra)	_____	318.600 €

6.- **NORMATIVA URBANÍSTICA**

6.1.- **NORMAS XERAIS**

ART. 1.- NATUREZA, ÁMBITO E VIXENCIAS

1. O presente Plan parcial desenvolve a área de reparo do sector nº 10 de solo urbanizable de uso industrial de Oroso
2. O Plan non entrará en vigor ata que se produza a publicación no BOP dos textos íntegros do acordo de Aprobación Definitiva e da Normativa Urbanística, e transcorra o prazo previsto no Art. 65.2 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, das Cortes Xerais, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril. A súa vixencia será indefinida.
3. As presentes Ordenanzas serán de aplicación obrigatoria para a redacción de Estudos de Detalle, Proxectos de Urbanización e de Edificación, de Reparcelación e de Parcelación, tanto privadas como de carácter público que se pretendan realizar dentro do ámbito do Plan parcial.

ART. 2.- RELACIÓN CO P.X.O.M. DE OROSO

En tódolos puntos non desenvolvidos no presente Plan parcial, estarase ao disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso.

ART. 3.- ALCANCE NORMATIVO DOS DOCUMENTOS

1. O alcance normativo do Plan deriva do contido normativo dos documentos que o integran:
Ordenanzas reguladoras, Estudo Económico, Plan de Etapas e Planos de Ordenación que terán carácter obrigatorio.
2. A cartografía a escala 1/1.000 que constitúe a base gráfica sobre a que se debuxou a planimetría terá o carácter de cartografía municipal oficial e o seu uso será obrigatorio para reflecti-lo emprazamento e determinacións de calquera actuación de planeamento ou de calquera petición de licenza urbanística. O Concello poderá crea-la correspondente ordenanza para a expedición de copias reproducibles da cartografía oficial.

ART. 4.- MODIFICACIÓNS

1. A modificación de calquera dos elementos do Plan axustarase ao previsto na Lei e en o non previsto ao disposto por estas ordenanzas.
2. As modificacións non poderán alterar en ningún caso o teito máximo de edificabilidade definido no Plan Xeral de Oroso. Estarase ao disposto no artigo 94 da Lei 9/2002.

ART. 5.- DESENVOLVEMENTO OBRIGATORIO

Para a execución do Plan parcial redactaranse obrigatoriamente os Proxectos de Urbanización correspondentes.

ART. 6.- ESTUDOS DE DETALLE

O Concello poderá esixir a redacción de Estudos de Detalle cando a complexidade no deseño interior da parcela, a nivel de urbanización, volumes, circulación e aparcamento, o requira.

ART. 7.- EXECUCIÓN

A execución do Plan parcial realizarase por polígono único.

ART.8.- SISTEMA DE ACTUACIÓN

Fíxase como sistema de actuación para o polígono único delimitado no presente documento, o de cooperación. Este sistema só poderá ser substituído por algúns dos outros contemplados na Lexislación Urbanística e nos supostos establecidos no Regulamento de Xestión Urbanística.

ART. 9.- DEFINICIÓNS

A efectos destas ordenanzas considéranse as definicións incluídas no Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso. De forma complementaria establécense as seguintes puntualizacións:

Edificabilidade:

Virá expresada en termos absolutos (metros cadrado edificables) para cada ámbito ou norma zonal ou mediante coeficiente.

Computarán edificabilidade tódalas superficies edificables de carácter lucrativo, calquera que sexa o uso a que se destinen, incluídas as construídas no subsolo e os aproveitamentos baixo cuberta, coa única excepción das construídas no subsolo con destino a aparcamentos e instalacións técnicas de servizos.

Altura da edificación:

A altura da edificación é a dimensión vertical dun edificio. Exprésase en metros, medida dende a rasante do terreo ou pavimento ata a cara inferior do último forxado. A medición farase en calquera punto da fachada en contacto co terreo ou pavimento, se o houbese, agás indicación contraria nas ordenanzas.

Altura libre de planta baixa:

A altura libre da planta baixa (distancia entre solo e teito terminado) será igual ou superior a 2,70 m. Todo isto sen prexuízo de establecer maior altura como resultado de aplicar normativas sectoriais en virtude da actividade ou uso específico a implantar.

6.2.- NORMAS COMÚNS DE EDIFICACIÓN

ART. 10.- PARÁMETROS E DETERMINACIÓNS REGULADORAS

A edificación no ámbito do Plan parcial adecuarase á norma zonal correspondente, en virtude do uso e tipo de edificación planeada.

Os parámetros e determinacións reguladores que se establecen para cada tipo son:

- Aliñación exterior (segundo planos)
- Altura máxima
- Superficie edificable máxima
- Parcela mínima
- Fronte mínima
- Recuamentos
- Ocupación máxima
- Usos permitidos

En ausencia de definición estarase ao disposto no P.X.O.M. de Oroso.

ART. 11.- CONDICIÓNS XERAIS DE USO

1. Son as condicións que regulamentan as diferentes utilizacións dos terreos e edificacións segundo a actividade que se produza sobre eles.
2. Os usos divídense en permitidos e prohibidos en base á súa adecuación a cada zona e os fines da ordenación e á compatibilidade dos usos entre si.
3. As compatibilidades de uso establécense en cada ordenanza.

ART. 12.- LIÑAS DE EDIFICACIÓN

1. Son aquelas liñas que a futura edificación sobre a rasante non pode sobrepasar; veñen definidas polos recuamentos máximos ou mínimos, no seu caso, á aliñación exterior ou aos lindes da parcela.

ART. 13.- SUPERFICIE EDIFICABLE

1. O presente Plan parcial establece a superficie edificable máxima por cada zona. O Proxecto de Reparcelación establecerá o reparto de aproveitamento para cada parcela.

ART. 14.- SOTO

1. Permítese de acordo á definición do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso.

ART. 15.- CUBERTAS

Estarase ao disposto no artigo 32.4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso.

Coa finalidade de contribuír ao aforro enerxético en concepto de iluminación, propónse un deseño de cuberta que permita o paso da luz indirecta. Deberase xustificar que as solucións de iluminación natural propostas no producen efectos indesexados na temperatura de confort interior que obriguen a un incremento de consumo.

ART. 16.- CONDICIÓN DOS PECHES

As parcelas de uso industrial cualificadas coas ordenanzas 1B, 1C, 8C e 8D, consonte á definición dos artigos seguintes, deberán pechase mediante un muro de obra de 0,50 metros de altura.

Por riba desta altura o peche poderase prolongar ata unha altura de 3,00 metros mediante malla metálica rixida ou vexetación.

Nos ámbitos cualificados coa ordenanza 1A prohibese o peche da finca.

Para outros usos permitidos no sector e para o resto dos ámbitos ou zonas, o peche será voluntario. De se facer, cumprirá as condicións anteriores, agás indicación específica en cada ordenanza.

6.3.- NORMAS PARTICULARES APLICABLES ÁS ZONAS**ART. 17.- ORDENANZA 1. ACTIVIDADES INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE ALMACENAXE****1. Condicións de tipoloxía e uso:****Definición**

Comprende os ámbitos destinados ao desenvolvemento da actividade industrial, produtiva, de almacenaxe e de distribución, así como a actividade comercial maiorista, de gran superficie ou vinculada á produción.

Ámbito de aplicación

É o sinalado nos planos de ordenación mediante unha cor e un código de ordenanza identificado na lenda correspondente.

Variantes tipolóxicas

En virtude do sistema de implantación proposto e as condicións particulares de uso, defínense tres variantes tipolóxicas:

- Tipoloxía A: Comprende os ámbitos reservados á implantación de edificios acaroados, de pequeno tamaño que ocupan a parcela de forma intensiva.
- Tipoloxía B: Comprende os ámbitos reservados á implantación de edificios de mediano tamaño dispostos de forma illada na parcela ou ben de forma acaroada en caso de existir acordo de colindancia entre lindeiros laterais.

En caso de planearse acordo de colindancia entre varias parcelas, o Concello esixirá a redacción dun Estudo de detalle ao obxecto de formaliza-la fronte e o volume edificado. Seguindo o criterio do P.X.O.M., non se admitirá unha fronte edificada de lonxitude superior a 100 metros.

- Tipoloxía C: Sistema de ordenación para a implantación de edificios de gran superficie edificada ou ben para o desenvolvemento de actividades que demandan gran superficie de solo. Contémplase unha ocupación moderada da parcela.

Condicións de deseño ou estéticas

Serán esixibles unhas condicións mínimas de deseño da edificación, sendo a Memoria do Proxecto o instrumento para xustifica-la proposta arquitectónica.

As fachadas, imaxe visible do edificio, constituiranse como elementos importantes do proxecto, sendo a cor, a textura dos materiais de peche e os ocos, os elementos que definen a composición destas.

Prestarase especial observancia ademais nos paramentos laterais dos conxuntos de edificacións acaroadas, os cales serán tratados como fachadas.

O Concello poderá requiri-la elaboración de Estudos de detalle cando se advirta a necesidade de mellora nas condicións de implantación da edificación e nas condicións de relación entre edificios de igual ou diferente ordenanza de aplicación por motivos de escala, encontro de cornixas, etc.

Usos permitidos

O uso principal é o industrial estendido a todas aquelas actividades relacionadas coa produción, elaboración, manufacturación, almacenaxe, distribución e venda maiorista.

Prohíbese expresamente o uso residencial agás nos termos expostos máis adiante para a variante tipolóxica C.

O uso industrial terá as limitacións que se derivan da lexislación sectorial en función dos condicionantes ambientais, distancia a núcleos habitados, seguridade, etc.

En función da variante tipolóxica proposta, determínanse as seguintes limitacións aos usos e o seguinte réxime de compatibilidade, conforme á definición dos usos contida no P.X.O.M. de Oroso:

- Tipoloxía A: Uso industrial, agás en categoría 5ª, a cal se prohíbe.
Usos compatibles:
 - . Garaxe-aparcamento, en categorías 1ª, 3ª e 5ª
 - . Comercial, en categorías 1ª e 2ª
 - . Oficina-administrativo, en categorías 1ª e 2ª
 - . Deportivo, en categoría 1ª, aínda que a actividade se desenvolva ocupando a totalidade do edificio, como ximnasios, deportes en sala, etc.

- Tipoloxía B: Uso industrial, agás en categoría 5ª, a cal se prohíbe.
Usos compatibles:
 - . Garaxe-aparcamento, en categorías 1ª, 2ª, 3ª e 5ª
 - . Comercial, en categorías 1ª e 2ª
 - . Oficina-administrativo, en categorías 1ª e 2ª
 - . Deportivo, en categorías 1ª e 2ª.

Nos cuarteiróns sinalados coa trama que identifica “compatibilidade de usos terciarios” admítense ademais os seguintes usos:

 - . Comercial, en tódalas categorías
 - . Hoteleiro, en tódalas categorías
 - . Hostaleiro-restauración, en tódalas categorías
 - . Recreativo e espectáculos públicos, en tódalas categorías
 - . Sociocultural, en tódalas categorías
 - . Dotacional-administrativo, en tódalas categorías
 - . Sanitario-asistencial, en categorías 3ª e 4ª con excepción de cemiterio.

O uso industrial nas zonas onde se outorga este réxime de compatibilidade estará limitado a aquelas industrias e almacéns que desenvolvan a súa actividade no interior de edificios ao obxecto de non prexudicar ambientalmente o uso terciario. Polo tanto, non se admitirá nestas zonas o desenvolvemento de actividade (procesos fabrís, almacenaxe, etc.) en situación ao aire libre.

- Tipoloxía C: Uso industrial en tódalas categorías.
Usos compatibles:
 - . Residencial, en categoría 4ª
 - . Garaxe-aparcamento, en categorías 1ª, 2ª, 3ª e 5ª
 - . Oficina-administrativo, en categorías 1ª e 2ª.

Reserva de prazas de aparcamento

En cumprimento dos estándares sobre reserva de prazas de aparcamento de titularidade privada, vincúlase a cada zona ou ámbito unha reserva mínima obrigatoria conforme ás indicacións expostas en planos de ordenación.

O Proxecto de Reparcelación deberá reparti-la reserva total de cada ámbito entre as parcelas resultantes utilizando o criterio de proporcionalidade en base ao aproveitamento lucrativo asignado.

As prazas de aparcamento realizadas ao aire libre construíranse con pavimentos filtrantes.

2. Condicións que deben cumpri-las parcelas:

Parcela mínima

- . Tipoloxía A: 300 m²
- . Tipoloxía B: 1.000 m²
- . Tipoloxía C: 4.000 m²

Fronte mínima

- . Tipoloxía A: 10 m
- . Tipoloxía B: 30 m para os casos de edificación illada. En caso de acordo entre lindantes a fronte mínima fíxase en 15 m.

Non se admitirán parcelas con fronte exclusiva ás zonas de aparcamento previstas nos cuarteiróns M2a, M3a e M4.

- . Tipoloxía C: 20 m

Condicións de forma

Esixírase que as parcelas se axusten, no posible, a disposicións de lindes rectos, formas rectangulares e ortogonais ás aliñacións.

3. Condicións de ocupación da parcela:

Ocupación máxima

- . Tipoloxía A: A que resulte de aplica-lo recuamento da edificación respecto á aliñación. Exprésase en planos de ordenación. En planta soto poderase ocupa-la totalidade da parcela.
- . Tipoloxía B: 75% da superficie da parcela. En todo caso respectarán os recuamentos impostos, aínda que isto supoña unha ocupación menor.
- . Tipoloxía C: 60% da superficie da parcela.

Recuamentos e separacións

. Tipoloxía A: Establécese un recuamento da edificación respecto á aliñación ou liña de deslinde de parcela a viario público. A medida exprésase graficamente nos planos de ordenación. O recuamento a linde posterior é voluntario e de se facer respectará unha distancia mínima de 5 m.

. Tipoloxía B: Como norma xeral propónse unha ordenación en edificios illados afastados de tódolos lindes con outras parcelas, mantendo unha distancia mínima a lindeiros de 3 m. No entanto, mediante acordo entre lindeiros, poderase establecer a agrupación compartindo lindeiros laterais. O acordo de colindancia deberase inscribir no Rexistro da Propiedade. De optar por este tipo de ordenación, esixírase a formulación dun Estudo de Detalle ao obxecto de resolver axeitadamente o deseño formal da fachada común.

En todo caso estarase ao disposto na determinación do Plan Xeral respecto á limitación de non supera-la medida de 100 m na fronte dos conxuntos acaroados.

Os recuamentos da edificación respecto á aliñación ou peche de parcela a viario público así como ao linde posterior exprésanse graficamente nos planos de ordenación.

. Tipoloxía C: Establécese unha separación mínima de 10 m entre a edificación e calquera tipo de linde, incluída a aliñación que deslinda a parcela do espazo público do viario ou zona verde.

A zona de recuamento que dá fronte á Rúa "F" terá un tratamento axardinado e con especies arbóreas de gran porte ao obxecto de atenuar efectos de imaxe e de ruído respecto ao núcleo de Vilacide.

4. Condicións de volume e aproveitamento:

Altura máxima

. Tipoloxía A: 11 m. Será obrigatorio acadar esta altura a non ser que mediante Estudo de detalle se fixe outra altura menor para todo o conxunto acaroado.

.Tipoloxías B e C: 12 m. Admítense maior altura cando se trate de elementos da instalación que, de xeito puntual, resulten necesarios para o normal funcionamento da mesma, ou ben por necesidades da actividade fabril.

Edificabilidade

O presente Plan parcial establece de forma absoluta para cada ámbito tipolóxico diferenciado, o aproveitamento lucrativo ou edificabilidade. Correspóndelle ao Proxecto de Reparcelación a fixación ou reparto de aproveitamento a cada parcela.

5. Réxime aplicable aos enclaves existentes situados no cuarteirón M5a:

As edificacións e instalacións existentes e situadas nos cuarteiróns M5a poderán mante-la súa actividade aínda que non se axusten a tódolos parámetros definidos nesta ordenanza para a tipoloxía B.

En caso de demolición voluntaria e nova construción, deberanse adaptar integramente ao disposto no presente Plan parcial.

En caso de necesidade de ampliación da edificación, poderanse esgota-las condicións de volume e aproveitamento ata os límites máximos establecidos no apartado 4), en cuxo caso esixirase o cumprimento da reserva mínima de prazas de aparcamento e das condicións de ocupación da parcela definidas no apartado 3.

ART. 18.- ORDENANZA 2. ESTACIÓN DE SERVIZO

1. Condicións de tipoloxía e uso:

Definición

Comprende o ámbito destinado á construción e instalación dunha estación de servizo ou punto de venda de carburante.

Ámbito de aplicación

É o sinalado nos planos de ordenación mediante o cor e código de ordenanza correspondente.

Usos permitidos

O uso principal é graraxe-aparcamento en categoría 4ª, conforme á definición contida no artigo 4.2.2. do P.X.O.M. de Oroso.

Establécense como compatibles e asociados aqueles outros usos normalmente vinculados ao uso principal e que serven de complemento:

- . O resto de categorías pertencentes a este uso, agás da categoría 3ª, a cal se prohíbe.
- . Comercial, en categoría 1ª.
- . Oficina, en categoría 1ª.
- . Hostaleiro-restauración, en categoría 1ª.
- . Hoteleiro.

Reserva de prazas de aparcamento

En cumprimento dos estándares sobre reserva de prazas de aparcamento de titularidade privada, vincúlase a este ámbito a reserva mínima obrigatoria conforme ás indicacións expostas en planos de ordenación.

As prazas de aparcamento realizadas ao aire libre construíranse con pavimento filtrante.

2. Condicións que debe cumprir-la parcela:

O ámbito de aplicación desta ordenanza establecerase en parcela única, coa dimensión e forma que reflictan os planos de ordenación.

3. Condicións de ocupación da parcela:

Ocupación máxima

A edificación ocupará como máximo un 25% da superficie da parcela.

Aos efectos de computar este concepto non se incluírá a marquesiña que cubre o espazo de repostaxe ou marquesiñas de aparcamento de vehículos, corredores cubertos para evita-la choiva, etc. Tampouco se computarán os elementos de maquinaria ou servizos técnicos como depósitos de combustible, máquinas de lavado, etc.

Recuamentos ou separacións

Todo elementos pertencente á instalación, xa sexa baixo rasante ou en superficie, deberase afastar un mínimo de 3,00 m respecto a lindeiros e aliñación.

4. Condicións de volume e aproveitamento:

Altura máxima

- . Edificacións pechadas: 4,00 m.
- . Marquesiñas aparcamento turismos e peóns: 3,00 m.
- . Marquesiña sobre surtidores: 6,00 m.

Edificabilidade

É a expresada, de forma absoluta nos planos de ordenación. Para determina-la superficie edificada computable aplicarase o mesmo criterio exposto no parámetro de ocupación máxima.

ART. 19.- ORDENANZA 3. COMERCIAL EXCLUSIVO

1. Condicións de tipoloxía e uso:

Definición

Comprende o ámbito destinado, por imperativo regulamentario, a uso comercial. Será de titularidade privada e de uso público.

Ámbito de aplicación

É o sinalado nos planos de ordenación mediante a cor e código de ordenanza correspondente.

Usos permitidos

O uso principal é comercial en categoría 2ª, 3ª, 4ª e 5ª. Admítense usos asociados e compatibles ao principal como:

- . Garaxe-aparcamento, en categorías 1ª e 2ª.
- . Industria, en categoría 1ª, entendida a súa vinculación ao uso principal comercial.
- . Oficina e administrativo, en categoría 1ª.
- . Hostaleiro-restauración, en tódalas categorías.
- . Recreativo e espectáculos públicos, en categorías 1ª e 2ª.

Reserva de prazas de aparcamento

En cumprimento dos estándares sobre reserva de prazas de aparcamento de titularidade privada, vincúlase a este ámbito a reserva mínima obrigatoria conforme ás indicacións expostas en planos de ordenación.

As prazas de aparcamento realizadas ao aire libre construíranse con pavimento filtrante.

2. Condicións que debe cumprir-la parcela:

O ámbito de aplicación desta ordenanza establecerase en parcela única, coa dimensión e forma que reflectan os planos de ordenación.

3. Condicións de ocupación da parcela:

Ocupación máxima

É a que resulta de aplica-los recuamentos.

En planta soto poderá ocuparse a totalidade da parcela.

Recuamentos ou separacións

Establécese unha separación mínima de 5,00 m respecto a lindeiros con outras parcelas.

O recuamento da edificación respecto á aliñación ou peche de parcela a viario público exprésase graficamente nos planos de ordenación.

As áreas non ocupadas pola edificación e pavimentación recibirán un tratamento axardinado.

4. Condicións de volume e aproveitamento:

Altura máxima

Establécese unha altura máxima de 8,00 m.

Edificabilidade

É a expresada en termos absolutos nos planos de ordenación.

ART. 20.- ORDENANZA 4. EQUIPAMENTO SOCIAL

1. Condicións de tipoloxía e uso:

Definición

Comprende o ámbito destinado, por imperativo regulamentario, á construción dun edificio de titularidade e uso público de carácter social.

Ámbito de aplicación

É o sinalado nos planos de ordenación mediante a cor e código de ordenanza correspondente, así como polo distintivo de equipamento público "SLE_{SC}".

Usos permitidos

O edificio deberá destinarse principalmente á función social e cultural ao servizo da poboación da parroquia de San Martiño ou ben ao servizo dos usuarios do polígono industrial: centro social, de reunión, asociación; fomento da cultura como biblioteca, local de exposicións; gardería infantil; servizo funerario, etc.

Admitiranse usos asociados e compatibles ao uso principal como aparcamentos, hostalería en réxime de concesión para a instalación de bar, cafetería ou comedor, así como instalacións técnicas de servizo ao polígono.

Reserva de prazas de aparcamento

Reservarase unha praza de aparcamento por cada 100 m² construídos, a dispoñer no interior da parcela.

As prazas de aparcamento realizadas ao aire libre construíranse con pavimento filtrante.

2. Condicións que debe cumprir-la parcela:

O ámbito de aplicación desta ordenanza establecerase en parcela única, coa dimensión e forma que reflectan os planos de ordenación.

3. Condicións de ocupación da parcela:

Ocupación máxima

A edificación ocupará como máximo un 50% da superficie da parcela.

Recuamentos ou separacións

Planéase un edificio illado, afastado de tódolos seus lindes. A separación mínima respecto a lindes con outras parcelas será de 5,00 m. O recuamento da edificación respecto á aliñación ou peche da parcela a viario público será a expresada graficamente nos planos de ordenación.

As áreas non ocupadas pola edificación e pavimentación recibirán un tratamento axardinado.

4. Condicións de volume e aproveitamento:

Altura máxima

Establécese unha altura máxima de 8,00 m.

Edificabilidade

A superficie edificable máxima será a que resulte de multiplica-la superficie da parcela por un coeficiente de 0,50 m²/m².

Por se tratar dun solo público dotacional, esta edificación non consume aproveitamento no cómputo do aproveitamento total do sector.

ART. 21.- ORDENANZA 5. EQUIPAMIENTO DEPORTIVO**1. Condicións de tipoloxía e uso:****Definición**

Comprende o ámbito destinado, por imperativo regulamentario, á construción dunha instalación de uso deportivo de titularidade e uso público.

Ámbito de aplicación

É o sinalado nos planos de ordenación mediante a cor e código de ordenanza correspondente, así como polo distintivo de equipamento público "SLE_{dp}. Ordenanza 5".

Usos permitidos

O Uso principal é o deportivo en categoría 2ª. Admitiranse outros usos asociados e compatibles ao principal como garaxe-aparcamento en categorías 1ª e 2ª, administrativo vinculado á dotación pública, social e cultural así como hostaleiro-restauración en categoría 1ª. Admítense instalacións técnicas de servizo ao polígono.

Reserva de prazas de aparcamento

Reservarase unha praza de aparcamento por cada 100 m² construídos, a dispoñer no interior da parcela.

As prazas de aparcamento realizadas ao aire libre construíranse con pavimento filtrante.

2. Condicións que debe cumprir-la parcela:

O ámbito de aplicación desta ordenanza establecerase en parcela única, coa dimensión e forma que reflectan os planos de ordenación.

3. Condicións de ocupación da parcela:**Ocupación máxima**

A edificación ocupará como máximo un 50% da superficie da parcela.

Recuamentos ou separacións

De realizarse unha edificación, esta colocarse de forma illada na parcela, afastándose un mínimo de 5,00 m dos lindeiros con outras parcelas. A separación ou recuamento da edificación respecto á aliñación ou peche de parcela a viario público será a expresada graficamente nos planos de ordenación.

Non se esixirán separacións ás instalacións de uso deportivo descubertas e que se desenvolvan en superficie.

As áreas non ocupadas pola edificación e pavimentación recibirán un tratamento axardinado.

4. Condicións de volume e aproveitamento:**Altura máxima**

Establécese unha altura máxima de 8,00 m.

Edificabilidade

A superficie edificable máxima será a que resulte de multiplica-la superficie da parcela por un coeficiente de 0,50 m²/m².

Por se tratar dun solo público dotacional, esta edificación non consume aproveitamento no cómputo do aproveitamento total do sector.

ART. 22.- ORDENANZA 6. ESPAZOS LIBRES

1. Definición e condicións de uso:

Definición

Esta ordenanza regula as condicións de utilización e uso das parcelas cualificadas de sistema de espazos libres que son obxecto de cesión ao Concello por imperativo regulamentario e do planeamento de rango superior, así como por motivos de mellora das condicións ambientais do sector.

Ámbitos de aplicación

Establécense tres ámbitos destinados a espazos libres de dominio e uso público:

- Ámbito destinado a sistema xeral de espazo libre público SXEL, como consecuencia de aplica-la determinación do P.X.O.M. de Oroso de adscribir ao sector os terreos rústicos de especial protección das augas, situados na marxe esquerda do Rego da Pena. Estes terreos identifícanse nos planos de ordenación coa súa cor correspondente e o distintivo de "SXEL. Ordenanza 6A".
- Ámbito destinado a sistema local de espazo libre público SLEL, como resultado de cumpri-lo estándar regulamentario de superficie de zona verde ao servizo do sector e a determinación do P.X.O.M. de Oroso de localizar estes espazos en zona de policía de canles. Estes terreos identifícanse nos planos de ordenación coa súa cor e o distintivo de "SLEL. Ordenanza 6B".
- Ámbito destinado a sistema local de espazo libre público SLEL localizado no entorno inmediato ao exemplar de *Quercus Robur*. Identifícase nos planos de ordenación mediante a cor correspondente e o distintivo de "SLEL. Ordenanza 6C".

Condicións de uso e urbanización

O uso principal é o de espazo libre en categoría 2ª, conforme á definición establecida no P.X.O.M. de Oroso.

- Ámbito de SXEL. Ordenanza 6A:

Pola súa condición de solo rústico de especial protección o seu réxime é o previsto no artigo 8.2.3. do P.X.O.M. en consonancia coa Lei 9/2002. Terá un nivel de intensidade de uso reducido xa que se pretende conseguir un parque fluvial que conserve as calidades ambientais existentes, cun grao de transformación mínimo.

Entre as actuacións previstas figuran o trazado de sendas peonís e de bicicleta e a colocación de mobiliario e sinalización mínima e básica, realizada con materiais de orixe natural. Recuperarase a traza do camiño antigo entre o núcleo da Pena e o novo cemiterio, tal e como sinalan os planos de ordenación.

Neste ámbito non se contempla dotación de alumeadado público para evitar efectos de contaminación luminosa no espazo protexido.

O Proxecto de urbanización será fiel ao deseño de itinerarios previsto no Plan, cos axustes necesarios de adaptación á realidade física.

- Ámbitos de SLEL. Ordenanza 6B:

O nivel de urbanización e de uso será acorde ao destino de parque urbano e xardín previsto para estes ámbitos.

Urbanizarase unha rede viaria peonil e de bicicleta mediante sendas de ancho comprendido entre 2,00 e 3,00 metros realizadas con pavimentos filtrantes. Sobre esta rede peonil asociarase unha rede de alumeadado público e mobiliario urbano (bancos, papeleiras, etc.)

O 20% da superficie de cada ámbito poderá ser destinada a parque infantil. Deberase coutar e pechar mediante valo de madeira e cumprirá a lexislación específica de aplicación.

O resto da superficie será axardinada e forestada con especies características desta zona (carballeiras, saucedas, alisedas).

Autorízase, con carácter puntual, a colocación de infraestruturas de servizo ao sector como bombeos, transformadores, etc. En caso de se construír sobre rasante, deberán pechase con malla metálica e ocultarse con vexetación perimetral.

- Ámbito de SLEL. Ordenanza 6C:

O obxectivo e razón de ser deste ámbito é a creación dun espazo axardinado no entorno do exemplar de *Quercus Robur* que garante a súa conservación.

Admitirase un grao de urbanización axeitado á creación dun espazo de estancia, de sombra. Utilizaranse pavimentos filtrantes a base de pezas (lastro, xisto, etc.) nas zonas peonís, respectando en todo caso sen pavimentar unha distancia mínima de 5 metros de raio medidos dende o fuste do exemplar de carballo.

Poderase planear unha iluminación ao obxecto de realza-la imaxe nocturna deste elemento.

ART. 23.- ORDENANZA 7. SISTEMA VIARIO**1. Definición e condicións de uso:**Definición

Comprende o solo destinado a conforma-la estrutura viaria de comunicación do sector e de conexión coa rede exterior xa existente, e que se compón de todos aqueles elementos que forman parte da infraestrutura como calzadas, aparcamentos, beirarrúas, separadores ou organizadores do tráfico, sinalización viaria, etc.

Ámbitos de aplicación

Establécense dous ámbitos de aplicación en virtude da dobre cualificación:

- Ámbitos de sistema xeral viario, conforme ás accións previstas e determinacións gráficas vinculantes do P.X.O.M. de Oroso e que o presente Plan parcial asume e concreta de forma detallada.

Está formado por los seguintes tramos ou elementos:

- . Enlace a distinto nivel en estrada nacional N-550. Codificado no P.X.O.M. como SXV-5.
 - . Intersección dos Mariños en estrada nacional N-550. Codificado no P.X.O.M. como SXV-6.
 - . Viario de acceso ao sector dende SXV-5 e SXV-6. Codificado no P.X.O.M. como SXV-9. No interior do sector adopta o nome de rúa "A".
 - . Viario perimetral do sector e a súa prolongación ata a área de reparto do sector nº 11. Adopta os nomes de rúa "C", rúa "D" e rúa "F".
 - . Vía de servizo de acceso ao sector paralela á estrada nacional, dende o p.k. 46.070 ata SXV-5.
- Ámbitos de sistema local viario, formado polo restantes viarios subordinados aos de sistema xeral e que completan a malla urbana do sector. Pertencen ao sistema local as rúas "B", "G", "H", "I" e "J".

Condicións de uso e utilización

O sistema viario será destinado aos movementos e circulación de persoas e vehículos, así como ao estacionamento dos vehículos e a circulación en bicicleta nas zonas reservadas para isto.

Non se admitirán obras ou instalacións que non estean directamente vinculadas ou que non presten servizo á rede viaria, como podan ser as instalacións de sinalización, organización do tráfico, iluminación.

O Proxecto de urbanización deberá definir con precisión os espazos reservados para contedores de residuos sólidos urbanos, incorporando medidas de ocultación.

Na zona de tránsito peonil e nas bandas axardinadas poderán ademais incluírse os elementos de mobiliario urbano ao servizo do peón, así como a plantación de arborado. Con carácter puntual, poderá autorizarse a instalación de casetas ou quioscos. A colocación destes elementos seguirá criterios tendentes a facilitar o tráfico peonil e en calquera caso deberá cumprir os criterios de accesibilidade expostos na lexislación sectorial en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.

Baixo rasante de tódalas partes anteriormente descritas, autorizaranse as obras de instalacións e redes de servizos urbanos, así como a construción de aparcamentos de titularidade pública

Estarase ao disposto na Lei 25/1988 de estrada nas zonas ou tramos do sistema viario que resulte afectado polas zonas de servidume e afección definidas no capítulo III da citada Lei.

ART. 24.- ORDENANZA 8. SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS

1. Definición e condicións de uso:

Definición

Constitúen os ámbitos de solo reservados polo Plan parcial para a ubicación das infraestruturas previstas de seguridade, de servizos técnicos e de protección do medio ambiente. Consonte a función que desempeñan, establécense distintos ámbitos de aplicación.

Ámbitos de aplicación

- Ámbito cualificado polo P.X.O.M. de Oroso de sistema xeral de infraestrutura de servizo ao obxecto de instala-la estación depuradora de augas residuais do sector. Identifícase nos planos de ordenación mediante o distintivo “SXIS. Ordenanza 8A” e a súa cor característica.
- Ámbitos destinados polo Plan parcial á instalación de elementos ao servizo das redes de infraestruturas. Identifícase nos planos mediante a súa cor característica e o distintivo “SLIS. Ordenanza 8B”.
- Ámbito destinado polo Plan parcial a almacenaxe, tratamento e, se fose o caso, valorización dos residuos industriais e perigosos definidos na lexislación sectorial. Identifícase baixo o texto “Ordenanza 8C”.
- Ámbito reservado polo Plan para o desenvolvemento da infraestrutura pública de seguridade rexional do Centro Galego de Emerxencias. Identifícase baixo o texto “Ordenanza 8D”.

Condicións de uso e utilización

O uso principal é o de “uso enerxético e de infraestruturas” definido no P. X.O.M. de Oroso.

- **Ámbito de SXIS. Ordenanza 8A.**

Contémplase a instalación dunha estación depuradora de augas residuais urbanas.

A condición de forma e superficie da parcela é a que resulta da expresión gráfica contida na ordenación.

Establécese un recuamento mínimo obrigatorio de 5,00 m entre os elementos da depuradora e tódolos lindes de parcela, incluída a aliñación.

Establecerase un peche con malla metálica e vexetación perimetral, ao obxecto de procura-la integración visual da infraestrutura.

Deberase obter permiso da administración competente en materia de augas e medio ambiente para a construción da infraestrutura así como para a emisión do vertido ou augas tratadas.

- **Ámbito de SLIS. Ordenanza 8B.**

Contémplase a instalación de elementos ao servizo das redes de urbanización do sector, as cales poderanse instalar sobre ou baixo rasante.

As parcelas deberán estar convenientemente pechadas e cumprirán coas medidas de seguridade que derivan da lexislación sectorial, como distancias entre elementos de distinta función ou natureza.

As superficies non ocupadas polos elementos previstos recibirán un tratamento axardinado esixíndose a ocultación mediante barreiras vexetais nos casos en que os elementos a instalar produzan un impacto visual negativo.

- **Ordenanza 8C.**

Ámbito previsto para o desenvolvemento da tarefas relacionadas coa xestión dos residuos sólidos urbanos e residuos industriais, incluídos os definidos como perigosos pola lexislación sectorial, xerados no polígono industrial. O Plan considera este ámbito con aproveitamento lucrativo con cargo a consumir parte do 10% do aproveitamento de cesión ao Concello.

Sempre que exista autorización da Consellería de Medio Ambiente poderanse desenvolver as actividades de almacenaxe temporal, selección e clasificación e valoración, conforme a un plan ou proxecto presentado. O xestor encargado da actividade deberá contar coa autorización administrativa previa e deberá figurar no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, conforme ao previsto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regulamenta o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

A parcela estará convenientemente pechada e contará con todos aqueles dispositivos necesario para evita-la contaminación de solo e a emisión de sustancias ao aire ou auga, en consonancia co tipo de residuo a xestionar.

Admítese un máximo de 2.200 m² edificados para as funcións complementarias á instalación como podan ser oficinas, vestiarios, etc, ou ben, ao obxecto de cubrir ou pechar espazos específicos para a almacenaxe ou tratamento de aqueles residuos que así o esixan. A edificación respectará as separacións ao cemiterio e ás aliñacións reflectidas graficamente no plano de zonificación.

Deixará unha separación mínima de 5 metros ao resto de lindeiros con outras parcelas e en todo caso, respectaranse os recuamentos reflectidos nos planos de ordenación.

Establecerase unha banda de 10 metros de ancho no linde co cemiterio que quedará libre de uso e será destinada exclusivamente á plantación de arboradura de gran porte, aos efectos de xerar unha pantalla de ocultación.

A altura máxima da edificación será de 10 metros.

- Ordenanza 8D.

A parcela destinarase a desenvolve-las infraestruturas e edificacións públicas necesarias para satisfice-las necesidades técnicas e operatividade da futura sede do Centro Galego de Emerxencias.

Contémplase a construción dunha ou varias edificacións que consuman unha edificabilidade sobre rasante de até 1,00 m²/m², con posibilidade de desenvolvemento en tres plantas e 12 metros de altura.

Limitase ao 50% a ocupación de parcela en planta sobre rasante podéndose ocupa-la totalidade da parcela edificable en plantas de soto sen outra limitación que o respecto de recuamentos.

Establécese un recuamento da edificación de 5,00 m respecto a tódolos lindes de parcela.

ART. 25.- ORDENANZA 9. SOLO DE RESERVA DE INFRAESTRUTURAS

Definición

Esta ordenanza regulamenta as condicións de uso e utilización do solo rústico de protección de infraestruturas pertencente á área de reparto do Plan parcial e que se atopa afectado por infraestruturas singulares regulamentadas pola lexislación sectorial.

Ámbitos de aplicación

Os ámbitos de aplicación desta ordenanza recoñécense nos planos de ordenación mediante a trama correspondente.

Nos planos de información e memoria do Plan parcial recoñécense as diferentes infraestruturas que xustifican a creación desta ordenanza:

- Zona afectada pola estrada N-550, dende o dominio público da estrada ata a liña límite de edificación.
- Zona de seguridade da liña aérea de alta tensión.
- Servidume permanente de gasoduto de ENAGAS.

Condições de uso e utilización

Por se tratar dun solo rústico de especial protección de infraestruturas será de aplicación o réxime establecido no artigo 37 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

De forma complementaria estarase ao disposto na lexislación sectorial.

En consonancia coa regulamentación básica arriba mencionada e en base á necesidade de dar cumprimento ao artigo 64.4) da Lei 9/2002, o Plan parcial establece as seguintes determinacións:

- Nos terreos rústicos afectados pola estrada nacional realizarase unha vía de servizo paralela dende a cal se establecerá contacto co sistema viario do sector, conforme ao deseño de trazado que reflicten os planos de ordenación e aos criterios expostos na Memoria.
- Nos terreos rústicos afectados pola liña aérea de alta tensión habilitaranse os correspondentes pasos inferiores da rede viaria conforme ao deseño previsto no Plan parcial, dando continuidade, baixo rasante, ao conxunto de redes de servizo tendidas baixo a rede viaria.

Admítese, tanto nestes terreos como na zona B da banda de protección do gasoduto, a creación dunha senda para bicicletas e peóns, conforme á definición gráfica expresada nos planos de ordenación.

- As zonas non utilizadas recibirán un tratamento axardinado coas limitacións que derivan da aplicación da lexislación sectorial.

6.4.- NORMAS DE URBANIZACIÓN

ART. 26.- OBRIGATORIEDADE

Para a execución do Plan parcial redactaranse Proxectos de Urbanización que terán en conta as determinacións expresadas nas presentes Normas e no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oroso.

ART. 27.- OBXECTO E ALCANCE DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN

1. Os Proxectos de Urbanización teñen por obxecto a definición técnica precisa capaz de levar a cabo a execución da urbanización definida no Plan.
2. Os Proxectos de Urbanización non poderán cambia-las determinacións do Plan parcial en cuanto a ordenación, réxime de solo e niveis de uso e intensidade. Todo o máis, poderán realizar axustes de detalle froito do proceso de adaptación das determinacións á realidade física.
3. A efectos de alcance dos Proxectos, as obras de urbanización analízanse nos seguintes puntos:
 - Apertura de viario e aparcamento en superficie.
 - Tratamento de superficies, pavimentación.
 - Xardinería e acondicionamento de espazos libres
 - Redes de distribución (auga, gas, electricidade).
 - Alumeado público.
 - Telefonía e outras telecomunicacións.
 - Redes de evacuación de augas pluviais e residuais.
 - Outros
4. Os Proxectos de Urbanización deberán resolver adecuadamente os enlaces dos servizos existentes exteriores ao ámbito nos termos expresados no presente Plan parcial, comprobando, en calquera caso, a capacidade destes para soporta-las cargas engadidas pola nova urbanización.
5. Os Proxectos de Urbanización darán cumprimento das diferentes lexislacións sectoriais e específicas que correspondan a cada caso, en especial a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Regulamento que a desenvolve.

ART. 28.- CONTIDO DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN

1. Os Proxectos de Urbanización terán a documentación necesaria para a correcta posta en práctica das súas determinacións que, en calquera caso, será a mínima esixida no punto 69 do Regulamento de Planeamento.
2. Os Proxectos estarán redactados de forma que permitan a persoas distintas aos autores a dirección e execución das obras, as cales formarán un conxunto terminado, de modo que o seu funcionamento sexa completo.

3. Tódolos Proxectos irán datados e firmados por técnico competente, sobre o que recaerá a responsabilidade do proxecto e a súa adecuación ao planeamento antecedente.
4. Incluirase un Anexo que xustifique o cumprimento dos criterios básicos que establece a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreira na Comunidade Autónoma de Galicia e o Regulamento que a desenvolve.

ART. 29.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE URBANIZACIÓN

Os Proxectos de Urbanización tramitaranse e aprobaranse conforme ao disposto na lexislación urbanística.

O Proxecto de Urbanización que desenvolva o enlace viario da estrada N-550 deberá ser informado pola *Demarcación de Carreteras del Estado* (Ministerio de Fomento).

O proxecto da estación depuradora de augas residuais (EDAR) deberá ser informado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

ART. 30.- CONDICIÓNS E TRATAMENTO DA REDE VIARIA

1. Definición:

Forman parta da rede viaria os espazos definidos no presente Plan destinados ao tránsito e circulación da poboación e mercadorías, xa sexa peonil, en bicicleta ou motorizada. Inclúen as zonas axardinadas ao servizo desta, como illotes ou rotondas

2. Pavimentación:

1) Para calcula-la pavimentación de calzadas nas vías rodadas terase en conta tanto o espesor das capas de firme necesario como o material a empregar na capa de rodaxe, o carácter e o tráfico das mesmas.

2) Con carácter aconsellable en tódolos casos e de forma obrigada en terreos arxilosos, disporase unha primeira capa de arena de río que actuando como drenaxe evite que as arxilas se mesturen coas capas superiores do pavimento

3) Cando existan desniveis na proximidade inmediata das vías, estes trataranse de forma que os noiros necesarios teñan unha pendente que impida o corremento de terras, colocando muros de contención nos lugares en que se faga preciso.

4) Os materiais de pavimentación elixiranse de acordo cun código funcional que distinga a categoría do espazo, circulación rodada, bicicletas, peonil, estancia de persoas e de vehículos, uso conxunto de persoas e de vehículos, etc.

O aparcamento situado entre o cuarteirón M4 e a estrada nacional así como os situados nos cuarteiróns M2, M3 e M4, construíranse con pavimento de celosía filtrante e que permita a medra da herba.

- 5) O solo de beirarrúas e percorridos peonís resolverase con materiais que non dificulten a circulación das persoas e de vehículos de mano.
Nos casos en que o carril e a beirarrúa sexan contiguos deberán diferenciarse, ao menos, na súa cor.
- 6) As tapas de arquetas, rexistros, etc. orientaranse tendo en conta as xuntas dos elementos do paramento e nivelaranse co seu plano de tal forma que non resalten sobre o mesmo.
- 7) As diferenzas de nivel entre distintos pavimentos realizaranse con bordos ou outros elementos de separación que definan claramente o seus perímetros.
- 8) Os accesos rodados ás parcelas edificables nunca deformarán o perfil lonxitudinal das beirarrúas.
- 9) Se deberan instalar en beirarrúas reixas de ventilación de redes e outros elementos subterráneos, deseñaranse de modo que non supoñan risco.
- 10) Como norma xeneral en rúas con pendente superior ao 6% será recomendable dispor un pavimento antiesvarante.
- 11) A pendente mínima será do 0,8%. Admitiranse excepcionalmente pendentes menores sempre que o proxecto resolva adecuadamente o drenaxe da plataforma, utilizando levadas, ampliando a frecuencia de sumidoiros, etc.
- 12) O deseño dos itinerarios peonís, vaos e pasos de peóns realizarase conforme aos criterios expostos no artigo 6 do Anexo da Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia

3. Xardinería:

- 1) As beirarrúas acompañaranse preferentemente de aliñacións de árbores, sendo obrigatorias alí onde se indica en Planos de Ordenación.
- 2) Os sistemas de rega por circulación superficial non ofrecerán solucións de continuidade co pavimento. Se as escavas e regueiras son profundas e entrañan perigo para os viandantes contarán coas correspondentes proteccións.
- 3) Os espazos verdes deberán ser acondicionados na súa totalidade evitando espazos residuais sen tratamento algún.
- 4) As bandas de protección do sistema viario e de infraestruturas básicas recibirán un tratamento axardinado. Empregaranse especies de raíz superficial que non danen a Infraestrutura.
- 5) Prohíbese a plantación arbórea sobre a vertical de calquera Infraestrutura.
- 6) A distancia mínima entre os troncos das árbores e a liña de parcelas ou a liña de edificación, será de 1,50 m.

4. Condicións de seguridade e medidas de atenuación da velocidade:

- 1) Toda a rede viaria irá equipada coa sinalización axeitada ao obxecto de procurar unhas condicións mínimas de seguridade para vehículos e peóns.
- 2) O tramo de vía SXV-9 comprendido na delimitación do núcleo rural da Pena irá provisto de medidas especiais disuasorias para procura-lo cumprimento do límite máximo de velocidade fixado en 30 km/h. A tal fin, propónse como solución complementaria aos indicativos, a realización de pasos de cebra remontabeis, consonte o número e situación indicadas en planos de ordenación.

ART. 31.- CONDICIÓN DO ABASTECIMENTO DE AUGA

Establécese unha dotación mínima de 1.900 m³/día.

Terase en conta que a rede existente fóra do ámbito, está constituída por un tubo de PVC de Ø 125 mm.

A rede quedará dividida en sectores mediante chaves de paso, situadas de forma que en caso de avaría dun tramo non implique o peche das chaves en conducións de diámetro superior.

As conducións será de polietileno de alta densidade.

Previuse dotar á urbanización dunha rede de hidrantes contraincendios, a cal poda permiti-lo funcionamento simultáneo de dous hidrantes consecutivos durante dúas horas cada un deles, cun caudal de 1.000 l./min., e unha presión mínima de 10 m.c.a. Colocaranse a unha distancia mínima de 100 m.

As conducións situaranse a unha profundidade mínima de 0,60 m e irán reforzadas con envolvente de formigón nos cruces de calzada.

Os tubos de auga potable irán sempre a cota superior ás de saneamento. O axardinamento vertical mínimo entre ditos tubos será de 0,30 metros.

Estableceranse en tódalas zonas de parque e xardín de Sistema Local unha instalación de rega para un consumo mínimo diario de 20 m³/Ha.

Calcularase unha malla de aspersores segundo ao predeseño establecido no plano de Rede de abastecemento. Mesmo se deseñará unha rede de bocas de rega para a limpeza de rúas.

A rede de aspersores alimentaranse dos depósitos de recollida de augas pluviais os cales irán dotados de grupos de presión. Mediante un sistema by-pas conectaranse a rede de abastecemento municipal para garanti-lo funcionamento da rede en caso necesario.

ART. 32.- CONDICIÓN DO SANEAMENTO

O saneamento realizarase cun sistema separativo, tal e como se reflicte nos planos de ordenación.

Para o cálculo da rede de augas residuais, tomarase a referencia de 1.900 m³/día.

Para o cálculo da rede de augas pluviais, os caudais tomaranse de datos pluviométricos oficiais.

Ámbalas dúas redes realizaranse en condutos ou colectores subterráneos, intercalando os pozos de rexistro necesarios para as acometidas dende os cuarteiróns edificables no caso da rede de residuais, como dos sumidoiros no caso das pluviais.

Para evitar grandes velocidades de evacuación, colocaranse pozos de resalto. A pendente mínima será do 0,5%.

Nos inicios da rede de residuais, disporanse cámaras de descarga automática co obxecto de paliar os problemas derivados de baixa velocidade e época de estiaxe.

O diámetro das conducións non será inferior a 30 cm. A velocidade de evacuación estará comprendida entre 4 e 0,6 metros por segundo.

Disporanse, segundo á localización expresada no plano da Rede de pluviais, un conxunto de depósitos para a almacenaxe e reutilización de augas de chuvia, os cales serán conectados ás redes de rega do polígono.

Esixirase, previo vertido a rede pública, a correspondente predepuración cando a composición do vertido supere a capacidade técnica da depuradora municipal. Estarase ao disposto no artigo 46 en canto aos valores límite de vertido de augas á rede de saneamento.

ART. 33.- CONDICIÓN DO SUBMINISTRO DA ENERXÍA ELÉCTRICA

1. Rede eléctrica de Media Tensión e Centro de Transformación.-

A potencia prevista calcularase seguindo as Instrucións Complementarias ao vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

Os edificios destinados a equipamento social, comercial e docente, levarán o seu centro de transformación correspondente.

Tódolos Centros de Transformación que teñan a súa ubicación no interior de edificios, deberán ter acceso dende a vía pública. Serán de dobre entrada (bucle) co fin de alimentalos dende dous puntos distintos.

A acometida en Alta tensión dende a subestación de Vilacide será para unha tensión de 15Kv. A súa canalización será subterránea e realizarase en conduto RHV 15/25 Kv 3(1x240) mm² de aluminio en tubo de fibrocemento de Ø 150 reforzado en todo o seu recorrido con montante de formigón.

2. Rede eléctrica de Baixa Tensión.-

Para a determinación das demandas de enerxía eléctrica terase en conta o vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, , considerándose para isto os seguintes apartados:

- Nº de Kw que precisarán os edificios privados
- Nº de Kw que precisarán o resto de edificios singulares ou destinados a equipamento público.
- Nº de Kw que precisará o alumeadado público de vias e zonas axardinadas.

Unha vez obtida a distribución de cargas coas distancias respectivas, dende elas e os Centros de Transformación procederáse ao cálculo de cada derivación, tendo en conta a capacidade admisible e a caída de tensión.

Como criterio xeneral, seguirase o da empresa subministradora.

As fórmulas que se aplicarán para o cálculo son:

$$P = 1,73 \cdot V \cdot I \cdot \cos \varphi$$

$$S = \frac{1,73 \cdot L \cdot I \cdot \cos \varphi}{35 e}$$

onde:

P = potencia en W

V = Tensión nominal entre fases

I = Intensidade en amperios (A)

$\cos \varphi$ = Factor de potencia, estimado en 0,9

L = Lonxitude da derivación, en metros

35 = Condutividade para o alumeado

e = Caída de tensión

Para tódalas intensidades máximas admisibles nos condutores terase en conta a disposición ITC-BT-19 do vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

ART. 34.- CONDICIÓN DA INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO

Como criterio xeneral as liñas para alumeado de viais serán en cable de cobre 1.000 V de seccións 4x10+T e 4x6+T, aloxadas en canalización independente en tubo de canalización illante corrugado tipo "Glassman" de 63 mm. As derivacións a puntos de luz serán de 2x2,5 mm² para báculos e 2x1,5 mm² para farois de menos entidade e potencia.

En cada Centro de Transformación ao efecto, disporase un armario illante con equipo de medida. Acaroado a este instalarase outro cos equipos de protección e acendido adecuados, con posibilidade de dotación de célula fotoeléctrica e temporizador.

A fórmula a aplicar para o cálculo do alumeado público, será:

$$D = \frac{F \cdot n \cdot f}{E_m \cdot A}$$

Nas que:

D = Distancia entre luminarias

F = Fluxo luminoso da lámpada

n = Factor de utilización

f = Factor de conservación

E_m = Nivel luminoso mínimo

A = Anchura da calzada

As seccións do condutor calcularanse tendo en conta os dous efectos de densidade de corrente e de caída de tensión, non sendo esta superior ao 3% dende a orixe da instalación, segundo a Instrución ITC-BT-19 do vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

Para o cálculo de seccións por densidade de corrente, aplicaranse as seguintes fórmulas:

Tramos Monofásicos

$$I = \frac{1,8 \cdot P}{E \cdot \cos a}$$

Tramos Trifásicos

$$I = \frac{1,8 \cdot P}{1,73 \cdot E \cdot \cos a}$$

Unha vez calculada a sección por densidade de corrente, aplicando as táboas da Instrución ITC-BT-19 do vixente Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, comprobarase a súa validez polo cálculo da caída de tensión, mediante a aplicación das seguintes fórmulas:

Tramos Monofásicos

$$S = \frac{2 \cdot l \cdot I \cdot \cos a}{K \cdot e}$$

Tramos Trifásicos

$$S = \frac{1,73 \cdot l \cdot I \cdot \cos a}{K \cdot e}$$

onde :

- I = Intensidade nominal en amperios
- P = Potencia en vatios
- E = Tensión en voltios
- Cos a = Factor de potencia (En receptores ohmicos puros será a unidade)
- S = Sección do condutor en mm²
- l = Lonxitude do tramo en metros
- K = Coeficiente de condutibilidade, que toma o valor 56 para o cobre e 35 para o aluminio
- e = Caída de tensión en voltios
- 1,8 = Factor polo que hai que multiplica-la potencia das lámpadas cando estas sexan de descarga.

Realizarase un estudo luminotécnico tendente a minimiza-la contaminación luminosa.

Darase prioridade á montaxe de lámpadas de baixo consumo ou eficientes co obxecto de acadalo desexable aforro enerxético.

ART. 35.- CONDICIÓN DA REDE DE TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓN

Deixarase prevista unha rede de telefonía e telecomunicacións, segundo se describe no correspondente plano de ordenación.

A instalación irá sempre baixo a beirarrúa, establecéndose un mínimo de 8 tubos de PVC de diámetro 110 mm en liñas principais e 63 mm en liñas secundarias. Disporanse arquetas distanciadas un mínimo de 100 m.

Será de aplicación a lexislación vixente en telecomunicacións, así como as normas particulares das compañías subministradoras.

Os elementos de obra civil desta infraestrutura deberán cumprir a norma UNE 133100 relativa as "Infraestruturas para redes de telecomunicacións".

ART. 36.- CONDICIÓN DA REDE GAS

Deixarase prevista a condución soterrada para o futuro subministro de gas cidade, con acometida exterior segundo se indica en planos.

A instalación a desenvolver cumprirá a normativa técnica correspondente, así como as normas particulares das compañías concesionarias que operan na zona.

ART. 37.- CONDICIÓN E TRATAMENTO DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

1. O Proxecto de Urbanización correspondente aos espazos libres reservados polo presente Plan terán en conta a zonificación establecida a efectos da dotación dos servizos de rega e alumeado, dos elementos do mobiliario urbano e de xogo, do arboredo e da pavimentación das sendas e itinerarios peonís.

2. Terase especial observancia á Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, na definición de pendentes mínimas e máximas, pavimentos e bordos, niveis de iluminación e deseño do mobiliario en xeneral.

3. A presenza do canle terase en conta na definición das especies vexetais, utilizándose especies de ribeira como alisedas ou saucedas.

Procurarase non abusar de pavimentos duros, utilizando no posible, pavimentos filtrantes que contribúan a pecha-lo ciclo hídrico.

ART. 38.- RECOLLIDA DE LIXO

Para o almacenamento dos residuos sólidos urbanos do polígono, habilitaranse espazos que terán capacidade suficiente para albergalos contenedores necesarios, conforme ao número, tamaño e tipo dos existentes no Concello e o seu sistema de recollida selectiva.

Deseñaranse no Proxecto de Urbanización cos criterios básicos de funcionalidade e capacidade de minimiza-lo impacto visual dos contenedores. Contarán cunha billa e un sumidoiro para proceder a súa periódica limpeza.

Os contedores de residuos selectivos poderán situarse nas parcelas de servizos cualificadas coa ordenanza 8B.

ART. 39.- MOBILIARIO URBANO

O Proxecto de Urbanización definirá e localizará aqueles elementos de mobiliario urbano na urbanización, e que como mínimo serán os seguintes:

- elementos de iluminación
- bancos
- papeleiras
- teléfonos públicos
- sinalizacións

A colocación de estes elementos en relación aos espazos peonís, deberán cumprir-las distancias mínimas expostas no Anexo da Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

ART. 40.- CONSERVACIÓN DA URBANIZACIÓN

Os propietarios de solo, unha vez resolta a reparcelación e recibidas as obras de urbanización, integraranse nunha Entidade de Conservación facéndose cargo da conservación e mantemento da urbanización por un tempo de cinco (5) anos dende a data de recepción das obras.

Transcorrido este tempo a Entidade de Conservación asumirá, por tempo indefinido, o mantemento e conservación das zonas verdes e espazos libres de sistema local e xeral que incluírá a xardinería e os elementos de mobiliario urbano (luminarias, xogos, bancos, etc.).

O Concello de Oroso asumirá o mantemento e conservación do resto da urbanización, transcorrido dito prazo, por tempo indefinido.

O Plan de seguimento ambiental, incluíndo o conxunto de controis e tramitacións derivadas do seguimento ambiental, considérase un concepto da conservación da urbanización. A elaboración do Plan, a toma de datos e controis necesarios, serán realizados e custeados pola Entidade de Conservación por tempo indefinido.

6.5.- CONDICIÓN TÉCNICAS DAS OBRAS EN RELACIÓN COAS VÍAS E SERVIZOS**ART. 41.- DANOS ÁS VÍAS OU SERVIZOS MUNICIPAIS**

Todo propietario que execute unha obra, de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

ART. 42.- OBRAS QUE AFECTAN A SERVIZOS PÚBLICOS

Se as obras que se executan afectan a servizos de carácter xeneral ou público, os propietarios comunicaranos por escrito ás empresas correspondentes ou entidades administrativas, con oito días de antelación do comezo das mesmas, en cuxo prazo ditas empresas ou entidades deberán toma-las medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables dende a finalización do prazo anteriormente mencionado.

ART. 43.- ACOPIO DE ESCOMBROS E MATERIAIS

Os escombros e acopios de materiais, non poderán amontoarse na vía pública, nin apoiarse nas valas ou muros de peche.

ART. 44.- ESTADAS E MATERIAL AUXILIAR

Tódalas estadas auxiliares da construción, deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das precaucións necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, na que se colocarán as sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

En toda clase de construción, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as precaucións de seguridade no traballo, esixidas polas leis vixentes en cada momento sobre a materia.

ART. 45.- VALADO DE OBRAS

1. En toda obra de nova planta ou derribo, e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de se colocar un valo de protección de 2 metros de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa, e situada á distancia máxima de 2 metros da aliñación oficial. En todo caso, deberá quedar remetida do bordo, ao menos 0,60 metros, para permiti-lo paso de peóns.
2. Cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente, fixará as características do valo, podendo ordena-la súa desaparición total no momento en que terminen los traballos indispensables en planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa colocación dunha estada de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca as debidas seguridades para a circulación na vía pública.
3. Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en se mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase, durante as horas de traballo, a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta do perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo en determinadas horas.
4. Nas zonas en que sexa obrigatorio o recuamento, o valo colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o peche definitivo.
5. A instalación de valos enténdese sempre con carácter provisional, en tanto dure a obra. Por isto dende o momento en que transcorra un mes sen dar comezo as obras, o estean interrompidas, deberá suprimirse o valo e deixar libre a beirarrúa ao tránsito público.

6.6.- CONDICIÓN AMBIENTAIS, HIXIÉNICAS E ESTÉTICAS

ART. 46.- CAUTELAS E CONDICIONANTES PARA A PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE NA FASE DE URBANIZACIÓN E OBRAS EXTERIORES

Estarase ao disposto nas medidas correctoras e cautelares establecidas no correspondente estudo de impacto ambiental do proxecto de urbanización do sector. A título indicativo teranse en conta as seguintes cautelas e condicións:

- A maquinaria empregada no proceso de urbanización cumprirá coa normativa de emisión que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto.
- No caso de efectuar voaduras, no seu deseño e execución, levaranse a cabo as medidas protectoras e correctoras necesarias co fin de minimiza-las afeccións debidas ao ruído, vibracións, po e proxeccións de materiais.
- Queda prohibida a queima de restos ou calquera tipo de material, sen a autorización correspondente.
- Co fin de evitar posibles alteracións da calidade do aire por emisión de po á atmosfera durante a fase de execución, debido á acción da maquinaria e dos movementos de terra, levarase a cabo a rega de camiños e zonas de obra e o recubrimento cun toldo impermeable dos camiños que transporten o material. Ademais, procederase ao lavado das rodas dos camiños á saída da zona das obras.
- Estarase ao disposto na Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e no Decreto 150/1999, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica así como no estipulado, no seu caso, na ordenanza municipal do Concello de Oroso.
- Para os vertidos que se realicen ao medio natural, xa sexan augas de parcelación, sanitarias e/ou pluviais, así como para a realización de captación de auga, será preceptiva a autorización e/ou concesión administrativa outorgada por Augas de Galicia.
- Durante a fase de obras disporase dun sistema de recollida, condución e decantación das augas pluviais ou das procedentes da rega da zona das obras, caídas no interior da superficie de actuación.
- O deseño dos dispositivos de drenaxe da rede viaria realizarase de maneira que se evite a formación de inundacións ou deposicións nos puntos de incorporación á rede natural.
- Prohíbese verter nos canles fluviais restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como os cambios de aceite da maquinaria de construción. Ademais non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse a estes por esvaramentos ou por inundacións.

- De forma previa ao comezo efectivo das obras, procederase a delimita-lo terreo afectado por estas, de maneira que se minimize a afección do proxecto sobre o territorio. Igualmente definiranse os camiños a utilizar no marco do proceso construtivo, debendo estar xustificado o emprego de zonas diferentes aos trazados dos camiños definitivos.
- Retirarase e amontoarase a terra vexetal procedente das labores de escavación e movementos de terras co obxecto de empregala posteriormente no proceso de restauración paisaxística das zonas verdes e dos espazos afectados polas obras. Esta terra vexetal mentres permaneza almacenada non poderá ser mesturada con ningún tipo de escombros.
- Os montóns de terra vexetal deberán facerse de modo que se impida o seu deterioro por compactación (por paso de maquinaria) ou por erosión hídrica. No caso de que o período de almacenamento sexa prolongado e non apareza vexetación espontánea nos montóns, realizaranse sementes de herbáceas (gramíneas e leguminosas) con aportes de mulch suficiente para manter entre un 5% e un 6% de materia orgánica.
- Naquelas zonas afectadas por movementos de terra, escavacións e en xeneral todas aquelas operacións de obra que supoñan a aparición de superficies núas, se procederá á súa revexetación unha vez se acaden as superficies definitivas, co obxecto de evita-la aparición de fenómenos erosivos.
- Previamente á realización de tarefas de mantemento e reparación da maquinaria de obra non apta para circular por estradas, deberá dispoñerse na zona os medios necesarios para evita-la chegada de vertidos accidentais ao solo, facilitando a súa recollida. No caso da maquinaria apta para esta circulación, estas tarefas deberán realizarse en talleres autorizados.
- Se delimitará, ademais, un espazo destinado a acollida das instalacións auxiliares á obra (parque de maquinaria, zona de almacenaxe de materiais, etc.). Deberá localizarse en espazos carentes de valores ambientais relevantes, e estar dotada dos equipamentos necesarios para asegurar un funcionamento ambientalmente seguro de ditas instalacións.
- Tódolos residuos xerados xestionaranse conforme á lexislación vixente de aplicación, en función da súa natureza, primando a súa reciclaxe ou reutilización fronte ao vertido.

Ademais almacenaranse en contenedores, ata a súa entrega a xestor autorizado, situados na zona de instalacións de obra, atendendo aos criterios de almacenaxe establecidos na lexislación vixente e sinalando claramente a súa presenza, debéndose informar ao persoal da obra sobre a situación destas zonas.
- No caso de que se precise material procedente de canteiras para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de canteiras autorizadas.

Ademais estúdase a posibilidade de que parte dos materiais a usar para a urbanización (para bases ou subbases dos viais, para a fabricación de formigonados, para pavimenta-las vías auxiliares, para recheos pouco esixentes xeotecnicamente, etc.), procedan de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

- Respectarase sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non estea afectada directamente pola execución da obra. Ademais, procederase ao balizado ou á sinalización das zonas verdes co obxecto de evitar afeccións innecesarias sobre elas.
- Para a realización de poda das especies arbóreas debe terse en conta o disposto no Regulamento de Montes, tendo que face-la correspondente comunicación de poda ou solicitude de autorización, segundo o caso.
- Os restos vexetais que se produzan, deberán ser xestionados correctamente prevalecendo sempre a súa valorización. No caso de depositalos no terreo, deberán ser triturados e distribuídos homoxeneamente, para permitir unha rápida incorporación ao solo.
- Tódalas árbores e sementes a empregar reunirán as condicións suficientes de pureza, potencia xerminativa e ausencia de pragas e enfermidades que garanten o éxito da revexetación.
- Procederase á rega regular, ao abonado mineral de reforzo anual e á resemanteira das superficies nas que aparezan calvas e/ou avultamentos ata que se asegure a viabilidade da revexetación.
- Estableceranse as medidas correctoras necesarias co fin de minimiza-la contaminación luminosa.
- Estableceranse medidas encamiñadas ao mantemento das infraestruturas locais existentes que sexan utilizadas na execución do proxecto, procedéndose á reparación dos deterioros ou danos ocasionados nelas, de se-lo caso.
- Durante as obras de urbanización farase un control arqueolóxico por parte de persoal competente e autorizado pola consellería de cultura.

ART. 47.- CONDICIÓNES ESIXIBLES ÁS AUGAS RESIDUAIS E AOS SISTEMAS DE DEPURACIÓN

- Valores límite da calidade da auga antes de se verter á rede de saneamento:

As augas residuais das industrias deberán cumprir uns estándares mínimos de calidade antes do seu vertido á rede de saneamento municipal. En caso de sobrepasa-los niveis que, a continuación se detallan, obrigará á empresa a somete-las súas augas a un proceso de predepuración:

Parámetro ⁽¹⁾	Valor límite	Unidade
Temperatura	40	°C
pH	6-10	UpH
MES	750	mg/l
DBO5	750	mg/l O ₂
DQO	1500	mg/l O ₂
Aceites e graxas	100	mg/l
Cloruros	2500	mg/l Cl
Conductividade	6000	uS/cm
Dióxido de xofre	15	mg/l SO ₂
Sulfatos	1000	mg/l SO ₄ ²⁻
Sulfuros totais	1	mg/l S ²⁻
Sulfuros disoltos	0,3	mg/l S ⁴⁻
Fósforo total	50	mg/l P
Nitratos	100	mg/l NO ₃
Amonio	60	mg/l NH ₄ ⁺
Nitróxeno orgánico e amoniacal ⁽²⁾	90	mg/l N
Cianuros	1	mg/l CN
Fenoles	2	mg/l C ₅ H ₅ OH
Fluoruros	12	mg/l F
Aluminio	20	mg/l Al
Arsénico	1	mg/l Ba
Bario	10	mg/l B
Boro	3	mg/l B
Cadmio	0,5	mg/l Cd
Cobre	3	mg/l Cu
Cromo hexavalente	0,5	mg/l Cr(VI)
Cromo total	3	mg/l Cr
Estaño	5	mg/l Sn
Ferro	10	mg/l Fe
Manganeso	2	mg/l Mn
Mercurio	0,1	mg/l Hg
Níquel	5	mg/l Ni
Chumbo	1	mg/l Pb
Selenio	0,5	mg/l Se
Cinc	10	mg/l Zn
Materias inhibidoras	25	Equitox
Color	Inapreciable en disolución 1/30	
Nonifenol	1	mg/l
Tensioactivos aniónicos ⁽³⁾	6	mg/l
Praguicidas totais	0,1	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,2	mg/l
BTEX ⁽⁴⁾	5	mg/l
Triacinas totais	0,3	mg/l
Hidrocarburos	15	mg/l
AOX ⁽⁵⁾	2	mg/l Cl
Cloroformo	1	mg/l Cl ₃ CH
1,2 Dicloroetano	0,4	mg/l Cl ₂ C ₂ H ₄
Tricloroetileno	0,4	mg/l Cl ₃ C ₂ H
Percloroetileno	0,4	mg/l Cl ₄ C ₂
Tricolobenceno	0,2	mg/l Cl ₃ C ₆ H ₃
Tetracloruro de carbono	1	mg/l Cl ₄ C
Tributilestaño	0,1	mg/l

(1) Ademais, poderá ser obxecto de limitación calquera substancia ou composto previsto nas Directivas 91/271/CEE e 76/464/CEE e os seus derivados, e no Real Decreto 995/2000.

(2) Nitróxeno amoniacal+nitróxeno orgánico determinado de acordo co método Kjeldahl

(3) Substancias activas co azul de metileno, expresadas como lauril sulfato sódico (LSS)

(4) Suma de benceno, tolueno, etilbenceno e xileno

(5) Poderanse contemplar valores superiores de AOX cando se cumplan os valores de organoclorados individualizados.

- Características do sistema de depuración e calidade do efluente:

A estación depuradora de augas residuais do sector dimensionarase para resolve-la demanda conxunta dos sectores nº 10 e nº 11, e deberá contar cos seguintes sistemas ou fases de tratamento:

- . Primeiro nivel de recepción e decantación, con dispositivo desarenador e separador de graxas e lamas.
- . Reactor biolóxico (anóxico-óxico).
- . Segundo nivel de decantación.

A calidade óptima do efluente acadarase co cumprimento dos seguintes valores límite:

DBO ₅	≤	25 mg/l
DQO	≤	125 mg/l
pH		5,5 – 9
Sólidos en suspensión (s.s.)	≤	35 mg/l
Fósforo total	≤	2 mgP/l
Nitróxeno total	≤	15 mgN/l
Aceites e graxas	≤	20 mg/l
Deterxentes	≤	2 mg/l
Cloro	≤	0,50 mg/l

ART. 48.- CONDICIÓNIS ESIXIBLES EN RELACIÓN ÁS EMISIÓNIS DE GASES OU OUTROS CONTAMINANTES Á ATMOSFERA

Redáctase o presente artigo co obxectivo de que as industrias que se implanten no ámbito do sector de solo urbanizable contribúan a evita-la contaminación atmosférica.

Toda instalación susceptible de contamina-la atmosfera precisa da correspondente autorización administrativa mediante a cal se garantan as condicións de protección e control respecto aos límites de emisión de contaminantes que, en cada momento, se atopen vixentes por aplicación da lexislación nesta materia.

Os titulares das actividades e instalacións son os responsables de instalar e mante-los sistemas de control e de medida das emisións á atmosfera.

Os proxectos técnicos que se realicen e acompañen á solicitude de licenza das instalacións susceptibles de contamina-la atmosfera conterán as determinacións mínimas esixidas pola lexislación sectorial nesta materia que garantan o cumprimento dos valores máximos admisibles de emisións á atmosfera.

Serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 8/2002, de protección do ambiente atmosférico de Galicia. En tanto non se aprobe o Regulamento que desenvolve a citada Lei será de aplicación a Lei 38/1972, de Protección do Medio Ambiente Atmosférico, así como o Decreto 833/1975 que a desenvolve.

En todo caso, será de aplicación canta normativa sobre esta materia se atope vixente no momento da solicitude de licenza e estarase ao disposto a cantas instrucións determine a Consellería de Medio Ambiente no ámbito das súas competencias.

ART. 49.- CONDICIONANTES ESIXIBLES EN RELACIÓN ÁS EMISIÓNS DE RUÍDO E VIBRACIÓNS

Conforme ás determinacións do P.X.O.M. de Oroso, as áreas de solo que comprenden os sectores de solo urbanizable de uso industrial son consideradas “zonas de baixa sensibilidade acústica”. Nesta zona establécense os seguintes valores de recepción de ruído:

	8 h – 22 h.	22 h – 8 h
Ambiente exterior	70	60
Ambiente interior	40	35

Os valores de recepción ás vibracións no ambiente interior son:

Uso de recinto afectado	Período	Curva base
Oficinas	Diúrno	4
	Nocturno	4
Almacén-Comercial	Diúrno	8
	Nocturno	8

En casos excepcionais, motivados polas características singulares dunha determinada instalación industrial, poderán sobrepasarse os valores límite ordinarios sempre e cando se establezan, na medida do posible, os dispositivos de atenuación e corrección de impacto e obteña a Autorización Ambiental Integrada definida no artigo 3 da Lei 16/2002 de prevención e control integrados da contaminación.

En todo caso deberase cumprir no ambiente interior das instalacións ou recintos o que determine a lexislación reguladora das condicións de seguridade e saúde no traballo

Ao obxecto de evitar posibles impactos sobre o núcleo rural de Vilacide e o espazo natural do Río Lengüelle e no suposto de se implantar actividades xeradoras de ruído no cuarteirón M1, cómpre facer unha barreira vexetal atenuadora nas bandas de recuamento da edificación nas fronteiras ás rúas “C” e “F”.

Ao obxecto de minimiza-lo ruído producido polo tráfico ao seu paso polo núcleo rural da Pena, establécense a determinación de incorporar medidas de temperado da velocidade. O Proxecto de urbanización que desenvolva o trazado do vial SXV-9 deberá dar solución a este problema. Dende o presente Plan parcial aconséllase o emprego de pasos peonís sobreelevados que obriguen á redución da velocidade. A adopción doutra solución será motivada no correspondente Proxecto.

ART. 50.- XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS

- Residuos sólidos urbanos:

O Concello de Oroso ten atribuída a xestión dos residuos sólidos urbanos, dende a recollida do contedores ata o depósito na planta de SOGAMA. Dito servizo será prestado por empresa autorizada conforme ao correspondente contrato de concesión.

Cada empresa ou titular de solo do parque empresarial é responsable ante o Concello do inadecuado emprego dos contedores ou de facer depósitos nos mesmos que non correspondan co tipo de residuo especificado.

O Concello poderá esixir aos titulares a previa selección ou, se é o caso, a xestión directa do residuo nos casos en que o tipo de residuo ou o volume do mesmo desborde a capacidade técnica do concesionario.

A empresa concesionaria está obrigada a facer unha recollida selectiva, cando menos, de orgánicos, inerte, vidro e papel e cartón.

- Residuos industriais ou perigosos:

A presente regulación faise co obxectivo de acadar a adecuada xestión dos residuos que non entran na categoría de residuos sólidos urbanos e que presumiblemente serán producidos no ámbito do polígono por mor da actividade industrial.

Búscase con isto a aplicación do principio da separación en orixe conforme as estratexias da Comunidade Autónoma.

O titular dunha instalación xeradora de residuos é responsable da almacenaxe, manipulación e, se é o caso, clasificación ata o momento de seren trasladados por xestor autorizado fóra do ámbito da súa instalación.

Dende a planificación do presente Plan parcial resérvase unha zona ou ámbito onde desenvolve-la actividade da xestión dos residuos do polígono.

O titular do solo cualificado coa ordenanza 8C deberá elaborar e presentar un plan ou proxecto de xestión de residuos ante o Concello e a Consellería de Medio Ambiente no que se expoña o compromiso e capacidade técnica para desenvolve-las tarefas de recollida dos residuos dentro do ámbito do polígono, a almacenaxe temporal, a clasificación e, se fóra o caso, a valorización así como o transporte ata outros lugares de xestión, reciclaxe ou valoración en niveis superiores.

Este Plan será elaborado unha vez terminen as obras de urbanización do sector e presentado ante a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Será revisado cando se alcance a ocupación do 50% do aproveitamento lucrativo de calquera uso e mesmo no momento de plena ocupación.

Na xestión dos residuos aplicarase o principio de responsabilidade compartida e óptimo económico e as decisións deberán facerse públicas.

ART. 51.- CONDICIÓN ESTÉTICAS, DE SALUBRIDADE E ORNATO ESIXIBLES A PARCELAS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS

- Os propietarios das parcelas serán responsables ante o Concello do mantemento dos edificios, instalacións así como do solo libre non ocupado en condicións dignas de acabado, limpeza e seguridade.

- Tódolos paramentos da edificación, incluíndo os peches das parcelas, terán o mesmo estándar de calidade, sen prexuízo de que se outorgue un maior protagonismo a elementos singulares como a fachada. Prohíbese expresamente deixar paredes sen terminar, revestir ou en condicións indignas de acabado.
- Tódalas instalacións deberán manterse en condicións de acabado aceptables, debéndose proceder coa periodicidade que esixa cada instalación ás correspondentes labores de limpeza e mantemento.
- Os rótulos acaroados ou sobre cabaletes, propios de cada industria, axustaranse ás normas dun correcto deseño en cuanto a composición e cor utilizadas e realizaranse a base de materiais inalterables aos axentes atmosféricos. A empresa beneficiaria é a responsable, en todo momento, do seu bo estado de mantemento e conservación. Prohíbese o emprego de rótulos pintados directamente sobre paramentos exteriores. Quedan prohibidos os cegamentos directos ou escintileos que poidan afectar ao tráfico rodado.
- O proxecto de edificación coidará e definirá convenientemente o deseño, composición e cor dos paramentos exteriores prohibíndose a utilización como vistos de materiais fabricados para seren revestidos e as combinacións agresivas de cor.
- O proxecto de edificación definirá a urbanización completa dos espazos interiores das parcelas non ocupados pola edificación, pavimentándose adecuadamente os espazos de acceso, aparcamento e manobra, tratándose os restantes con xardinería, prohibíndose en todos eles a almacenaxe de produtos, vertido de desperdicios e, en xeral, todo o que poida dana-la estética do polígono.

ART. 52.- AFORRO ENERXÉTICO E DIVERSIFICACIÓN DAS FONTES DE ENERXÍA

É un obxectivo do Plan parcial de cara á sostibilidade global e do polígono, procura-lo aforro de enerxía e a diversificación das fontes de enerxía utilizando enerxías renovables.

En virtude das condicións xeográficas e características do entorno considéranse efectivas as seguintes fontes alternativas:

- Solar térmica
- Solar fotovoltaica
- Xeotérmica
- Biomasa

Porén o anterior, calquera avance tecnolóxico que faga factible o emprego doutras fontes deberá reflectirse nos correspondentes informes do seguimento ambiental do polígono.

Os proxecto de edificación, ademais de incorpora-las esixencias establecidas no Código Técnico da Edificación, xustificarán, se fose o caso, o grao de dependencia enerxética doutras fontes renovables ou unha maior porcentaxe de dependencia da enerxía procedente de paneis térmicos e fotovoltaicos respecto ao mínimo legal establecido.

O Concello de Oroso poderá aprobar unha ordenanza específica mediante a cal se outorgan beneficios fiscais ás empresas que utilicen en maior medida fontes de enerxía renovable.

6.7.- NORMAS DE PARCELACIÓN E ORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

ART. 53.- XENERALIDADES

Enténdese por parcelación a subdivisión simultánea ou sucesiva de parcelas, ou a agrupación das mesmas previstas na ordenación do Plan parcial.

Toda agrupación o segregación das parcelas citadas anteriormente deberán:

- Respecta-la estrutura urbanística que fixa o Plan parcial.
- Facer posible as acometidas dos demais servizos urbanísticos.
- Diseñar parcelas edificables de acordo coa normativa do Plan parcial.

Toda parcelación estará sometida a previa licenza municipal.

ART. 54.- AGRUPACIÓN DE PARCELAS

Permítese agrupar parcelas para formar outras de maiores dimensións.

As parcelas resultantes estarán suxeitas, en todo caso, ás prescricións que as Ordenanzas Particulares sinalan.

No caso de que a agrupación comprenda parcelas orixinarias suxeitas a distintos graos da ordenanza 1, a parcela agrupada suxeitarase ás seguintes condicións particulares:

- En canto á edificabilidade máxima, a que resulte da suma das edificabilidades que correspondesen ás parcelas orixinarias segundo o seu grao.
- En canto á superficie de ocupación máxima, a que resulte en termos porcentuais da suma das superficies máximas ocupables en cada parcela orixinaria segundo o seu grao e a superficie total da parcela agrupada sen excede-la resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.
- En canto ao resto de condicións particulares, as establecidas para o grao aplicable á parcela orixinaria de maior tamaño.

ART. 55.- SEGREGACIÓN DE PARCELAS. PARCELA MÍNIMA

Poderanse dividir parcelas para formar outras de menor tamaño, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- As parcelas resultantes non serán menores da mínima establecida para cada zona nas ordenanzas particulares.
- Cada unha das novas parcelas cumprarán cos parámetros reguladores da ordenación establecida na presente normativa.
- Resólvese adecuadamente a dotación de tódolos servizos existentes para cada unha das parcelas resultantes.
- Se con motivo da subdivisión de parcelas fora preciso realizar obras de urbanización, estas executaranse con cargo ao titular da parcela orixinaria, redactándose o correspondente Proxecto de Urbanización.
- A esixencia de prazas de aparcamento privadas se repartirá proporcionalmente á edificabilidade de cada parcela.
- A nova parcelación, así mesmo, será obxecto de licenza municipal.

ART. 56.- PROPIEDAD HORIZONTAL

Sen prexuízo do cumprimento dos parámetros e condicións esixibles a cada parcela, así como do cumprimento da condición de soar, admítese o réxime de propiedade horizontal definido na *Ley 49/60 de Propiedad Horizontal*, de 21 de xullo de 1960, reformada pola *Ley de Reforma da Propiedad Horizontal*, de 6 de abril de 1999.

7.- ÍNDICE DE PLANOS

PLANOS DE INFORMACIÓN	ESCALA
I-01 SITUACIÓN. ENCADRE XEOGRÁFICO	1/50.000
I-02 HIPSOGRÁFICO. HIDROGRÁFICO	1/5.000
I-03 USOS DO SOLO	1/5.000
I-04 FOTOMONTAXE	1/5.000
I-05 ESTRUTURA VIARIA	1/5.000
I-06 REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS E DOTACIÓNS EXISTENTES	1/5.000
I-07 AFECCIÓNS URBANÍSTICAS E SECTORIAIS	1/5.000
I-08 PLANEAMENTO VIXENTE	1/5.000
I-09 ESTRUTURA DA PROPIEDAD. PLANO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA	1/2.000
I-10 LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO. TAQUIMÉTRICO	1/2.000
I-11 PARCELARIO	1/2.000
I-12 DELIMITACIÓN ADAPTADA DO SECTOR E ÁREA DE REPARTO	1/2.000
I-13 LIMITACIÓNS AO USO DA PROPIEDAD. AFECCIÓNS E SERVIDUMES	1/2.000
PLANOS DE ORDENACIÓN	ESCALA
O-01 _a ORDENACIÓN BÁSICA DO SECTOR	1/2.000
O-01 _b ZONIFICACIÓN, USOS E NIVEIS DE INTENSIDADE	1/1.000
O-02 _a REDE VIARIA DO SECTOR. CONEXIÓNS EXTERIORES	1/2.000
O-02 _b ALIÑACIÓNS, COTAS E RASANTES	1/1.000
O-03 REDE VIARIA. PERFÍS LONXITUDINAIS	----
O-04 REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA	1/1.000
O-05 REDE DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS	1/1.000
O-06 REDE DE EVACUACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS	1/1.000
O-07 REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA	1/1.000
O-08 REDE DE ALUMEADO	1/1.000
O-09 REDE DE TELEFONÍA E COMUNICACIÓNS	1/1.000
O-10 REDE DE GAS	1/1.000

ANEXO 1

XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 8/1997 DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E O REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (D. 25/2000, DO 28 DE XANEIRO).

O presente ANEXO ten por obxecto establece-los criterios básicos tendentes a potenciar, promover e mellora-la accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas, así como de expoñe-lo grao de adecuación do propio Plan parcial ao disposto na lexislación autonómica aplicable.

A Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 5:

- "1. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público deberán ser planificados e urbanizados de forma que resulten accesibles para tódalas persoas, e en especial para aquelas con mobilidade reducida ou afectadas por calquera das limitación sinaladas anteriormente. Para iso, os criterios básicos que se establecen nesta lei deberán ser recollidos nos plans xerais de ordenación urbana, nas normas complementarias e subsidiarias e naqueloutros instrumentos de planeamento que podan ser creados pola lexislación urbanística, así como nos demais instrumentos de planeamento que podan ser creados pola lexislación urbanística, así como nos demais instrumentos de planeamento e execución que os desenvolvan, e nos proxectos de urbanización, de dotación de servizos, de obras e de instalacións.*
- 2. Nos informes de carácter técnico que emitan con carácter previo á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento deberase facer constancia expresa, con mención desta lei, do cumprimento dos criterios fixados por ela."*

ADECUACIÓN DO PLAN XERAL Á LEI DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARRERAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E REGULAMENTO QUE A DESENVOLVE

Segundo se desprende da Lei de accesibilidade, os plans xerais deben recolle-los criterios básicos expostos na propia lei e o regulamento que a desenvolve naqueles espazos de uso público de nova creación, obxecto de planificación e futura urbanización.

A ordenación planeada no Plan parcial debe ter en conta os criterios básicos de accesibilidade co fin de que os proxectos de urbanización podan afondar naquelas disposicións fixadas regulamentariamente.

A lei de accesibilidade establece os elementos integrantes dos espazos de uso público obxecto de aplicación. Estes son:

- A rede viaria, xa sexa peonil ou mixta.
- Os parques, xardíns e espazos libres de uso público.
- Aparcamientos vinculados ás vías públicas.
- Os elementos de urbanización como pavimentos, xardinería ou redes de servizo.
- O mobiliario urbano.

*** CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE NAS REDES VIARIAS**

O presente Plan parcial establece nos planos de rede viaria as seccións lonxitudinais e transversais do viario.

- Toda a rede viaria dispón de itinerario peonil adaptado, segundo as esixencias expostas na base 1.1 do código de accesibilidade.

Todos os anchos de beirarrúas e sendas peonís superan a media de 1,80 metros.

As pendentas lonxitudinais son iguais ou inferiores ao 10%.

As pendentas transversais non superan o 2%.

O deseño, no seu conxunto, facilita a dotación de vaos regulamentarios mediante os correspondentes proxectos de urbanización.

- O presente Plan parcial establece as bases que para os proxectos de urbanización poidan cumprilas esixencias sobre accesibilidade nos elementos de urbanización e mobiliario urbano da rede viaria.

*** CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE EN PARQUES, XARDÍNS E DEMAIS ESPAZOS LIBRES DE USO PÚBLICO**

O presente Plan parcial establece as bases para que os proxectos de urbanización poidan cumprilas esixencias sobre accesibilidade nos itinerarios peonís, elementos de urbanización e mobiliario urbano dos espazos públicos.

*** CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE DOS APARCAMENTOS.**

As zonas reservadas polo presente Plan a aparcamentos, xa sexan exclusivas ou vinculadas á rede viaria, reúnen as condicións para dar cumprimento do establecido na base 1.3 do código de accesibilidade.

Establécense bandas de aparcamento na rede viaria cunha anchura mínima de:

- 2 metros en aparcamento en fileira.
- 5 metros en aparcamento en batería.

*** CARACTERÍSTICAS DOS ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN E MOBILIARIO URBANO.**

Os proxectos de urbanización de viario, espazos libres o de dotación de servizos, desenvolverán aqueles aspectos que garantan o cumprimento do código de accesibilidade.

As dimensións mínimas establecidas polo presente Plan para seccións de rúa, garanten a correcta colocación do mobiliario urbano e o cumprimento das medidas expostas na base 1.4 do código de accesibilidade, en especial o respecto dun paso mínimo libre entre obstáculos de 1,50 metros de anchura por 2,20 metros de alto.

ANEXO 2

ESTUDO DE ANTEPROXECTO DE VÍAS EXTERIORES.

LISTADO DE ALIÑACIÓNS

1 CIRC. 0.000 545856.632 4759261.397 102.500 149.594 352.5791 545931.986 4759330.880
 CLOT. 0.000 545856.632 4759261.397 352.5791 545850.122 4759468.812
 2 RECTA 0.000 218.326 4759468.812 20.3794 0.3146798 0.9491979
 218.326 545850.122 4759468.812

Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : S: Ramal salida Norte

DATOS DE ENTRADA

Num Eje P.K. inicial N.Palabras Titulo del Eje
 S 0.0000 3 Ramal salida Norte

Tipo	X (L ant)	Y (dl ant)	R	k1	k2	A	L	D	AZ	Etq	Clave
REFERENCIA	0.00000	0.00000	102.50000	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0	112
REFERENCIA	545815.844793	4759361.167000	0.00000	85.00000	85.00000	85.00000	40.00000	7.50000	0.00000	-1.00000	0
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I											1
PROYECTO :	ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO										
EJE :	6: Ramal entrada Sur										

Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 6: Ramal entrada Sur

*** LISTADO DE LAS ALINEACIONES ***

DATO TIPO	LONGITUD	P.K.	X	TANGENCIA	Y	TANGENCIA	RADIO	PARAMETRO	AZIMUT	Cos/Xc/Xinf	Sen/Yc/Yinf
1 RECTA	0.000	0.000	545751.338	4759170.841					20.3794	0.3146798	0.9491979
CLOT.	40.333	0.000	545751.338	4759170.841				20.3794	20.3794	545751.338	4759170.841
2 CIRC.	31.151	40.333	545767.352	4759207.718		75.000	55.000	37.4974	63.9393	545829.714	4759166.053
CLOT.	12.000	71.484	545789.467	4759229.339			60.000	75.3984	75.3984	545755.493	4759195.739
3 CIRC.	15.000	83.484	545800.097	4759234.870		60.000	60.000	91.3139	123.1449	545822.711	4759179.295
CLOT.	60.000	98.484	545814.550	4759238.737				123.1449	123.1449	545872.735	4759227.109
4 RECTA	0.000	158.484	545872.735	4759227.109				123.1449	123.1449	0.9346371	-0.3556030
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I											
PROYECTO :	ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO										
EJE :	6: Ramal entrada Sur										

Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 6: Ramal entrada Sur

DATOS DE ENTRADA

Num Eje P.K. inicial N.Palabras Titulo del Eje
 6 0.0000 3 Ramal entrada Sur

Tipo	X (L ant)	Y (dl ant)	R	k1	k2	A	L	D	AZ	Etq	Clave
REFERENCIA	545747.561590	4759156.855721	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0	120
FLOTANTE	0.00000	0.00000	75.00000	55.00000	55.00000	55.00000	30.00000	0.00000	0.00000	0	8
ENLACE	0.00000	0.00000	60.00000	60.00000	60.00000	60.00000	15.00000	0.00000	0.00000	0	0
REFERENCIA	0.00000	0.00000	0.00000	60.00000	60.00000	60.00000	0.00000	0.00000	0.00000	0	115
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I											1
PROYECTO :	ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO										
EJE :	7: Ramal salida sur										

Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 7: Ramal salida sur

*** LISTADO DE LAS ALINEACIONES ***

DATO TIPO	LONGITUD	P.K.	X	TANGENCIA	Y	TANGENCIA	RADIO	PARAMETRO	AZIMUT	Cos/Xc/Xinf	Sen/Yc/Yinf
6	0.0000	0.0000	545747.561590	4759156.855721					20.3794	0.3146798	0.9491979
CLOT.	40.333	0.0000	545747.561590	4759156.855721				20.3794	20.3794	545747.561590	4759156.855721
7 CIRC.	31.151	40.333	545767.352	4759207.718		75.000	55.000	37.4974	63.9393	545829.714	4759166.053
CLOT.	12.000	71.484	545789.467	4759229.339			60.000	75.3984	75.3984	545755.493	4759195.739
8 CIRC.	15.000	83.484	545800.097	4759234.870		60.000	60.000	91.3139	123.1449	545822.711	4759179.295
CLOT.	60.000	98.484	545814.550	4759238.737				123.1449	123.1449	545872.735	4759227.109
9 RECTA	0.0000	158.484	545872.735	4759227.109				123.1449	123.1449	0.9346371	-0.3556030
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I											
PROYECTO :	ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO										
EJE :	7: Ramal salida sur										

Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 I
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 7: Ramal salida sur

1 CIRC.	0.000	545621.401	4759331.383	-223.000	105.000	117.0897	545680.548	4759546.396
CLOT.	0.000	545621.401	4759331.383		105.000	117.0897	545669.882	4759321.831
2 CIRC.	49.439	545669.882	4759331.831	125.000	75.000	110.0327	545669.882	4759321.831
CLOT.	12.815	545713.757	4759371.321				545672.355	4759194.187
3 CIRC.	107.255	545725.611	4759307.275	50.000	35.000	121.4919	545716.639	4759311.216
CLOT.	14.700	545725.611	4759307.275				545708.187	4759259.951
4 CIRC.	50.000	545738.284	4759299.878		35.000	128.0186	545752.274	4759232.455
CLOT.	24.500	545738.284	4759299.878				545752.274	4759232.455
4 RECTA	0.000	196.455	545752.274	4759232.455		220.3794	-0.3146798	-0.9491979

ceje0.res
117.0897
117.0897
110.0327
121.4919
128.0186
141.1203
204.7822
220.3794
220.3794

Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 1
PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
EJE : 7: Ramal salida sur

DATOS DE ENTRADA

Num Eje	P.K. inicial	N.Palabras	Titulo del Eje
7	0.0000	3	Ramal salida sur

Tipo	X (L ant)	Y (dl. ant)	R
REFERENCIA	0.000000	0.000000	-223.000000
FLOTANTE	0.000000	0.000000	105.000000
ENLACE	0.000000	0.000000	105.000000
REFERENCIA	545747.327703	4759218.171150	0.000000
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 1			35.000000
PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO			35.000000
EJE : 8: Glorieta ESTE			

***** LISTADO DE LAS ALINEACIONES *****

DATO TIPO	LONGITUD	P.K.	X TANGENCIA	Y TANGENCIA	RADIO	PARAMETRO	AZIMUT	Cos/Xc/Xinf	Sen/Yc/Yinf
1 CIRC.	113.097	0.000	545966.439	4759199.733	-18.000		23.0000	545949.601	4759206.096
		113.097	545966.439	4759199.733			23.0000		

pagina 2

DATOS DE ENTRADA

Num Eje	P.K. inicial	N.Palabras	Titulo del Eje
8	0.0000	2	Glorieta ESTE

Tipo	X (L ant)	Y (dl. ant)	R
FIJA-ChR	545949.600652	4759206.095711	-18.000000
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 1			0.000000
PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO			0.000000
EJE : 9: Glorieta oeste			

pagina 1

***** LISTADO DE LAS ALINEACIONES *****

DATO TIPO	LONGITUD	P.K.	X TANGENCIA	Y TANGENCIA	RADIO	PARAMETRO	AZIMUT	Cos/Xc/Xinf	Sen/Yc/Yinf
1 CIRC.	113.097	0.000	545539.174	4759364.482	-18.000		23.0000	545522.336	4759370.844
		113.097	545539.174	4759364.482			23.0000		

pagina 5

ceje0_res
124.1697
124.1697

778.550 546178.366 4759323.273
865.137 546258.787 4759291.184

5 RECTA 86.586
Istram 8.23 14/06/07 19:05:48 1

0.9287922 -0.3706010
pagina 2

PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
EJE : 11: Vte. Cam.10.1

0

DATOS DE ENTRADA

Num Eje	P.K. inicial	N.Palabras	Titulo del Eje										
11	0.0000	2	Vte. Cam.10.1										
Tipo	X (L ant)	Y (dL ant)	R	K1	K2	A	L	D	Az	Etiq	Clave		
FIJA-2P+R	545586.406316	4759753.758064	0.000000	45.000000	45.000000	45.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0		
	545927.322332	4759628.821541	50.000000	45.000000	45.000000	45.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0.000000	8		
FLOTANTE	546000.401434	4759569.198006	0.000000	45.000000	45.000000	45.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0		
FIJA-2P+R	546018.512762	4759526.059090	-174.839994	90.000000	90.000000	90.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0.000000	8		
FLOTANTE	546144.798406	4759336.667244	0.000000	90.000000	90.000000	90.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0		
FIJA-2P+R	546258.786687	4759291.184334	0.000000	90.000000	90.000000	90.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0.000000	0		

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
4.034618	73.269	1500.000	9210.000	267.505	8864.822	253.578	9246.634	267.194	0.447	-4.885
-0.849954	284.949	7001.000	9545.430	264.654	9173.366	266.027	9687.905	257.644	1.450	-4.070
-4.920073	657.724	6450.000	10087.048	238.232	9402.955	265.865	10410.910	255.607	8.384	10.197
5.277197	185.651	7000.000	10567.173	263.853	9753.186	254.432	10659.998	266.290	0.615	-2.652
-2.655040	214.714	2500.000	10877.073	271.988	10474.348	258.954	10984.430	265.586	2.305	-8.589
-5.963516	257.435	5250.000	11299.391	246.803	10769.716	269.170	11478.108	245.439	1.578	4.904
-1.060000					11170.674	254.479	11500.000	244.677		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1 pagina 2
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 2: VTE CAM 10.45

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
-0.791815	0.010	1.248	14.000	266.082	-2.588	266.213	14.005	266.082	0.000	-0.839
-1.631093	20.546	350.000	49.996	263.495	13.995	266.082	60.269	264.724	0.151	-5.870
-7.501463	86.722	1375.000	213.713	253.214	39.723	265.662	257.074	252.696	0.684	6.307
-1.194405	42.640	7634.000	434.269	250.579	170.352	256.466	455.589	250.296	0.030	-0.559
-1.752964	87.396	1085.000	534.461	248.823	412.949	250.834	578.159	244.537	0.880	-8.055
-9.807855					490.764	249.589	636.315	238.833		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1 pagina 3
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 3: Carr a Pol Indus

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
-8.011822	30.014	500.000	55.118	250.346	1.398	254.650	70.125	250.045	0.225	6.003
-2.009025	37.200	550.000	105.676	249.331	40.111	251.549	124.276	247.699	0.315	-6.764
-8.772583	79.417	675.000	230.412	238.388	87.076	249.704	270.121	239.576	1.168	11.765
2.982866	39.514	3268.000	336.021	241.549	190.704	241.871	355.778	242.379	0.060	1.209
4.202011	23.610	518.000	444.891	246.123	316.264	240.957	456.696	246.081	0.135	-4.558
-0.355858	16.639	350.000	472.029	246.027	433.086	245.627	480.349	246.393	0.099	4.754
4.398277	184.944	3051.000	665.141	254.570	463.709	246.056	757.613	252.982	1.401	-6.062
-1.663468	49.509	4624.000	895.488	250.689	572.669	250.453	920.242	250.542	0.066	1.071
-0.592780	45.684	4624.000	1223.189	248.746	870.734	251.100	1246.032	248.836	0.056	0.988
0.395204					1200.347	248.882	1405.517	249.467		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1 pagina 4
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 4: CamSer9.7

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	V E R T I C E cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	ENTRADA AL ACUERDO cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	SALIDA DEL ACUERDO cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
-4.375022	115.202	4574.000	53.089	250.341	-20.032	253.540	110.690	249.272	0.363	2.519
-1.856387	58.562	2637.000	246.985	246.742	-4.513	252.861	276.266	246.848	0.163	2.221
0.364403	95.433	3051.000	440.080	247.445	217.704	247.285	487.797	249.112	0.373	3.128
3.492326	133.802	3051.000	634.628	254.240	392.364	247.271	701.529	253.642	0.733	-4.386
-0.893193	10.606	3051.000	715.584	253.516	567.727	251.903	720.888	233.451	0.005	-0.348
-1.240821	35.870	1085.000	772.020	232.816	710.281	253.564	789.955	232.001	0.148	-3.306
-4.546835	10.412	253.110	795.549	251.746	754.084	253.039	800.755	251.724	0.054	4.113
-0.433341					790.343	251.983	827.817	251.606		

Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1 pagina 5
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 5: Rama1 salida Norte

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	V E R T I C E cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	ENTRADA AL ACUERDO cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	SALIDA DEL ACUERDO cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
-7.019932	24.067	500.000	13.729	257.307	0.000	258.171	25.762	256.942	0.145	4.813
-2.206560	30.401	700.000	42.282	256.577	1.695	258.052	57.482	256.902	0.165	4.343
2.136391	33.412	1038.748	83.047	257.448	27.081	256.913	100.753	257.223	0.151	-3.409
-1.272684	5.751	878.058	111.659	257.084	65.342	257.070	114.534	257.029	0.005	-0.655
-1.927622	31.299	1085.000	133.990	256.654	108.784	257.121	149.639	255.901	0.113	-2.885
-4.812316	0.000	0.000	218.836	252.571	218.836	252.571	218.836	252.571	0.000	0.438
-4.374384	0.000	0.000	218.836	252.571	218.836	252.571	218.836	252.571	0.000	0.415
-4.359016	0.000	0.000	218.836	252.571	218.836	252.571	218.836	252.571	0.000	0.438

Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1 pagina 6
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 6: Rama1 entrada Sur

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	V E R T I C E cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	ENTRADA AL ACUERDO cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	SALIDA DEL ACUERDO cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
-2.635309	24.608	2816.963	29.406	265.491	-19.006	266.767	41.710	265.060	0.027	-0.874
-3.508862	40.001	883.000	68.899	264.106	17.103	265.816	88.899	262.498	0.227	-4.530
-8.038936	62.913	456.189	124.503	259.636	48.899	264.807	155.959	261.445	1.085	13.791
5.752058					93.046	262.164	163.960	261.905		

Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1 pagina 7
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 7: Rama1 salida sur

rass0.txt

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF. PEN (%)
2.592790	13.364	1085.000	1.472	251.591	-5.881	251.400	8.154	251.682	0.021	-1.232
1.361064	40.037	402.000	70.904	252.536	-5.211	251.418	90.922	254.802	0.498	9.959
11.320524	40.059	501.000	167.224	263.440	50.885	252.264	187.254	264.106	0.400	-7.996
3.324720					147.195	261.173	216.793	265.088		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 8: Glorieta ESTE pagina 8

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF. PEN (%)
-2.000000	60.000	1500.000	44.947	265.021	-2.073	265.961	74.947	265.621	0.300	4.000
2.000000	60.000	1500.000	123.184	266.586	14.947	265.621	153.184	265.986	0.300	-4.000
-2.000000					93.184	265.986	158.274	265.884		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 9: Glorieta oeste pagina 9

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF. PEN (%)
-2.000000	60.000	1500.000	45.205	249.036	0.000	249.940	75.205	249.636	0.300	4.000
2.000000	60.000	1500.000	126.240	250.657	15.205	249.636	156.240	250.057	0.300	-4.000
-2.000000					96.240	250.057	157.541	250.031		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 10: Ramal directo Glorieta Oeste pagina 10

*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k.	cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k.	cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k.	cota	BISECT. (m)	DIF. PEN (%)
-1.271317	38.924	1000.000	19.978	250.443	-19.768	250.948	39.440	249.438	0.189	-3.892
-5.163755	35.377	1085.000	102.454	246.184	0.516	250.690	120.142	244.694	0.144	-3.261
-8.424265					84.765	247.097	125.192	244.268		

0 Istram 8.23 06/06/07 22:40:37 1
 PROYECTO : ACCESOS A SECTOR INDUSTRIAL EN OROSO
 EJE : 11: vte.Cam10.2 pagina 11


*** ESTADO DE RASANTES ***

PENDIENTE (%)	LONGITUD (m)	PARAMETRO (kv)	V E R T I C E p.k. cota	ENTRADA AL ACUERDO p.k. cota	SALIDA DEL ACUERDO p.k. cota	BISECT. (m)	DIF.PEN (%)
-0.022650	26.236	1085.000	82.006 246.985	0.019 247.004	95.124 246.665	0.079	-2.418
-2.440714	33.560	1375.000	121.277 246.027	68.888 246.988	138.057 246.027	0.102	2.441
0.000000	23.710	1085.000	200.172 246.027	104.497 246.436	212.027 245.768	0.065	-2.185
-2.185222	35.341	1085.000	311.379 243.597	188.317 246.027	329.050 242.635	0.144	-3.257
-5.442441	94.310	855.000	382.738 239.713	293.709 243.983	429.893 242.348	1.300	11.030
5.587978	43.490	1493.000	461.826 244.132	335.583 242.279	483.571 245.981	0.158	2.913
8.500915	32.820	1085.000	617.468 257.363	440.081 255.968	633.878 258.262	0.124	-3.025
5.476066	37.734	1375.000	763.167 265.342	601.058 264.309	782.034 265.857	0.129	-2.744
2.731797	14.463	1085.000	873.692 268.361	744.300 268.309	880.924 268.462	0.024	-1.333
1.398798				866.461 268.164	914.123 268.927		

ANEXO 3

ESTUDO DE PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA

Prospección arqueolóxica da área afectada polo Polígono Empresarial San Martiño 2 (Oroso, A Coruña).



MEMORIA TÉCNICA



ÍNDICE.

0. FICHA TÉCNICA	2
1. CONTEXTO	3
1.1. Introducción.	
1.1.1 Xustificación da infraestrutura.	
1.2. Situación xeográfica.	
1.3. O Plan Especial.	
2. ESTRUCTURA DO TRABALLO ARQUEOLÓXICO	7
2.1. Obxectivos da actuación.	
2.2. Equipo técnico.	
2.3. Equipo material.	
2.4. Duración horarios.	
3. METODOLOXÍA	9
3.1. Preprospección.	
3.2. Prospección.	
3.2.1. Desprazamento a pé polo territorio afectado.	
3.2.2. Enquisa etnográfica.	
3.3. Rexistro.	
4. RESULTADOS	12
5. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	14
5.1. Análise do impacto da infraestrutura.	
5.2. Liñas de actuación propostas de carácter xeral.	
5.3. Avaliación e medidas correctoras individuais.	
6. FOTOGRAFÍAS	20
7. CARTOGRAFÍA	22
8. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA	25

O. FICHA TÉCNICA.

TÍTULO:

Prospección arqueolóxica da área afectada polo Polígono Empresarial San Martiño 2 (Oroso, A Coruña).

ENTIDADE PROMOTORA:

MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.

Rúa Padre Feijoo, 9.
A Coruña.

ENTIDADE CONTRATISTA:

TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN S.L.

Rúa Brasil, 37-baixo (36204-Vigo)
Tf.-Fax: 986-471810.
C.I.F.: B-36779908.

LOCALIZACIÓN:

Lugar: **Entre Oroso e Vilacide.**
Parroquia: **Oroso (S. Martiño).**
Concello: **Oroso.**
Provincia: **A Coruña.**

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Fco. Javier CHAO ÁLVAREZ.

R/ Brasil 37 baixo.
36204 Vigo (Pontevedra).
Tf.: 986 47 18 10

EQUIPO TÉCNICO:

Fco. Javier CHAO ÁLVAREZ.
Enriqueta LÓPEZ RODRÍGUEZ.

DATAS DE EXECUCIÓN:

21-VI-2007.

Vigo, 21 de xuño de 2007

Asdo.: **Fco. Javier CHAO ÁLVAREZ.**

1. CONTEXTO.

1.1. INTRODUCCIÓN.

O estudio de arquitectura **Monteoliva Arquitectura S.L.**, como responsable do desenvolvemento do proxecto de referencia, solicitou á empresa **Tomos Conservación Restauración S.L.** o traballo de prospección arqueolóxica intensiva da superficie incluída no **Polígono Empresarial San Martiño 2** co fin de documentar calquera posible resto de interese cultural existente na área do seu emprazamento e avaliar o impacto ou afeccións derivadas da construción das infraestruturas propostas sobre ese patrimonio cultural.

Atendendo a esta solicitude, con data do 21 de marzo de 2007 elaboramos o **Proxecto de Intervención** necesario para poder realizar o traballo, tal e como se esixe no Capítulo II, artigo 6º do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Proxecto de Intervención foi autorizado mediante unha resolución asinada o día 15 de xuño de 2007 polo director xeral de Patrimonio Cultural, foi clasificado como actuación "preventiva". Desenvolvémolo atendendo ós criterios nel manexados e agora presentamos a Memoria Técnica na que se recollen novamente os criterios de actuación manexados e na que damos conta dos resultados acadados co traballo de prospección realizado. Con este documento damos por rematado e pechado o proxecto.

1.1.1. Xustificación da infraestrutura.

Preténdese desenvolver o Plan parcial do Sector de Solo Urbanizable AR-Sector nº10 denominado "San Martiño II", ao obxecto de ordena-los terreos para a súa posterior transformación e urbanización para a creación dun parque empresarial¹.

O desenvolvemento deste Plan parcial constitúe unha determinación do P.X.O.M. de Oroso fundamentada en razóns de interese público e nas posibilidades territoriais e estratéxicas do enclave elixido para a implantación dunha superficie de solo capaz de soporta-la actividade pretendida.

¹ Os textos en cursiva son información copiada de xeito literal do documento xustificativo facilitado por Monteoliva Arquitectura S.L.

Segundo consta no documento de P.X.O.M., mediante este desenvolvemento preténdese impulsa-la actividade económica do Concello e fomenta-la creación de postos de traballo.

O Concello de Oroso actúa como promotor desta iniciativa sendo o sistema de xestión do solo elixido o de cooperación.

Este estudio do patrimonio cultural está xustificado pola necesidade de desenvolver unha actuación arqueolóxica intensiva sobre a área afectada pola infraestrutura dentro do marco do estudio de viabilidade deste plan sectorial.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

O Concello de **Oroso** atópase situado na parte norcentral do territorio galego, dentro da provincia de A Coruña na marxe dereita do río Tambre. Territorialmente limita ó N co concello de Ordes, ó NE co de Frades, ó S-SE co municipio de O Pino, ó S co de Santiago, e ó W co de Trazo e cunha pequena área do concello de Tordoia. Así pois, pódese considerar que forma parte da zona meridional da denominada **Comarca de Ordes**, moi preto da zona de influencia da cidade de **Santiago de Compostela**, que se sitúa apenas a 15 km da capital municipal.

Este término municipal, con pouco máis de **72 km²**, conta cun poboamento eminentemente rural duns 3.779 habitantes² que se encontran repartidos en once parroquias³. A capital do concello é **Sigüeiro**, situada no límite sur do territorio, que constitúe o maior núcleo de poboación (617) habitantes. Os núcleos habitados do concello están bastante dispersos polo territorio, conformado polo amplo val do Río Tambre e os seus afluentes; xa cara ó norte (onde se emprazan as terras de Ordes), o relevo faise áis abrupto ata acadar os 375 m. s. n. m. que son a maior altura do territorio municipal.

O espacio concreto da infraestrutura sitúase a uns 2 quilómetros ó norte de Sigüeiro, á carón da estrada N-550 entre os núcleos de Vilacide ó sur e Oroso ó norte, ocupando unha área de relevo moi suave con lixeira pendente cara ó oeste-suroeste delimitada polo Rego da Pena. *A decisión da localización baséase na interpretación da información xeográfica e no estudo do medio rural, onde se conclúe unha posición idónea nunha zona de transición entre as parroquias de Oroso e Trasmonte, polo tanto, distante dos espazos agrícolas dos principais asentamentos. Trátase dun solo no que a vocación ambiental sería*

² Datos de 1991.

³ Os Ánxeles, Calvente, Cardama, Deixebre, Gándara, Marzoa, Oroso, Paxarelos, Senra, Trasmonte e Vilarromarís.

o monte. De feito na actualidade, o uso maioritario é o forestal para especies de crecemento rápido. No entanto, a pesar de soportar este uso na actualidade, presenta unhas calidades topográficas de escasa pendente que non é posible encontrar noutras áreas do termo municipal, a non ser a costa de maior efecto ambiental.

As súas posibilidades de conexión coas infraestruturas viarias e de abastecemento de auga e enerxía eléctrica acaban por anular calquera outra localización alternativa en mellores condicións.

As calidades medioambientais do enclave localízanse no Rego da Pena mediante un ecosistema fluvial e de vexetación de ribeira. Baixo a influencia do curso fluvial détéctanse fragas de bosque de castaño e carballo.

A pesar de tratarse dun elemento natural non incluído na proposta Rede Natura (verte no Río Lengüelle que si o está), pero afectado pola lexislación de augas, foi preciso establece-la correspondente protección en virtude do valor detectado. Conforme a isto propuxéronse dous sectores de Solo Urbanizable fisicamente separados pero conectados por dúas infraestruturas viarias básicas perimetrais.

1.3. O PLAN ESPECIAL.

A área ocupada pola infraestrutura prevista ten unha superficie bruta de 439.580 m², dos cales se estima que 375.705 m², un 85% do solo, vai ser obxecto de transformación urbanística. O 15% restante corresponde a solo destinado a espazo libre ou zonas verdes de cesión pública e terreos afectados polas infraestruturas de electricidade e gas que non son obxecto de transformación.

O acceso ó plígono realizarase a través do vial previsto (SXV-9) mediante a intersección coa N-550 (SXV-5) e, de forma alternativa mediante a intersección en Os Mariñaos (SXV-6).

Deseñarase un vial de servizo paralelo á estrada N-550 entre a intersección SXV-5 e o núcleo rural de Oroso.

O abastecemento de auga servirase desde a rede principal proxectada que discorre pola N-550.

O saneamento de augas residuais resolverase de forma autónoma mediante a rede principal proposta e unha estación depuradora compartida co Sector N^o 11 (SXIS-6).

Dende unha valoración do patrimonio cultural a mesma memoria xustificativa recolle que *segundo o inventario de elementos e bens catalogados polo Catálogo de Patrimonio do P.X.O.M., o Sector nº 10 non se atopa afectado por ningún elemento do patrimonio histórico-artístico e cultural.*

En todo caso o Plan parcial incorporará unha prospección arqueolóxica intensiva do Sector ao obxecto de garanti-la protección de posibles elementos non inventariados.

2. ESTRUCTURA DO TRABALLO ARQUEOLÓXICO.

2.1. OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN.

Con este proxecto pretendemos estudar a riqueza arqueolóxica e histórico-artística da área afectada polo plan especial. Neste senso, o obxectivo principal é a *localización* de todos os bens de interese cultural existentes na área de traballo.

Dentro do estudo de viabilidade da infraestrutura propomos tamén unhas liñas de actuación con respecto á preservación e tratamento axeitado do patrimonio cultural documentado. Neste senso, serán os organismos administrativos competentes quen determinen as medidas protectoras definitivas, aquí só se ofrece unha perspectiva persoal ó respecto atendendo á situación patrimonial dos bens observada sobre o terreo.

2.2. EQUIPO TÉCNICO.

* Un arqueólogo-director da intervención: **Fco. Javier CHAO ÁLVAREZ**

* Un técnico axudante: **Enriqueta LÓPEZ RODRÍGUEZ.**

2.3. EQUIPO MATERIAL.

* Vehículo.

* Fotografía: tomas fotográficas en soporte dixital.

* Cartografía:

- planos a escala *1:5.000* e *1:2.000*;

- planos *1:10.000* (da antiga Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia);

2.4. DURACIÓN-HORARIOS.

- * Preprospección: 1 día.
- * Prospección (traballo de campo): 1 día (8 horas por xornada laboral). Realizada con data do día 20 de xuño de 2007.

3. METODOLOXÍA.

Tal e como resulta habitual neste tipo de intervencións, o traballo vai encamiñado á realización de dúas actividades primordiais:

- 1- revisión bibliográfica e documental, e
- 2- prospección de campo.

O desenvolvemento destas dúas tarefas discorre por tres fases ben definidas, nas que a información obtida mediante a consulta da documentación dispoñible pode ser tan relevante como o propio rexistro de campo.

3.1. PREPROSPECCIÓN.

A realización deste traballo de gabinete previo consta de tres actividades básicas:

1. *Revisión* da diversa cartografía da memoria xustificativa da modificación que se propón, así como das súas áreas limítrofes (en principio teranse en conta uns 200 metros arredor dos límites exteriores da superficie prevista para a área afectada polo plan especial).
2. Unha vez finalizada a fase anterior, control e busca de *topónimos* arqueoloxicamente significativos a través da cartografía arriba mencionada e da documentación dispoñible. A información aquí obtida deberá ser cotexada e completada no campo mediante a realización de enquisas etnográficas (rexistro de microtoponimia).
3. Rexistro das referencias arqueolóxicas existentes obtidas logo da consulta da diversa *documentación oficial* (sobre todo das **fichas de inventario** de xacementos arqueolóxicos depositadas no *Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia*).

3.2. PROSPECCIÓN.

Supón o traballo de campo propiamente dito. Conta con dúas actividades básicas e complementarias entre si que, como é lóxico supoñer, van encamiñadas á realización do máis completo *rexistro arqueolóxico*.

3.2.1. Desprazamento a pé polo territorio afectado.

O planeamento previsto contempla a supervisión de tódolos terreos implicados no proxecto de modificación mediante a **prospección intensiva** dos mesmos, co fin de rexistrar e catalogar tanto os considerados xacementos arqueolóxicos visibles (é dicir, aqueles que ofrecen unha alteración evidente na paisaxe) como aqueles lugares puntuais que polas súas características impliquen a posibilidade de atopar achados soltos ou outro tipo de vestixios ou xacementos non visibles na paisaxe (é dicir sectores que contén con emprazamentos topográficos significativos que nos poidan inducir a pensar na presenza de hábitats prehistóricos; lugares con referencias etnográficas concretas; etc.). Neste caso, ademais dos xacementos arqueolóxicos estudiaremos tódolos bens culturais de interese patrimonial (arquitecturas, bens etnográficos, o Camiño Inglés, etc.)

Esta área de prospección será ampliada uns **200 metros** fóra do límite máis externo do polígono de ordenación mediante unha revisión do terreo menos intensiva pero si o suficientemente **exhaustiva**. Neste senso, ó tratarse dun entorno urbano de construción moi recente as posibilidades de que se conserven visibles elementos de interese redúcense significativamente. Este mesmo entorno tamén reduce os riscos de afección fóra da área do plan especial.

Ó mesmo tempo realizamos un rexistro fotográfico daqueles aspectos máis salientables da arqueografía, topografía, etc. da zona de estudo. Unha selección desas fotografías inclúese na Memoria Técnica definitiva (ademais das que se faciliten nas fichas de inventario de xacementos arqueolóxicos, no caso de que haxa que elaborar algunha).

3.2.2. Enquisa etnográfica.

Está previsto facer iste labor entre as persoas de máis idade no núcleo de Sigüeiro, xa que normalmente a información obtida entre este grupo de poboación está menos *contaminada* e resulta ser máis abundante que a conseguida a través da xente máis nova. En relación con esta parte da prospección debemos significar que tamén serán catalogadas e rexistradas, mediante **fichas de inventario** específicas, aquelas *referencias, topónimos e/ou achados* arqueoloxicamente significativos que se obteñan durante o traballo de campo.

3.3. REXISTRO.

Unha vez rematadas as tarefas de campo retomárase o traballo de gabinete co fin de remitir, nun prazo máximo de sete días, ó promotor do proxecto (para que á súa vez se envíe ó *Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia*), o correspondente Informe Valorativo ou Memoria Técnica cos resultados obtidos durante a prospección.

Xunto co texto da Memoria farase entrega da seguinte documentación:

*** Cartografía:**

- Planos a escala *1:10.000* (reducidos a *1:20.000*) da Xunta de Galicia coa localización dos xacementos arqueolóxicos, achados soltos, referencias e topónimos rexistrados (xunto co seu código de identificación).

- Planos nunha escala máis detallada, pertencentes ó propio proxecto de modificación, coa localización dos puntos de interese arqueolóxico rexistrados, onde se sinalen as áreas que deberán ser sometidas a protección patrimonial no entorno de cada un deses xacementos.

*** Catálogo** con todas as incidencias arqueolóxicas localizadas, que irán sinaladas co seu código de identificación, nome, parroquia, lugar, tipoloxía e adscrición cronolóxica-cultural, xunto co número de folia do plano onde se poden localizar.

*** As preceptivas *Fichas Normativizadas de Inventario*** da Xunta de Galicia dos xacementos arqueolóxicos, achados soltos, referencias e topónimos catalogados durante o traballo de campo.

Finalmente, no caso de que fose atopado algún ***material arqueográfico*** ou achado de interese, será depositado na institución museística que estime oportuno o *Servizo de Arqueoloxía* (dato que será comunicado no documento de autorización de obra), despois de ser debidamente lavado, siglado e inventariado. Unha copia da *acta de depósito* dos materiais será remitida á *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* xunto cun listado das pezas depositadas.

4. RESULTADOS.

O primeiro que debemos destacar en canto ós resultados acadados é a **ausencia de elementos de interese cultural dentro da área de emprazamento da infraestrutura**. Si aparecen tres elementos reseñables pero todos eles están situados en áreas limítrofes do espacio ocupado pola instalación. En calquera caso imos facer de tódolos xeitos unha proposta de actuación con respecto a estes bens posto que están perimetrando a área ocupada polo parque empresarial e dende unha perspectiva patrimonial vense afectados.

O traballo realizámolo de xeito moi intensivo sobre toda a superficie de estudio e o seu perímetro inmediato. Trátase dunha zona doada de estudar posto que tan só presenta unhas pequenas áreas con vexetación que ofrece dificultades a este respecto pero non impide un estudio básico. Revisamos tódolos desterres significativos que atopamos sen acadar resultados. Tanto estes desterres revisados como as áreas de vexetación aparecen representadas na cartografía.

Os bens documentados son tres:

- **Muíño do Balteiro.**

Trátase dun muíño hidráulico que foi reparado con elementos alleos á construción orixinal e que lle fan perder boa parte do seu valor estético e patrimonial. Hoxe en día exteriormente só se ve unha construción actual de cemento e formigón e non se aprecian restos de pedra que podan considerarse de certa antigüidade. Segundo algúns dos veciños consultados está reparando (máis ben reproducindo) unha estrutura anterior.



- **Muíño da Pena.**

Trátase tamén dun muíño de auga que neste caso si conserva unha estrutura e elementos constructivos tradicionais pero que se atopa en estado ruinoso. O teito está caído e so conserva parcialmente os muros, a maquinaria interior e o cubo co treito final da canle de abastecemento de auga.



- **Canteira.**

Hoxe en día sobre o terreo só se aprecia o furado xerado pola canteira e algúns do cortes perimetrais do frente principal. Trátase dunha canteira de xisto que segundo os veciños estivo activa ata fai poucos anos (segundo algúns dos enquisados péchase arredor dos anos 80 pero ningún nos soubo precisar a súa antigüidade). O seu interior atópase moi cuberto de vexetación que dificulta un estudio polo miudo.



Dentro dun entorno amplo hai outros elementos de interese cultural que dende unha perspectiva razoablemente cauta non deberían verse afectados de ningún xeito pola infraestrutura prevista. Estes bens son por exemplo os lugares de A Pena e a Igrexa, núcleos rurais con algúns elementos de interese etnográfico e os castros de Vilacide (GA15060019) e de Oroso Pequeno (GA15060018). Atendendo a esta observación no seguinte apartado deste documento tan só analizaremos os tres primeiros elementos presentados.

5. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.

A continuación imos ofrecer unha valoración xeral do impacto que entendemos que pode ocasionar a instalación prevista sobre o patrimonio cultural e individualizaremos esa análise para o caso dos dous muíños e a canteira presentada anteriormente.

A pretensión é unicamente a de ofrecer unhas posibles liñas de actuación que garantan a conservación dos elementos e un tratamento axeitado dentro do proxecto constructivo da infraestrutura.

5.1. ANÁLISE DO IMPACTO DA INFRAESTRUCTURA.

Dende unha perspectiva patrimonial a repercusión fundamental do parque sobre o rexistro do patrimonio cultural é a que se pode ocasionar durante a súa construción; ó longo do seu aproveitamento e mantemento tamén poderían chegar a producirse algunhas afeccións pero é unha circunstancia moi pouco probable porque as accións posteriores en boa lóxica deberían cingirse estrictamente ó ámbito da instalación se afectar terreos no seu perímetro exterior.

Podemos establecer unha serie de factores causantes de potenciais impactos atendendo ó conxunto da obra:

- Viais.

A construción dos viais internos da instalación esixe unha remoción do terreo importante que implica a súa escavación ou recheo ocasionando o enterramento ou destrución total ou parcial de calquera resto existente no espazo das trazas. Dentro deste conxunto de actuacións tamén podemos incluír tódolos traballos motivados pola instalación de drenaxes, cableados, servizos de abastecementos e saneamentos, beirarrúas, etc. que ademáis da explanación dos terreos conleva a bon seguro a escavación de gabias que afondan máis no terreo acadando cotas de afección máis fondas.

- Parcelas.

A adecuación das parcelas dentro do polígono de actuación tamén é outro factor potencialmente causante de impactos sobre o rexistro. O tipo de afección é o mesmo causado polos viais.

- **Accesos e movementos de terras.**

Outro dos factores de alteración a ter en conta é a posible necesidade de ter que modificar accesos á zona do parque ou ter que empregar espazos de acopio ou depósito das terras remexidas durante a construción. Ámba-las dúas actividades poden destruír ou ocultar elementos de interese e teñen a dificultade engadida de que pode ser necesario realizalas fóra do entorno inmediato da infraestrutura en áreas que non foron previamente estudadas.

- **Traballos complementarios.**

Tódolos traballos parellos de acarreo e depósito de materiais, replanteo do parque, restitución de terras, etc. esixen un importante movemento de máquinas en toda a zona que poderían tamén alterar o rexistro arqueolóxico. Dentro deste grupo de actuacións tamén podemos considerar a necesidade de arranxar as zonas verdes previstas; aínda que nelas os traballos previsiblemente non van ser da mesma intensidade ca na área de viais e parcelas tamén poden causarse afeccións con motivo dos traballos de desbroce, talas, acondicionamentos, movementos de terras e máquinas, etc.

- **Afección visual.**

Por último, nunha consideración totalmente allea á perspectiva ata agora manexada podemos aínda atender a un impacto visual ocasionado pola instalación sobre os bens patrimoniais especialmente naqueles de carácter monumental. Aínda que non afecte de xeito directo sobre deles, se cadra si debería ser tido en conta sobre todo no caso do Muíño da Pena.

5.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS DE CARÁCTER XERAL.

Atendendo a análise de factores que poden causar afeccións sobre o rexistro e tendo en conta que pode haber restos soterrados que se escapan á inspección superficial e o estudo agora realizado entendemos que é aconsellable establecer unha actuación que garanta o bo tratamento e preservación tanto dos elementos rexistrados coma dos posibles restos que poideran aínda aparecer durante os traballos de construción da infraestrutura:

*** Control e seguimento arqueolóxico.**

Pensamos que é necesario establecer un control e seguimento arqueolóxico sobre os traballos de construción da infraestrutura de xeito que permita garantir a preservación dos bens culturais e que permita valorar a idoneidade das medidas que se establezan e a posible necesidade de establecer outras medidas complementarias.

*** Sinalización na cartografía de obra dos bens rexistrados.**

Entendemos tamén que a maneira de preservar os bens é que sexa coñecida a súa existencia por parte dos responsables da execución das obras constructivas. Daquela deberían figurar representados na cartografía empregada durante os traballos.

*** Balizamento dos muíños.**

Outra medida que pode resultar axeitada dependendo do tipo de actuación que se leve no seu entorno é o balizamento perimetral dos muíños con elementos visibles e duradeiros de modo que se eviten afeccións accidentais por mor dos movementos de máquinas na zona, por mor de depósitos de material ou acopios, etc.

5.3. AVALIACIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS INDIVIDUAIS.

- MUÍÑO DO BALTEIRO -

Coordenadas de referencia (UTM):

X: 545260

Y: 4760695

Descrición:

Trátase duns muíño hidráulico coa estrutura exterior construída con materiais actuais e que perdeu boa parte do seu valor estético e patrimonial.



- **ANÁLISE DO IMPACTO.**

- Referencia e distancia á infraestrutura:

Está situado no límite da zona verde prevista para este sector de actuación que vai delimitado polo Rego da Pena. O muíño sitúase ó norte do Rego, na súa marxe dereita, nunha área onde o rego se divide en varias canles.

Calificación:

Compatible.

Causas e descrición:

Descoñecemos exactamente por onde vai o límite da actuación para este sector da instalación polo que non podemos precisar se xusto a área do

muíño vai ser obxecto ou non de obras. En calquera caso, ó tratarse dunha zona de beira de curso fluvial resérvase para zona verde da infraestrutura polo que resulta compatible a adecuación desta área coa presenza do muíño. É mais, a adecuación da zona debería favorecer e resalta a presenza deste elemento ó eliminarlle a vexetación que o oculta e dificulta a súa visualización.

- LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS.

As liñas básicas de actuación serían as que xa se propoñen con carácter xeral, e dicir, control e seguimento de obra, representación do muíño na cartografía manexada nos traballos de construción e posible balizamento perimetral.

Para este elemento non consideramos necesaria ningunha outra actuación específica posto que o seu interese cultural está devaluado por mor da reconstrución con cemento e formigón.

A este respecto unha posible liña de actuación sería o intento de recuperar unha estética máis tradicional a través de traballos específicos sobre a construción (revestido de pedra, recuperación da súa canle, retellado do teito, etc.)

- MUÍÑO DA PENA -

Coordenadas de referencia (UTM):

X: 545535

Y: 4760630

Descrición:

Trátase duns muíño hidráulico que conserva a súa estrutura tradicional aínda que en estado ruinoso. Algunhas das pezas da maquinaria interior atópanse espallados diante da porta a escasos metros do muíño.



- ANÁLISE DO IMPACTO.

- Referencia e distancia á infraestrutura:

Está situado no límite da zona verde prevista para este sector de actuación que vai delimitado polo Rego da Pena. O muíño sitúase ó norte do Rego, na súa marxe dereita, e a uns 25-30 metros do cauce.

Calificación:

Compatible.

Causas e descrición:

Descoñecemos exactamente por onde vai o límite da actuación para este sector da instalación polo que non podemos precisar se xusto a área do muíño vai ser obxecto ou non de obras. En calquera caso, ó tratarse dunha zona de beira de curso fluvial resérvase para zona verde da infraestrutura polo que resulta compatible a adecuación desta área coa presenza do muíño. É mais, a adecuación da zona debería favorecer e resalta a presenza deste elemento ó eliminarlle a vexetación que o oculta e dificulta a súa visualización.

- LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS.

As liñas básicas de actuación serían as que xa se propoñen con carácter xeral, e dicir, control e seguimento de obra, representación do muíño na cartografía manexada nos traballos de construción e posible balizamento perimetral.

Para este elemento consideramos de interese o intento de restauración e recuperación de xeito que recupere todo o seu interese como elemento etnográfico e integralo dentro da área verde da instalación a xeito de ben visitable.

A este respecto as posibles actuacións específicas serían a recuperación da súa canle, a limpeza da vexetación que o cubre, a reconstrución do teito e da maquinaria interior, etc.)

- CANTEIRA -

Coordenadas de referencia (UTM):

X: 545560

Y: 4760310

Descrición:

Trátase dunha canteira abandonada da que descoñecemos a antigüidade e de escaso interese cultural segundo o noso criterio. Hoxe en día só se aprecia o furado resultado da extracción de xisto e vense unha parte dos cortes e depósitos de rebos pero non aparece ningún outro resto de interese cultural.



- ANÁLISE DO IMPACTO.

- Referencia e distancia á infraestrutura:

Está situado no límite da zona prevista para este sector de actuación que nesta parte vai delimitado pola parcela onde se atopa a mesma canteira.

Calificación:

Compatible.

Causas e descrición:

A carencia de elementos singulares desta explotación xunto coa súa situación fóra dos límites de construción da infraestrutura entendemos que son factores que minimizan a valoración do impacto sobre dela.

- LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS.

As liñas básicas de actuación serían as que xa se propoñen con carácter xeral, e dicir, control e seguimento de obra, representación da canteira na cartografía manexada nos traballos de construción e posible balizamento perimetral.

Dadas as características do elemento, moi semellantes a outras canteiras do mesmo tipo, canteiras tradicionais pero que foron explotadas recentemente con medios mecánicos e perderon boa parte do seu interese cultural, e posto que non ten restos singulares que a revaloricen mesmo consideramos que non é preciso establecer medidas específicas para ela. Non é decisión nosa pero entendemos que non hai criterios que avalen a necesidade da súa preservación. Neste senso, coidamos que mesmo sería posible a súa afección directa sempre e cando se realice previamente un desbroce que permita documentala axeitadamente. Pensamos que unha vez fotografada, debuxada e feito un levantamento topográfico dela non ofrece maior interese a súa conservación a xulgar polo que se observa actualmente sobre o terreo.

6. FOTOGRAFÍAS.

Presentamos unha serie de imaxes que axudan a constextualizar o desenvolvemento do traballo de campo realizado e os resultados acadados.



Revisamos tódo-los desterrres atopados dentro da área ocupada pola infraestrutura sen atopar en ningún deles restos de interese.



A meirande parte da área de estudio caracterízase pola súa doada inspección ó tratarse de terreos de cultivo e pasteiros moi doados de observar.



Algunhas da zonas ocupadas pola instalación están a ser taladas polos propietarios polo que as condicións de traballo tamén se viron favorecidas.



Con carácter moi residual consérvase algún anaco de valados e camiños anteriores á concentración parcelaria que entendemos que xa non merecen unha valoración dende unha perspectiva do patrimonio cultural dado o seu grado de destrución e escasa lonxitude conservada.




Outros elementos coma as aldeas limítrofes ou os castros (no fondo da imaxe sitúase o Castro de Vilacide) atópanse protexidos pola súa mesma configuración arquitectónica no caso dos núcleos rurais ou suficientemente lonxe da área de emprazamento da infraestrutura no caso dos xacementos.


7. CARTOGRAFÍA.

Os planos que presentamos son dous:

- Plano de situación xeográfica a escala autonómica e comarcal.
- Plano de detalle da área obxectivo do plan especial coa situación dos elementos rexistrados.



E.: 1:10.000




© M.T.N. E. 1: 25,000
FOLLA 95-1

E.: 1:25.000

 <p>DIRECCIÓN (PROXECTO): CONSERVACIÓN CULTURAL ARQUEOLÓXICA</p>	 <p>X.C.H. Fco. X. CHAO A.</p>	 <p>PROMOTOR: MONTEVIVA ARQUITECTURA S.L.</p>	<p>PROXECTO: Prospección arqueolóxica intensiva da área afectada polo Polígono Empresarial S. Martiño 2 (Oroso, A Coruña).</p>
			<p>PLANO: Localización xeográfica da área de traballo.</p>
<p>ESCALA: Varios</p>		<p>DATA: Xuño 2007</p>	<p>DOCUMENTO: MTec.</p>

Nº: 1



 <p>DIRECCIÓN (PROXECTO): CONSERVACION RESTAURACION ARQUEOLOXIA</p> <p>ELABORACIÓN (PLANO): X.C.H. Fco. X. CHAO A.</p>	 <p>PROMOTOR: MONTELIVA ARQUITECTURA S.L.</p>	<p>PROXECTO: Prospección arqueolóxica intensiva da área afectada polo Polígono Empresarial S. Martiño 2 (Oroso, A Coruña).</p>
	<p>ESCALA: 1:10.000</p> <p>DATA: Xuño 2007</p> <p>DOCUMENTO: M.Tec.</p>	<p>PLANO: Cartografía de detalle e imaxe aérea da área afectada polo polígono cos elementos culturais documentados. Nº: 2</p>

8. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Presentamos os documentos seguintes:

- Comunicado referido á ausencia de rexistros de materiais arqueolóxicos.

Prospección arqueolóxica da área afectada polo Polígono Empresarial San Martiño 2 (Oroso, A Coruña).

MEMORIA TÉCNICA.



X.CH.

C. elect.: fjchao2000@yahoo.es

FCO. JAVIER CHAO ÁLVAREZ

Arqueólogo

R/ Brasil 37 baixo.

36204 Vigo (Pontevedra).

Tf.: 650 497 239



ASUNTO: Comunicado de ausencia de materiais.

DATA: 21 de xuño de 2007.

ASINANTE:

Fco. Javier Chao Álvarez

Pola presente;

PROXECTO:

Prospección arqueolóxica da área afectada polo Polígono Empresarial S. Martiño II (Oroso, A Coruña).

COMUNICO que non foi rexistrado ningún material arqueolóxico durante os traballos de prospección realizados e daquela non existe acta de entrega no Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.

Asdo.: F. Javier CHAO ÁLVAREZ
Arqueólogo responsable do proxecto.

SR. DIRECTOR XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

ANEXO 4

PLAN DE SEGUIMIENTO AMBIENTAL

1.- **INTRODUCCIÓN**

Redáctase o presente Plan de Seguimento Ambiental coa finalidade de comproba-lo grao de cumprimento dos obxectivos de sostibilidade do polígono industrial a partir da súa posta en funcionamento.

A tal fin formúlase un sistema de indicadores mediante a toma de datos ou medicións que deben realizarse periodicamente o que permitirá coñecer a evolución do concepto avaliado e así adoptar as medidas correctoras de tendencias non desexadas.

2.- **LISTADO DE INDICADORES**

- **CICLO HÍDRICO**

Nº 1 Consumo de auga por empresa ou industria:

Medición do consumo de auga en cada abonado. Obterase dos datos que archive a compañía concesionaria. A unidade de medida será litro/día.

O obxectivo é a redución do consumo de auga na rede de abastecemento pública.

Nº 2 Consumo de auga en instalacións e dotacións municipais:

Mediante o consumo de auga nos equipamentos públicos municipais, segundo datos da compañía concesionaria. Medirase o consumo na rede de rega de rúas e zonas verdes mediante lectura de contadores independentes. A unidade de medida será l/día.

O obxectivo é a redución do consumo de auga na rede de abastecemento público e a reutilización das augas de chuvia para a rega e limpeza de rúas.

Nº 3 Caudal de auga depurada en EDAR:

Regístrase o volume de auga depurada na EDAR do polígono. A unidade de medida será m³/día, realizándose ademais o cómputo anual. Os datos os facilitará a compañía concesionaria da xestión da EDAR.

O obxectivo é conseguir valores mínimos pois o valor da auga depurada é un indicador do consumo.

Nº 4 Calidade do efluente da EDAR:

Realizaranse análises da auga vertida depurada en razón de un cada catro meses. Comprobaranse os valores de referencia establecidos no Plan parcial de calidade do efluente.

O obxectivo é non sobrepasa-los límites de referencia.

Nº 5 Calidade da auga de cada empresa antes do vertido á rede pública:

Mesmo que no indicador Nº 4, realizaranse análises da auga recollida na arqueta de acometida á rede.

Nº 6 Calidade da auga en emisarios de pluviais:

Realizaranse análises da auga da rede de evacuación de pluviais ao obxecto de comproba-la efectividade dos separadores de graxas.

O obxectivo é non sobrepassa-los valores de referencia que no seu momento determine o organismo de conca.

- ENERXÍA**Nº 7 Consumo de enerxía eléctrica por abonado:**

Medirase o consumo anual de cada abonado, enclave industrial ou dotación pública, en Kw h.

O obxectivo é a diminución ou estabilización do consumo e a utilización de fontes de enerxía renovables.

Nº 8 Consumo de enerxía eléctrica en alumado público:

Medirase o consumo anual na rede de alumado público, en Kw h.

O obxectivo é comproba-la eficiencia dos mecanismos de relaxería así como procura-la diminución do gasto. Avaliarase a posibilidade de cambio de lámpadas en caso de dispoñibilidade no mercado de novas tecnoloxías.

- EMISIÓN DE GASES Á ATMOSFERA**Nº 9 Rexistro das emisións á atmosfera de cada industria:**

Cada industria facilitará os datos de medición segundo os parámetros normalizados derivados da lexislación sectorial.

Nº 10 Medición da calidade do aire:

Medirase a calidade do aire cada catro meses en dous puntos da zona industrial; un deles no núcleo da Pena e outro no interior do polígono. Utilizaranse medidores e parámetros normalizados. A medición realizarase en día laboral.

- EMISIÓN DE RUÍDO**Nº 11 Medición de ruído:**

Procederese de forma similar ao indicador Nº 10. Os datos obtidos contrastaranse cos limiares de referencia da lexislación sectorial.

- RESIDUOS**Nº 12 Recollida de residuos sólidos urbanos:**

Solicitarase á empresa concesionaria un informe anual no cal se rexistre o volume total de residuos, Tn/ano, específico para cada tipo: orgánico, inorgánico, papel, vidro, etc.

Nº 13 Xestión dos residuos industriais ou perigosos:

Informe da empresa concesionaria da xestión dos residuos do polígono no cal quede reflectido o volume e tipoloxía dos residuos recibidos.

En virtude do volume total de residuos xestionados, rexistraranse as porcentaxes de clasificación-separación, valorización, reciclaxe e traslado a outro punto de tratamento exterior.

O obxectivo é reduci-la produción de residuos e realiza-lo maior número de operacións en orixe.

- TRANSPORTE E MOBILIDADE**Nº 14 Implantación de transporte público:**

Trátase de verifica-la implantación de novos servizos, en concreto, de novas liñas de autobús. Indicarase o número de concesionarios, itinerarios, frecuencias e horarios.

O obxectivo é amplia-la oferta de servizo público e medida do aumento de empresas e traballadores do polígono.

Nº 15 Medio de transporte utilizado polos traballadores:

Mediante enquisa aos traballadores rexistraranse o número que utiliza autobús, vehículo particular ou acude andando o en bicicleta ao posto de traballo. Expresarase en porcentaxes.

O obxectivo é reduci-la porcentaxe de traballadores que utiliza o vehículo privado.

Nº 16 Intensidade de tráfico no núcleo da Pena:

Medirase a intensidade media diaria (IMD) de vehículos pesados en SXV-9, no tramo que abrangue o núcleo rural da Pena.

O obxectivo é reduci-la intensidade de tráfico pesado neste tramo.

Nº 17 Seguridade vial:

Rexistraranse o número de sinistros por accidentes de tráfico, incluíndo atropelo a peóns, no polígono e as infraestruturas exteriores de conexión.

- SOCIAIS E ECONÓMICOS**Nº 18 Economía global do polígono:**

Consiste en realizar un seguimento sobre a economía do conxunto de empresas do polígono.

Para isto elaboraranse o volume total de facturación.

Nº 19 Postos de traballo e lugar de residencia:

Por unha banda rexistrárase o número ou cantidade de traballadores directos no polígono, diferenciando aqueles que residen no concello. Exprésarase a porcentaxe de traballadores residentes.

Considérase un obxectivo o aumento de traballadores que residen en Oroso.

Nº 20 Saúde no traballo:

Rexistrárase o número de sinistros en accidentes de traballo. É un obxectivo da sustentabilidade a diminución de accidentes.

Nº 21 Dinámica demográfica nos asentamentos do entorno:

Realízase un seguimento anual do censo de poboación nos núcleos próximos ao polígono: Oroso – A Pena e Vilacide.

Considérase un obxectivo o refortalecemento da estrutura social destes núcleos.

A perda de poboación sería un indicador relacionado coa baixa calidade de vida ou prexuízos que ocasiona o polígono.

3.- ESTRATEGIA DE XESTIÓN

A xestión medio ambiental do polígono empezará a desenvolverse unha vez terminadas as obras de urbanización e recibidas estas polo Concello de Oroso.

Dita xestión será asumida pola Entidade de Conservación do Polígono e comprenderá o conxunto de operacións de control, medición e toma de datos determinados no presente Plan de Seguimento así como a realización de informes de seguimento e rectificación.

Tanto o Concello de Oroso como aquelas entidades públicas ou privadas implicadas en procesos que teñan relación coa sostibilidade do polígono prestarán apoio e subministrarán a información necesaria á Entidade de Conservación para a realización do seguimento ambiental.

Cada dous anos, contados a partir da recepción das obras de urbanización, presentarase ante o Concello de Oroso e a Consellería de Medio Ambiente un informe no cal queden expresados los resultados dos indicadores.

A partir do segundo informe exprésarase ademais a evolución ou tendencia de ditos resultados e farase unha reflexión sobre a adecuación de cada indicador. Neste sentido, os informes bianuais constitúen unha ferramenta que permitirá mellora-las formas de medición e reformular indicadores co obxectivo final de detectar tendencias negativas. Os informes establecerán un apartado de conclusións no cal farase unha relación de propostas encamiñadas á corrección de tendencias non desexadas e, en definitiva, a avanzar no camiño da sustentabilidade.